

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 10 [2007] • ISSN 1139-921X










# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 10 (2007)

2007

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

## Director

Juan Andrés Fernández Castro

## Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

## Comité de Redacción

Olimpio Arca Caldas | Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García |  
María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

## Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro  
Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro |  
Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez Seixas | Víctor F.  
Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao  
| Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2007

## Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

[museoestrada@aestrada.com](mailto:museoestrada@aestrada.com)

[www.museo.aestrada.com](http://www.museo.aestrada.com)

## Deseño de cuberta

Xosé L. Vázquez

## Fotografía

Primos e irmáns nun día de festa en Arnois (1953)

*Museo do Pobo Estradense*

*«Manuel Reimóndez Portela»,*

*fondo fotográfico «Celestino Fuentes»*

## Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas

## Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

## 1998-2008. Dez anos de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*

Diciamos aquel lonxano 23 de setembro de 1998, día da presentación do primeiro número de *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, que a revista nacía indisolublemente vencellada ao Museo estradense e formaba parte dun proxecto con decidida vocación de futuro. E velaquí que, dez anos máis tarde, tras superar non poucas dificultades, estamos en condicións de constatar a vixencia dos obxectivos fundacionais que aínda hoxe inspiran o noso traballo.

Establecíamos que a finalidade primordial da publicación sería indagar no coñecemento do ser humano integrado no tempo que lle tocou vivir e a narración da súa experiencia individual e colectiva cunha linguaxe sinxela e asequible. O ámbito territorial dos nosos traballos, como corresponde a unha revista de historia local, centraríase na comarca que hoxe coñecemos como Terras de Tabeirós, aplicando, na medida do posible, os métodos da microhistoria e contribuíndo deste modo, dende as achegas de carácter local, á construción do gran mosaico da historia xeral de Galicia. Pretendemos facer unha historia dende abaixo, partindo non só dos baldeiros e zonas escuras da historia local senón tamén das dúbidas, esixencias, prioridades e preguntas que se formulan os cidadáns, fuxindo da pedantería coma do lume, sendo sempre fieis á verdade e tentando honradamente non caer nas múltiples trampas que a cotío nos tende o discurso histórico. Consideramos principios irrenunciábles a independencia e a liberdade. Pretendemos coñecer a vida cotiá dos nosos devanceiros, o seu modo de resolver os problemas, os seus costumes, vida familiar e mentalidade. E interésanos, en fin, a historia da xente do común, a daqueles que non pertencían ao reducido círculo dos privilexiados e xamais comeron con culler de prata.

Conforme estes principios nestes dez anos viron a luz na revista ata 120 traballos monográficos elaborados por persoas da máis diversa condición. A carón de autores de prestixio e experiencia, incluíronse tamén traballos de historiadores principiantes que encontraron na *Miscelánea* o lugar idóneo para dar a coñecer as súas primeiras producións.

E máis nada polo de agora. Ogallá poidamos celebrar xuntos a publicación do vixésimo volume desta nosa revista que cada ano, puntualmente, entre Nadal e Aninovo, se presenta aos lectores estradenses. Na lembranza dos autores que xa non están entre nós (Manuel Reimóndez, Mario Blanco e Pablo Bandín), facemos expresión do noso agradecemento a todas aquelas persoas e institucións que fan posible esta fermosa realidade.

A Estrada, decembro de 2007

O Comité de Redacción

# Índice

- 9 | Sobre a Torre da Insua de Cora  
*Henrique Neira Pereira*
- 25 | Estradenses en la Guerra de la Independencia.  
Don Felipe Constenla y Garrido (1808-1810)  
*José Manuel Pena García*
- 67 | Al mando y en buenas asistencias: vejez y grupo  
doméstico en la Tierra de Tabeirós a mediados  
del siglo XVIII  
*Camilo Fernández Cortizo*
- 87 | Unha compartida teima galeguista ata o final:  
Díaz Baliño, Casal e Cabada Vázquez  
*Manuel Cabada Castro*
- 111 | San Martiño de Riobó: xentes e paisaxes.  
Dos papeis de Xosé Figueiras Baltar  
*Juan Fernández Casal*
- 147 | Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo,  
Liripio, Codeseda e Souto  
*Fernando Cabeza Quiles*
- 157 | Justo Martínez Martínez (1842-1930).  
Resumen biográfico  
*Carlos Viscasillas Vázquez*
- 163 | «Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia»:  
represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil  
española y la década de 1940  
*Ruy Farías*

- 187 | Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)  
*Damián Porto Rico*
- 285 | Radio Estrada: festival estradense de interpretación. Unha lembranza  
*Secundino e Manuel Pereira Valcárcel*
- 289 | «Lela»: a sombra dun amor ingrato. En desagravio de Rosendo Mato Hermida  
*María Dolores Mato Gómez*
- 315 | A Estrada, pobo de acollida. Na lembranza das meniñas austríacas refuxiadas no 1948  
*Noni Araújo*
- 317 | O fondo fotográfico «Celestino Fuentes» do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 343 | Os oficios na terra da Estrada. Un panorama no século XVIII  
*César Gómez Buxán*
- 379 | La solariega Casa da Silva  
*Francisco Rubia Alejos*
- 421 | Necrolóxica. Andrés Tarrío Barreiro (1970-2007)  
*Miguel Seoane García*
- 425 | Suso Muras (1958-2007). Pintor  
*José Manuel Nogueira*



## Sobre a Torre da Insua de Cora

Henrique Neira Pereira

*In memoriam* Andrés Tarrío Barreiro

### 1. Viaxes polo Val do Ulla

En decembro do 1997 comecei a publicar en Internet unha pequena web con información sobre as terras da Ulla, nun momento no que existían poucas páxinas na rede sobre Galicia. A cousa foi medrando paseniño con textos e imaxes non só meus, senón de varios amigos e amigas que desinteresadamente achegaron o seu esforzo para crea-lo que hoxe é o portal *www.valdoulla.com*, unha modesta achega no universo virtual sobre o Val do Ulla. Entre eses colaboradores estaba Andrés Tarrío Barreiro, con quen traballaba daquela –el como lingüista, eu como xornalista– na redacción do diario *O Correo Galego*, cabeceira á que sucedeu a actual *Galicia Hoxe*.

Meses despois da creación da web, pensamos en verter nun libro en formato papel gran parte dos contidos que puxeramos na rede, dado que naquel momento o acceso a Internet non estaba tan estendido coma hoxe. Pero como queriamos facelo ben, consultamos unha chea de volumes sobre a historia destas terras e percorremos moitos dos seus lugares, obtendo información e fotografías para enriquece-lo volume.

Case dez anos despois, no 2006, rematamos por fin a guía *O Val do Ulla. Unha comarca natural*, que publicou a Asociación Raiceiros

([www.raiceiros.org](http://www.raiceiros.org)) de San Miguel de Sarandón (Vedra) e da que somos autores Henrique e Xerardo Neira Pereira, Andrés Tarrío Barreiro, Darío Janeiro Pereira, Gerardo Albela González e José Manuel Vilas Álvarez.

Nunha destas viaxes, o 6 de xuño do 2001, levoume Andrés de visita á súa parroquia natal, a estradense San Miguel de Cora. Falamos había tempo da Torre da Insua de Veá, da que atopamos datos nas nosas lecturas sobre a historia do Val do Ulla, e Andrés identificou inmediatamente o que os documentos chamaban insua de Veá coa que el chamaba insua de Cora, situada preto da súa casa.

Alá fomos e efectivamente atopámo-la insua, que o dicionario da Real Academia Galega do 1997 define como ‘pequena illa no curso dun río’. Neste caso o río é o Ulla, que naquela parte serve de fronteira entre o concello pontevedrés da Estrada e o coruñés de Teo –parroquia de Santa María de Teo, lugar de Mallos–. E a insua non era naquel momento tal insua, senón máis ben unha península porque puidemos pasar a ela con bastante facilidade: está separada da beira por unha estreita canle que daquela –faltando pouco para o verán– atopamos chea en boa parte de terra. Probablemente en inverno a auga cubra por completo a canle e entónces si que se podería falar con propiedade de insua.

En canto á situación exacta na cartografía, penso que a insua de Cora é a que aparece representada na folla 120-II do Mapa Topográfico Nacional elaborado polo Instituto Xeográfico Nacional, ó sur do lugar de Mallos (Santa María de Teo) e á beira da chamada Carballeira do Vao na parroquia estradense de San Miguel de Cora. Se nos fiamos da exactitude do mapa –cando fomos non levabamos instrumentos para medila–, a insua ten uns 200 metros de longo e ó redor de 50 na súa parte máis ancha, o que se pode corresponder co que atopamos na visita. No mapa coa microtoponimia que achega Manuel Reimóndez Portela en *A Estrada rural* hai nesa zona varios nomes que así o confirman: Torre de Cora, Toxeira da Insua, Agro da Insua e Vao. O de Vao quero salientalo porque vao é unha zona pouco

profunda dun río polo que se pode cruzar este a pé. Xustamente dende a insua cara á banda coruñesa do Ulla hai unha zona onde o río parece cruzado por unha especie de muro de pedra, que fai como unha pequena presa. Probablemente durante as épocas nas que o río levase pouca auga sería posible cruzar por alí dunha ribeira para a outra, polo que os peóns da torre poderían cruzalo con rapidez.

Durante a preparación da guía comprobamos que existían en varios libros interesantes datos sobre a torre e falamos Andrés e máis eu da posibilidade de facermos conxuntamente un traballo monográfico sobre ela. Pero como continuamente andabamos mergullados en novos proxectos quedou o estudo sen facer. Por iso quero dedicar á súa lembranza estas breves liñas, só unha pequena introdución á historia da Torre da Insua de Cora.

## 2. A Insua e a Torre

Polo menos catro autores coinciden con Andrés en identifica-la Torre da Insua de Cora coa que en diferentes documentos e libros se denomina Casa Forte da Ínsoa, Fortaleza da Insua de Cora, Castelo da Ínsoa, Castelo da Insua, Torre da Insua de Veá, Torre de Touceda –este último nome en referencia á familia que acadou a propiedade da insua no século XIX– e ata Torre dos Mouros, converténdose en lenda o que fora historia.

Antonio López Ferreiro, Pedro Varela Castro, Manuel Reimóndez Portela e máis recentemente Héitor Picallo sitúan no río Ulla, próxima á ribeira do río pertencente á parroquia de San Miguel de Cora, a insua na que en tempos se ergueu a torre, fronte a outros historia-dores que propoñen emprazamentos alternativos como Luou ou Teo<sup>1</sup>.

Non coñecemos cal foi a orixe da Torre da Insua de Cora nin tampouco como era, pero Héitor Picallo suxire respecto da orixe que

---

1 Véxanse de que outros lugares se ten falado en: Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (I). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 10 de xuño do 2007, páx. 17.



Por esta parte do río parece factible que antano se puidese cruzar dunha banda para a outra. Foto: Henrique Neira.

do lugar do que estamos a falar xorde o apelido Insua que xa empregaba en 1311 o cabaleiro Fernán Rodríguez da Insua<sup>2</sup>.

Si sabemos que nos primeiros documentos nos que aparece, na Idade Media, figura vencellada ó Arcebispado de Santiago. Os sucesivos arcebispos nomeaban os casteleiros da torre, que directamente eles mesmos ou indirectamente a través dun terceiro se deberían dedicar, xunto cos homes baixo o seu mando, a garanti-la seguridade da zona de influencia da torre e en especial dos camiños e pontes máis próximos a ela, facilitando a circulación de persoas e bens cara a Santiago e dende alí cara a outros lugares e protexéndoos de eventuais bandidos.

Durante anos foi así, e sabemos que a finais do século XIV e principios do XV tiña a ‘concesión’ do señorío da Torre a familia Núñez de Isorna. Así, cara ó ano 1400 era señor da torre o escudeiro Xoán Núñez de Isorna, quen en 1402 é sucedido polo seu fillo Álvaro Núñez de Isorna, quen chegou a ser bispo de Mondoñedo (1400-1415), bispo de León (1415-1418), de Cuenca (1418-1445) e arcebispo de Santiago (1445-1449).

Apunta Héitor Picallo que probablemente este Xoán Núñez de Isorna (fillo doutro Xoán Núñez de Isorna e de María Fernández de

2 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (I). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 10 de xuño do 2007, páx. 17.

Bendaña) chegou á posesión da fortaleza no nome do arcebispado compostelán polo seu matrimonio con Constanza Vázquez de Vaamonde e da Insua<sup>3</sup>, tía do bispo de Mondoñedo Pedro Arias de Vaamonde. Isto reafirmaría o vínculo desta familia Insua coa Insua de Cora. Ademais, o propio López Ferreiro sinala que Álvaro Núñez de Isorna tivera un irmán falecido en 1399 que se chamaba Pedro Vázquez de Insoa.

O día 10 de xullo do ano 1400 entrega o seu testamento Xoán Núñez de Isorna, pai de Álvaro, xa viúvo de Constanza e casado en segundas nupcias cunha María que podería ser María Vázquez de Ocampo<sup>4</sup>. Publicou Antonio López Ferreiro unha transcrición do testamento –en galego medieval– na revista ‘Galicia Histórica’, e nel atopamos unha referencia clara á torre<sup>5</sup>: “mando as minas casas fortes da Ynsoa et de Rodeiro a meu fillo don Alvaro Nunes obispo de Mondoñedo et mando a qualquer castelleiro ou castelleiros que por min toveren as ditas casas a tempo de meu finamento que llas den et entreguen ao dito don Alvaro Nunes meu fillo segundo o pleito et omenajee que a min teenen feito; et dandolas et entregandolas, et el apoderado en ellas eno alto e no baixo, mando que seua menajee delles ou de cada huun delles sera quita; et o que asi non quiser fazer et conplir dou poder ao dito meu fillo obispo que os posa por ello demandar asi como eu mesmo os poderia demandar et segundo a menajee que me sobre ello tenen feita, et que posan caer eno caso que a min poderian caer non nas entregando”. Máis adiante no mesmo documento figura outra referencia: “mando mays a mina moller dona Maria a mina parte de toda a herdade casas et chantados que eu et ella conpramos a Sancha Vaasques Saraça moller de

- 3 Véxase: Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (II). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 17 de xuño do 2007. Pola súa parte, López Ferreiro fala dela como Constanza Vázquez de Insoa. Véxase: López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII, páx. 169.
- 4 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (II). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 17 de xuño do 2007.
- 5 López Ferreiro, Antonio. ‘Testamento de Xoán Núñez de Isorna’. En: *Galicia Histórica*. Santiago, 1903. Tomo II, páx. 606 a 615.

Roy Garcia de Padron em terra de Vea por razon do perfeito que lle perteesce da casa da Ynsoa”.

O día 21 de abril de 1402, Álvaro Núñez de Isorna ofrécelle preito homenaxe por esa fortaleza ó arcebispo de Santiago Lope de Mendoza, a través de Ares Vázquez de Vaamonde (primo segundo seu), quen leva consigo un poder outorgado o 16 de abril dese mesmo ano en Isorna<sup>6</sup>. Vázquez fai ante o arcebispo “hua duas et tres uezes pleito et omenaje et juramento acostumbrado en maos de Bernal Yanes do Campo que presente está por la casa forte da Insoa que he do dito señor obispo a o moyto alto et muy noble señor don Lopo de Mendoza” e recoñece que debe facer por el todo aquilo “que vasalo debe fazer por señor”. Queda ben claro, pois, que a propiedade da casa forte era do arcebispado compostelán.

Apunta Héitor Picallo que pouco despois será Gonzalo Rodríguez de Reino, familiar de Álvaro Núñez de Isorna e señor do pazo do Outeiro de Maíndo, na parroquia estradense de Santa María de Couso, o que exercería como tenente e casteleiro da Insua<sup>7</sup>.

No ano 1403, o arcebispo Lope de Mendoza pretende visita-la torre e reunirse co dito Gonzalo e con outros homes que nela estaban, algúns deles escudeiros. Pero estes consideraron que non tiña dereito a visitala, o que supuxo o inicio dun conflito, esixíndolles este, a través de dous enviados, que depuxesen as armas e lle entregasen as persoas presas na torre ó pertegueiro de Santiago Xoán de Mendoza. López Ferreiro transcribe o requirimento<sup>8</sup>, datado o 10 de agosto do 1403, no que os enviados do arcebispo lle lembran a Gonzalo Rodríguez de Reino que ten o castelo da “Insula” polo bispo de Mondoñedo e que anteriormente fixera preito e homenaxe no

6 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII. Apéndices, páxs. 12 a 17.

7 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Vea» (II). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 17 de xuño do 2007.

8 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII. Apéndices, páxs. 9 a 17.



No inverno 2000-2001 a enchente do río deixou a súa pegada arrastrando árbores e deixando restos do seu paso nas pólas. Foto: Henrique Neira.

nome do bispo Ares Vázquez de Vaamonde, escudeiro. Por iso, reclámanlle, que como está obrigado, acolla no castelo o seu señor, o arcebispo compostelán, ó que Rodríguez pide un prazo para contestar. Por certo que unha das testemuñas que presenciaron os feitos leva por nome Gonçalo Eans de la Insola, di o documento.

O día 13 de agosto achegouse o propio arcebispo á casa forte da Insua desde a banda coruñesa do río, en concreto achégase ata uns campos no lugar de Mallos –como dixemos en Teo, ó norte da Insua– que é preto do castelo da “ynsola”, e constata que Gonzalo Rodríguez segue sen entrega-la casa forte, e máis aínda, ataca as xentes do arcebispo “con tronos et con bonbardos et con uiratones”, polo que sabemos que na torre contaban con artillería ademais de lanzas. O arcebispo acúsao polo tanto de traizón e rebelión e decide proceder xudicialmente contra el e por extensión contra o bispo de Mondoñedo Álvaro Núñez de Isorna.

Non sabemos como rematou o litixio, pero si que en 1410 Arias Vázquez de Vaamonde, sobriño de Álvaro Núñez de Isorna, no nome de seu tío realiza novo preito homenaxe pola fortaleza da Insua ante o arcebispo de Santiago Lope de Mendoza, así que supoñemos que as cousas se arranxaron dalgún xeito.

Álvaro Núñez de Isorna ditou testamento<sup>9</sup> o 10 de setembro de 1448 e nel manda que se lle entregase ó Cabido da Igrexa de Santiago o lugar de Vilar que “he desta parte o Castelo da Insoa, con os paazos Viñas herdades Casares, con todas as outras cousas a nos perteescentes enno dicto Lugar de Vilar et enno Lugar de Germeade”.

Outra manda dese testamento refírese á fortaleza: “Outrosi mandamos á nosa Casa forte da Insoa con suas fortalezas almacén et pertrechos que en ela estan a Juan Freire fillo de Pedro dandrade et Doña Leonor filla dafonso Vaasquez da Insoa nosso primo con todas et quaesquer herdades a nos perteescentes en qualquer maneira en Terra de Bea et Tabeiros, Barcala, Moraña et Rivadulla ou en outras quaesquer partes que non sejan mandadas en este nosso testamento a outras Personas, et fallescendo o dicto Juan Freyre sen fillo legitimo o filla o neto legitimo que aja a dicta Casa et todo o suso dicto Ares Vaasquez de Vaamonde neto de Ares Vaasques fillo de Martin Vaasques de Vaamonde nosso primo.

»Outrosi fallescendo o dicto Ares Vaasques sin fillo ou neto legitimo masculino mandamos que a dicta Casa veña et perteezca ao dicto Cabido da dicta Sancta Iglesia de Sanctiagio con todo o susodicto”.

Para que os seus herdeiros dispuxesen da fortaleza sen problemas, ordenou Álvaro Núñez de Isorna que “hua duas et tres veces quitamos todo pleito et omenaje que nos teña feito Ruy Suarez de Reyno por la nosa Casa forte da Insoa”. Este Roi Suárez de Reino era fillo do escudeiro Gonzalo Rodríguez de Reino, anos atrás casteleiro da Insua<sup>10</sup>.

Semella que neste momento Sueiro Gómez de Soutomaior e Mendoza obtén a torre, e pode que niso influíra que o seu primeiro matrimonio fora con Leonor Vázquez da Insua, viúva de Pedro de Andrade e nai de Xoán Freire de Andrade, o primeiro herdeiro desig-

9 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII. Apéndices, páxs. 88 a 106.

10 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (e IV). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 1 de xullo do 2007.

nado por Álvaro Núñez de Isorna. Di Vasco de Aponte que polo seu matrimonio con Leonor, Sueiro obtivo catrocentos vasalos<sup>11</sup>.

O seguinte arcebispo compostelán, Rodrigo de Luna, recibirá preito homenaxe pola torre do escudeiro Lopo Varela. Pero os problemas non remataron aí, pois en 1453 o rei Xoán II por petición do arcebispo emite unha provisión para que o escudeiro lla entregase a este.

O día 6 de setembro de 1454, Rodrigo de Luna reclámalles de novo ós seus casteleiros da Insua e das outras fortalezas do arcebispado que llas reintegren<sup>12</sup>.

Finalmente será Ares Vázquez de Vaamonde quen governe a da Insua entre os anos 1454 e 1456, e finalmente renunciou ante o arcebispo a todo dereito que tivese sobre ela, acordando aquel pagarlle de por vida 5.000 maravedís anuais<sup>13</sup>. Fora fiador do acordo o mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior, señor de Rianxo e fillo de Paio Gómez de Soutomaior.

Trala morte da súa esposa Leonor Vázquez da Insua, Sueiro Gómez casou cunha curmá do arcebispo Rodrigo de Luna, Xoana, que consegue do seu parente dereitos sobre territorios da Ulla: nun documento do 10 de setembro do 1456 cítanse varias parroquias, entre elas a de San Miguel de Cora e López Ferreiro<sup>14</sup> indica que a Torre da Insua lle foi doada ‘inter vivos’ a Xoana de Luna probablemente nese mesmo ano 1456.

Mais semella que algo cambiou en pouco tempo, porque no 1457 Rodrigo de Luna quere que a torre sexa derrubada, ó que accede a súa parente “con outorgamento e licencia de seu marido, en Padrón

11 Aponte, Vasco de. *Pedro Madruga y las principales Casas de Galicia*. Santiago, 1992, Editorial Compostela, páxs. 15 e 16.

12 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII, páx. 203.

13 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (e IV). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 1 de xullo do 2007

14 López Ferreiro, Antonio. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Imprenta y Encuadernación del Seminario Conciliar Central. Tomo VII, páx. 218.



A canle que separaba a insua da terra soamente tiña auga nalgunhas partes, polo que non resultaba difícil cruzala. Foto: Henrique Neira.

a 17 de xaneiro de 1457”, renunciando a todo dereito que puidese ter sobre a fortaleza.

A cousa non acabou aquí e todo indica que a fortaleza volveu ás mans do mariscal. Pero probablemente a persoa que este puxo á fronte da torre ‘esqueceu’ a súa función orixinal, e ben pola súa conta ou con autorización de Sueiro Gómez, parece que se dedicaba a rouba-la xente en vez de protexela. Segundo di Ruy de Aido<sup>15</sup>, de Santa Mariña de Luou (Teo), unha testemuña chamada a declarar no longo preito Tabera-Fonseca do que imos falar de seguida, “a xente das comarcas das ditas fortalezas da Rocha Forte [de Santiago] e a Fortaleza da Insua de Ve... queixábanse dicindo que das ditas fortalezas facían moitos males de roubos, prisións e rescates ós que por cabo delas pasaban e ós veciños da cidade de Santiago” –traducimos do castelán no que está redactado o preito–. Concreta máis e asegurara que mentres estivera alí Fernán Eáns (fillo do mariscal), había nos cárceres da fortaleza entre dez e doce persoas recluídas e ameazadas, e que nunha ocasión collera un home e que o espira, que lle atara unha corda por baixo dos brazos e que o botara ó río para que lle entregase

15 Rodríguez González, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Tomo II, páx. 450 .

toda a súa facenda. Di a testemuña que o preso tivo que vende-la súa facenda e entregarlle a Eáns dez mil marabedís para quedar libre.

Por iso, non é de estrañar que a Torre da Insua fose un dos obxectivos dos irmandiños, os membros da chamada Irmandade Fusquenlla que ó longo do ano 1467 se dedicaron a derrubar diversas fortalezas feudais en toda Galicia e que nas terras de Veia tiñan como alcalde a Bertolo da Freiría, segundo se di no preito Tabera-Fonseca<sup>16</sup>.

A torre de Cora resistiu varias semanas de duro asedio en 1467, pero finalmente caeu porque sabemos que foi derrubada por medio das declaracións no preito xa citado: un proceso xudicial iniciado en 1524 polo daquela arcebispo de Santiago, Juan Tabera, contra o seu antecesor no cargo, Alonso de Fonseca e Ulloa, naquel momento arcebispo de Toledo. A razón era que Tabera cría que Fonseca debía reparar unha serie de casas e fortalezas da Igrexa compostelá, moitas delas arruinadas durante ou tralo último levantamento irmandiño. Para coñecer-las causas de que estas se encontrasen en ruínas, chamouse a declarar a ducias de testemuñas, algunhas delas da comarca ullá. En 1526 realízase unha segunda serie de preguntas, e é cando declara Ruy de Aido, a quen xa citamos.

No mesmo preito, o labrador Alfonso de Piñeiro, de San Miguel de Cora (A Estrada) lembra como antes de que a fortaleza da Insua de Veia fose desfeita polos irmandiños os que habitaban nela secuestraran un veciño de San Fins de Sales para cobrar un rescate por el: “viu que da fortaleza de Insoa uns peóns dela prenderon a un Xoán Núñez, veciño de San Fins de Sales que é en terra de Ribadulla e o meteron nun río para espeitalo e que o espeitaran por dez mil marabedís e que os pagara dentro do terceiro día”<sup>17</sup>. Este verbo que usa, espeitar, probablemente é un equivalente a ‘cobrar’ ou ‘cobrar un rescate’.

16 Rodríguez González, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Tomo II, páx. 462.

17 Rodríguez González, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Tomo II, páx. 340 e 341 .

Esta mesma testemuña asegura que os irmandiños se xuntaban “contra os cabaleiros e as fortalezas e contra o arcebispo de Santiago e os viu ir contra a fortaleza da Insoa de Vea, que era de Sueiro Gómez de Soutomaior, e cercáрана e estiveran tres semanas ata que a tomaron e a derrocaron polo pé, e desde alí que foran combateda a fortaleza da Barreira, que era e é da Santa Igrexa de Santiago e a tomaron e derrocaron”<sup>18</sup>. Sobre o comportamento da xente da fortaleza da Insoa, sinala tamén que nunha ocasión “un negro do dito Sueiro Gómez” metera un home no río e ameazábao con que o ía afoegar, aínda que logo o liberaron tras pagar un rescate.

Alfonso Piñeiro achega moitos datos máis na súa declaración, como que “viu que Marcos Fandiño, que era meiriño da Insoa de Vea en nome de Sueiro Gómez de Soutomaior e do conde de Altamira, tomara a vila de Padrón que é da dita Santa Igrexa e a tivera case dous anos ou máis”.

Pola súa parte, Juan Prateiro, veciño de Santiago, declara<sup>19</sup> coma os anteriores que “viu que a dita irmandade derrocara a fortaleza da Insoa de Vea que era de Sueiro Gómez de Soutomaior”.

Así, a torre foi desfeita polos irmandiños, pero, segundo lembra Héitor Picallo, semella que foi reconstruída por Sueiro Gómez, quen o 14 de febreiro de 1470 lle fai preito homenaxe ó arcebispo Alonso III de Fonseca por mans do fidalgo Estevo de Xunqueiras. No seu testamento do ano 1485 o de Soutomaior deixáballe esta fortaleza e as de Rianxo e Lantaño á súa filla María de Mendoza, segundo lembra Picallo<sup>20</sup>: “Iten mando a la ditta miña filla Doña María de melloría sobre todas las otras miñas fillas herederas, seguu o derecho a ello me da e otorgo lugar a meloría en la tercia parte de todos los meos bees patrimoniales (...). Quiero que aja e herede ela e seus herederos para

18 Rodríguez González, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Tomo II, páx. 340 a 343

19 Rodríguez González, Ángel. *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los irmandiños*. A Coruña, 1984, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Tomo II, páx. 321.

20 Picallo Fuentes, Héitor. «A fortaleza de Veá» (e IV). En: Suplemento Lecer do *Galicia Hoxe*, 1 de xullo do 2007.

siempre quedando della fillo o filla heredera a tempo de su fallecimiento e no quedando della fillo o filla lexítimos herederos mando que os vees en que así mellora mando que se tornen aos otros meos fillos herederos e aquel que suceder a que de derecho overo de heredar o maiorazgo e a miña casa de Lantaño e Rianjo e Insoa”.

Vasco de Aponte, na súa descrición das principais casas nobres de Galicia redactada cara a 1530, indica os nomes dalgúns dos herdeiros e herdeiras desta María de Mendoza<sup>21</sup>.

A pista para sabe-lo que pasou desde aquela facilíttaa Pedro Varela, que indica que a propiedade da torre da Insua ata mediados do século XIX era dos marqueses de Montesacro<sup>22</sup>. Estes recibírona seguramente dos sucesivos herdeiros e herdeiras de Sueiro Gómez de Soutomaior, xa que a familia Zárata emparentou coa Soutomaior e polo que se ve, a torre nunca volveu ás mans da Igrexa compostelá.

Foi o primeiro marqués de Montesacro o cabaleiro da Rioxa alavesa Diego de Zárata y Murga, natural de Saliñas de Añana, quen obtivo o título de marqués o 14 de marzo de 1707. Este foi todo un personaxe: secretario real con Carlos II e con Felipe V durante a Guerra de Sucesión española, merecería un estudo á parte. Semella que residiu durante un tempo en Galicia, xa que o título de marqués de Montesacro fai referencia ó boqueixanés Pico Sacro e obtívoo converténdose en señor de vasalos –requisito imprescindible para ser nobre– por medio dos monxes do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, que lle cederon certos dereitos sobre a súa xurisdición de Montesacro.

No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago consérvase documentación referente ó marquesado de Montesacro na que se pode seguir a liña de sucesión ata o século XIX e probablemente empregando esta documentación –centos e centos de páxinas–

21 Aponte, Vasco de. *Pedro Madruga y las principales Casas de Galicia*. Santiago, 1992, Editorial Compostela, páx. 16.

22 Varela Castro, Pedro. *La Estrada*. Santiago, 1923, Tipografía de El Eco de Santiago, páx. 161.



Andrés Tarrío Barreiro, nunha das zonas de máis altura da Torre da Insua de Cora.  
Foto: Henrique Neira.

tamén se lle podería seguir a pista á Torre da Insua de Cora ou ó que foi quedando dela ó longo da historia.

No seu libro ‘La Estrada’ sinala Pedro Varela<sup>23</sup> que “a cantería labrada do forte pasou a servir de material de construción para algunhas casas de Cora”, e concreta: “por tal Torre pagábaselle renda ó marques de Monte Sacro, e un ano de fame, o de 1852, como os de Cora non puidesen satisfacela, anticipouna Francisco Touceda, constituíndose en dono do dominio útil”, cunha superficie que calcula en “tres ferrados”, constatando que coma hoxe, estaba “poboado de árbores”.

Hoxe en día, segundo puidemos saber, a propiedade da insua segue a ser da familia Touceda.

### 3. A lenda

Como sucede no caso doutros monumentos naturais e artificiais, ó redor da Torre da Insua de Cora tamén acabaron necendo lendas.

<sup>23</sup> Varela Castro, Pedro. *La Estrada*. Santiago, 1923, Tipografía de El Eco de Santiago, páx. 161.

Pedro Varela<sup>24</sup> e Manuel Reimóndez Portela<sup>25</sup> xa recollen como unha das súas denominacións a de Torre dos Mouros, da que di o primeiro en 1923 que aínda se conservan cimentos. Os mouros no imaxinario popular galego equivalen en moitos casos a pobos do pasado, a persoas que viviron hai tempo e das que hoxe non se sabe case nada. E precisamente por iso, ó redor do pouco que se conserva –sexa un castro ou como neste caso os restos dunha fortaleza– nace a lenda.

Andrés Tarrío contárame ademais a conexión da torre coa lenda dos buratos dos mouros do Pico Sacro. Como seguramente saben a maioría dos habitantes das terras da Ulla, os buratos dos mouros son dous e están na cima do Pico Sacro, no concello de Boqueixón. A lenda di que foron escavados polos mouros<sup>26</sup> e que estaban unidos baixo terra a outro burato existente no concello de Vedra, e situado á beira do río Ulla, nun lugar onde antigamente se ergueu o mosteiro de San Xoán da Cova.

Esta sería, por así dicilo, a lenda principal, apoiada na existencia real dos tres buratos, túneles ou covas –dous na cima do Pico e un á beira do río Ulla–. Derivada desta temos outras lendas que falan de que os buratos do Pico tamén chegan por túneles baixo da terra ata unha casa en Touro, ata a catedral de Santiago, ata o monte Pedroso, ou, como lembraba Andrés, á desaparecida Torre da Insua de Cora. Temos así unidos no terreo da lenda o mítico Pico Sacro, que como ben dixo Ramón Otero Pedrayo domina as terras da Ulla, e a Torre da Insua de Cora, que como sabemos deixou a súa pegada na historia das terras ullás.

24 Varela Castro, Pedro. *La Estrada*. Santiago, 1923, Tipografía de El Eco de Santiago, pág. 161.

25 Reimóndez Portela, Manuel. *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990, Deputación Provincial - Departamento de Publicacións, pág. 129.

26 Os espeleólogos do Clube Máxo aseguran que os buratos da cima do Pico son naturais e non escavados por man humana. Véxase que se basean en: Groba González, Xavier e Marcos Vaqueiro Rodríguez; coordinador de edición, José Manuel Abelleira Freiría. *A Cova do Pico en el interior de la compostelana montaña de cuarzo*. Boqueixón, 2004, Concello de Boqueixón.

Pedro Varela recolle tamén no seu libro a lenda<sup>27</sup>, apuntando que ó pé da insua ten o río unha profundidade enorme “e a fantasía popular di que se comunicaban subteraneamente os habitantes da Torre cos do Pico Sagro”.

Manuel Reimóndez Portela recolle<sup>28</sup> o xa sinalado por Varela e a maiores, no apartado das lendas indica que “alí mesmo o río é moi fondo da parte de Cora, pois di a lenda que: na Torre de Touceda vían o día de San Xoán antes de raia-lo sol unha esqueira de ouro. Onde a mesma insua encóntrase un pozo moi fondo no río, tanto que ninguén llo veu xamais”.

As lendas contribuíron sen dúbida a que se conservase a memoria da Torre da Insua de Cora e esperamos que este traballo sirva tamén para que esta memoria continúe estando viva.

---

27 Varela Castro, Pedro. *La Estrada*. Santiago, 1923, Tipografía de El Eco de Santiago. Páxina 161.

28 Reimóndez Portela, Manuel. *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990, Deputación Provincial - Departamento de Publicacións, páx. 129.



## Estradenses en la Guerra de la Independencia. Don Felipe Constenla y Garrido (1808-1810)

José Manuel Pena García\*

### **Don Felipe Constenla y Garrido, una aproximación al personaje**

La ajetreada vida de este personaje, tanto durante la Guerra de la Independencia como los avatares posteriores de su carrera militar, merecen un exhaustivo estudio en el que me encuentro inmerso en este momento.

Del expediente militar de Don Felipe Constenla y Garrido, custodiado en el Archivo Militar de Segovia, apenas se conserva un tercio del total de documentos ya que gran parte del expediente sufrió los

---

\* Agradecimientos:

A Juan Andrés Fernández Castro, por invitarme a realizar este trabajo y a la Fundación Cultural da Estrada y Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela" por publicarlo.

A Jesús María Martínez Martínez, Secretario Municipal de Espinosa de los Monteros y amante de la historia, que voluntaria y generosamente, me guió por el campo de batalla de Espinosa y me proporcionó una transcripción del diario manuscrito e inédito del Lcdo. Don Nicolás Barquín Arana, Abad de Pechón. Año de 1808.

A los responsables del Archivo Histórico Militar de Segovia, Coronel Vázquez Montón, Subteniente Puente y Sargento Primero Belando, por su amabilidad y disponibilidad para todas mis consultas y peticiones durante mi estancia en el Alcázar.

Y a mi padre Antonio Pena Constenla, que despertó siempre en mí el interés y amor por Galicia, sus gentes y sus historias.

daños del incendio ocurrido en el alcázar de Segovia en el año 1862. La documentación que se conserva corresponde casi en su totalidad a los años 1819-1823. Por algunas referencias que en estos documentos hace Felipe Constenla a hechos ocurridos anteriormente y por su hoja de servicios podemos reconstruir, en parte, las vicisitudes vividas durante la guerra y en los años inmediatamente posteriores.

Nació Felipe Constenla y Garrido el día 8 de junio del año de 1788, (desconozco, por el momento el lugar exacto de su nacimiento pero, por sus propias referencias y, por otras aportaciones documentales, debo de suponerlo en alguna de las parroquias entre las tierras de Veá y Tabeirós que hoy conforman el concello de A Estrada. Espero que, en el curso de mi investigación, pueda hallar datos más precisos sobre el lugar de nacimiento de Felipe Constenla). El día 1 de junio de 1808, 7 días antes de cumplir sus 20 años, el joven Felipe Constenla se alista voluntario en el Batallón Literario de Santiago. En esta unidad militar permanecerá hasta diciembre del mismo año. En esta fecha, es dispensado en la retirada de León y enviado a su tierra, en la que se une a la guerrilla, haciendo las funciones de instructor y comandando un “trozo” de paisanos con los que, en febrero de 1809, ataca a los franceses por dos veces, en el puente de Veá.

El 23 de abril del mismo año de 1809, se incorpora al regimiento de la Unión con el grado de subteniente ejerciendo el segundo mando de una de las compañías de este regimiento. Participa con esta unidad en las acciones de Santiago, 23 y 24 de mayo, y en la heroica y definitiva batalla de Ponte Sampaio, los días 7 y 8 de junio de 1809. Expulsados los franceses de Galicia, se incorpora al ejército de Aragón y, con el grado de subteniente, sirve en una compañía del regimiento de Cazadores de Valencia. Con este regimiento asiste a las acciones de Alventosa (Teruel), al sitio de Valencia en marzo de 1810 y a la de Alcañiz (Teruel) desde el 7 al 17 de mayo del mismo año. En esta última fecha fue hecho prisionero pero el día 1 de junio de 1810 logra fugarse de los franceses en Villabona de Tolosa (Guipúzcoa). En la acción de Uldecona (Valencia), en

noviembre de 1810, fue hecho prisionero por segunda vez y vuelve a fugarse en Zaragoza el día 1 de enero de 1811.

Se reincorpora a la milicia, esta vez con los Voluntarios de Rioja, y ocupa plaza de Teniente, por real despacho, en una compañía de Tiradores de Cantabria, el día 1 de febrero de 1811. En esta compañía asiste a las acciones de Cornago y Monte Yerga (La Rioja), en marzo de 1811. En mayo de ese año pasa con el mismo grado de Teniente al 2º Batallón de Álava, unidad del Ejército del Norte que mandaba el Teniente General Mendizábal. En este batallón ejerce de instructor de la academia de cadetes y manda una compañía del mismo al estar vacante, por incomparecencia, la capitanía. Con esta unidad militar, participó en las acciones de Bilbao (21 de junio), Orduña (Álava) el 4 de agosto, y otra vez en Bilbao los días 13, 14 y 24 de agosto. Este último día sostiene al mando de su compañía un duro combate con fuerzas enemigas de superior número, logrando hacerles retroceder y por estos hechos es propuesto para el grado de capitán por el mariscal de campo Don Mariano Renovales. Propuesta que, por diversas circunstancias, no será tenida en cuenta posteriormente por Fernando VII.

Sigue Felipe Constenla al mando efectivo de su compañía en el Batallón de Álava en las acciones de: Salinas de Añana, 15 de septiembre; Nanclares, 27 de septiembre (ambas en Álava), Durango (Vizcaya) el 29 y 30 de octubre y en Menagaray (Álava) el día 31 de diciembre, todas estas acciones en el año 1812. Durante todo este tiempo, el teniente Don Felipe Constenla y Garrido expresa, con cierto pesar, las dificultades que para un gallego como él, significa pasar la campaña lejos de su tierra, en otra región donde, *“los naturales son atendidos por sus familias y amigos”* y, –esto es lo que más lamenta–, *“son preferidos para los cargos y ascensos antes que otros con más méritos que ellos y que el único delito que tienen es, no ser hijos de aquellas provincias”*.

A pesar de estas circunstancias, Felipe Constenla, sigue ocupando su destino militar con entereza y el año de 1813 comienza para él

con nuevas acciones de guerra. El 1 de enero en Llanteno (Álava), otra vez en Bilbao el 6 de enero, el 24 de marzo en la dura refriega de Castro Urdiales, en la que su compañía fue una de las destacadas durante el combate. Asiste al final de la guerra a las acciones del Bidasoa y entra en Francia con el ejército aliado, sosteniendo combates contra los franceses los días 6 y 7 de octubre y 10 de noviembre de 1813. En esta fecha, termina la guerra para el teniente Don Felipe Constenla y Garrido, distinguido por sus acciones durante la campaña, con las condecoraciones de: “*cruces de distinción*” por las batallas de Vitoria y Bidasoa (*San Marcial*), las del “*ejército de la izquierda*” (Ejército de Galicia) y “*séptimo ejército*” (Ejército del Norte).

Terminada la guerra, comienza para Felipe Constenla una nueva etapa en su vida y carrera militar, no exenta de avatares que le causarán más pesares que los sufridos durante la propia guerra. Nada más concluir ésta, el teniente Constenla es destinado al Consejo de Justicia Militar de Valladolid, en el que ejerce de oficial fiscal en los Consejos de Guerra. En este empleo estará año y medio, hasta que es destinado, ya definitivamente, al Regimiento de Infantería de Línea de Mallorca, de guarnición en Granada. Por su defensa, como muchos de los otros jóvenes oficiales que durante la guerra se había incorporado al ejército, de la Constitución y la causa liberal, le son continuamente denegados los ascensos que él reiteradamente reclamaba, en justicia, por sus acciones y antigüedad (le correspondía el grado de teniente coronel).

Se le forma Consejo de Guerra en 1819 y pasa a prisión, en la que permanecerá hasta que el levantamiento de Riego reponga la Constitución. Absuelto de su condena y aprovechando las circunstancias de libertad política del “*Trienio Liberal*”, no conforme con la actuación y persecución que, los mandos militares y los funcionarios afectos (“*lechuzas*” les apoda Felipe Constenla) a Fernando VII (el rey felón), publica un texto (*Adición preparada por Don Felipe Constenla Garrido, Teniente de Mallorca, a la defensa que presentó al Consejo de Guerra de oficiales generales el 9 de abril de 1821, con la indicación de la sentencia y el modo de notificarla,*) en defensa de su honor



Batalla de  
Vitoria



Batalla del  
Bidasoa o San  
Marcial



Exército de la  
Izquierda



Séptimo  
Exército

Fuente: [www.1804-1814.org](http://www.1804-1814.org)

y de los derechos y libertades (en el que se despacha a gusto contra la aristocracia absolutista), que envía a los diputados de las Cortes. En el año de 1821 es dispensado del servicio por grave enfermedad y se le autoriza para desplazarse a los baños de Carratraca en Málaga (anterior a su prisión, el médico militar del regimiento, había recomendado su pase a Galicia por su: “*achacoso estado de salud*”). En este año de 1821, cuando Don Felipe Constenla y Garrido tenía la edad de 33 años, no se vuelve a tener ninguna noticia de él (por el momento, ¡espero!).

En esta publicación, intentaré hacer una breve aproximación a los acontecimientos vividos durante su carrera militar y, más concretamente, a los sucedidos en el transcurso de la Guerra de la Independencia Española, en el periodo que va desde junio de 1808, en que sale de Galicia como cadete del Batallón Literario de Santiago, hasta 1810 en que vuelve a salir de Galicia (esta vez para no regresar), como subteniente del regimiento de Cazadores de Valencia.

## Mayo de 1808

Los acontecimientos que suceden al levantamiento popular del 2 de mayo contra los franceses en Madrid, apuran el descontento que tanto el pueblo como el ejército español, en su inmensa mayoría, mostraban contra la penetración de las tropas napoleónicas en la península ibérica que, supuestamente, sólo pretendían guarnecer las costas para hacer efectivo el bloqueo continental contra los ingleses. El 25 de Mayo, la Junta del Principado de Asturias ante el vacío de

## REGIMIENTO DE MALLORCA 20 DE INFANTERIA DE LINEA.

El Fomento

Don Felipe Constenla

su edad 30 años, su país Galicia su calidad noble  
 su salud robusta sus servicios y circunstancias las que expresa.

EMPLEOS.	Tiempo en que empezó a servir los empleos.			EMPLEOS.	Tiempo que ha que sirve y cuanto en cada empleo.		
	Días.	Meses.	Años.		Años.	Meses.	Días.
Cadete.	1 <sup>o</sup>	Junio	1808.	De Cadete	6	22	
Subteniente	25	Abril	1809.	De Subteniente	1	9	8
Fomento por el despacho	1 <sup>o</sup>	Febr	1811.	De teniente	3	8	
					2	1	

Total hasta fin de Setiembre de 1812. . . . . 12 11

## REGIMIENTOS DONDE HA SERVIDO, Y CLASIFICACION DE SUS SERVICIOS.

	años.	meses.	días.
En la Secretaría de Santiago, Ovion, 1 <sup>o</sup> de Cadet. de Valencia, volunt. de Segovia, y 2 <sup>o</sup> de clavos.	6		
En el deposito de provisiones	1	5	
En este Regimiento	1	11	
Continuó en la 1 <sup>ra</sup> Bateria de St. Joaquin de 1808. expedida en orden de 1 <sup>o</sup> de decreto de 20 de Abril del mismo año, solo abona por meses. de 20 de Setiembre de 1808, hasta 17 de Setiembre de 1811.	6	3	17
	3		
Total de servicios deducido el pasivo. . . . .	18	7	17

Campañas y acciones de guerra en que se ha hallado.

En la última conferencia, en las acciones de Colbas, Bornosa, Badajoz, y Júpiter de 1808.  
 de 1808, y de 1809, todas con el cargo de Secretario á principios de Setiembre de 1808.

Hoja de servicios de Don Felipe Constenla y Garrido, 1819. Archivo Militar del Alcázar de Segovia

poder en Madrid resultante de la evacuación de la familia real a Bayona, se otorga soberanía suficiente para declarar formalmente la guerra a Napoleón y enviar una delegación a Gran Bretaña solicitando su cooperación para tal propósito. La Junta del Principado envía emisarios a las regiones limítrofes animándolas a seguir sus pasos.

En Galicia, cunde rápidamente el mismo ánimo y siguiendo el ejemplo de Asturias, el 30 de mayo (festividad de San Fernando), surge en A Coruña un movimiento popular acaudillado por el guarnicionero Sinforiano López Alúa que, dirigiéndose a la Capitanía General plantea varias demandas (que ondee la enseña nacional en los lugares acostumbrados y el regreso del Regimiento de Navarra a Coruña, entre otras) a las que el Capitán General Filangieri, temeroso de que la reacción popular pasase a mayores, accede. Aquella misma tarde se forma en A Coruña una “Junta de Armamento y Defensa” que al día siguiente pasa a denominarse “Junta Suprema Gubernativa”.

El movimiento iniciado en A Coruña se extiende rápidamente por toda Galicia y al mismo tiempo que se decide la creación de una nueva Junta que represente a todo el Reino, se pasa aviso a las tropas gallegas destinadas en Oporto para que regresen a sus cuarteles y se comisiona a Don Francisco Sangro para que, en representación de la Junta, se desplazase a Gran Bretaña a solicitar la alianza y apoyo de la corona inglesa contra los franceses.

## **El Batallón Literario de Santiago**

A este estado de fervor patriótico, no es ajena la Universidad de Santiago y, haciendo público el acuerdo tomado en su claustro y la convocada por la Junta que presidía el arzobispo Muzquiz, se determina formar un “Cuerpo Militar Literario de la Universidad de Santiago”. A este llamamiento responden inmediatamente los estudiantes, que se encuadran en 6 compañías de 168 cadetes con un total de unos 1.200 hombres (con jefes, oficiales y suboficiales), que compondrán los efectivos del “Batallón Literario de Santiago”. El 23



Representación en plomo de don Felipe Constenla y Garrido, en uniforme de Cadete del Batallón Literario de Santiago. Obra de COMPTE (J. Solana Gutiérrez).

de Junio es nombrado coronel de este Batallón, Don Juan Ignacio Armada Caamaño, V marqués de Santa Cruz de Rivadulla y el día 25 del mismo mes, la Junta Suprema de Asturias le otorga el título de Brigadier. En este Batallón se alista el joven estudiante Felipe Constenla y después de unas semanas intensivas de instrucción en armamento y evoluciones, el 18 de julio el Batallón Literario, incorporado al ejército gallego del General Blake, sale de Santiago llevando al frente la bandera coronela en manos de su portaestandarte, José Dionisio Valladares, natural de las tierras de Deza y posteriormente vecino de la parroquia de Berres en la jurisdicción de Tabeirós (padre del insigne escritor Marcial Valladares).

de edad de 50-59 años, cuyas familias trabajaban en promedio menos tierra y cuidaban menos animales que las de los de 40-49 años y 60 y más, tal vez porque el matrimonio de hijos, con la consiguiente transferencia de la dote, reduce provisionalmente su explotación, que se acrecienta de nuevo entre los jefes de 60 y más años, en buena medida porque a estas edades uno o más hijos que viven en su compañía invierten ganancias de sus oficios auxiliares en la compra de heredades y ganado, con la consiguiente ampliación de tierra y del número de cabezas de ganado. La casuística femenina, en todo caso, no se atiene plenamente a la secuencia descrita para los jefes varones, debido sin duda al escaso número de los casos considerados que comprometen su representatividad.

Poseedores de las explotaciones en promedio de mayor superficie y más ricas en cabezas de ganado, al mando de sus hogares y provistos legalmente de una amplia libertad y poder de decisión en materia hereditaria, los mayores de 60 años, que en 1877 reunían el 9,2% de la población comarcal, seguían manteniendo en la Tierra de Tabeirós un decisivo protagonismo familiar y social a estas edades avanzadas. Ahora bien, la subsistencia en la fase final de sus vidas dependía en buena medida de la asistencia de sus hijos, que, en compensación, eran favorecidos en un buen número de casos con distintos bienes, entre los cuales la casa, los bienes muebles, el ganado y una o varias pequeñas heredades eran los más frecuentemente donados. Los padres preferían ciertamente a estas edades la cohabitación con uno o más hijos, pero en todo caso la convivencia bajo un mismo techo no era del todo imprescindible porque, sabemos por la fuentes notariales, que era relativamente frecuente el matrimonio y la residencia de un hijo o hija casado en su misma aldea o en una próxima, pudiendo, por consiguiente, estos hijos prestarles ayuda laboral y cuidados en sus enfermedades y necesidades<sup>17</sup>.

17 Fernández Cortizo, C., "De crecida edad...", op. cit., pp. 329; Tomassini, C. y otros, "Parental Housing assistance and Parent-Child Proximity in Italy", en *Journal of Marriage and Family*, 65 (2003), pp. 703-704.



## Unha compartida teima galeguista ata o final: Díaz Baliño, Casal e Cabada Vázquez

Manuel Cabada Castro

*Corda de tres fíos non rompe axiña*

(Eclesiastés 4, 12)

No ano pasado 2006 cumpríuse o septuaxésimo cabodano da morte de tres destacados galeguistas vencellados polo seu común ideario político, polo seu traballo a prol da cultura galega e pola súa mutua amizade persoal.

Cabada Vázquez morre prematuramente a comezos de abril de 1936, vítima dunha rápida enfermidade, lonxe da súa patria galega. Os seus dous amigos seguirano no mesmo ano, só catro meses despois, a mediados do mes de agosto, vítimas da violencia desencadeada polo levantamento militar contra o goberno republicano. No intre da súa morte Cabada Vázquez –o máis novo dos tres– contaba só con 34 anos, mentres que Díaz Baliño e Casal (“paseados” ámbolos dous con só cinco días de diferenza) con 47 e 40 anos respectivamente.

Esta breve lembranza dunha relación de amizade ideolóxica e de común compromiso co país galego quere contribuír tamén a loitar, parcialmente alomenos, contra a alienante “desmemorización” da que en máis dunha ocasión nos ten falado o benemérito Isaac Díaz Pardo:

Creo –dinos o fillo de Camilo Díaz Baliño– que el enfrentamiento, la violencia y la confusión de los primeros años del franquismo no fueron lo peor. Lo peor sería la sistemática desmemorización y desorientación que se nos impuso durante cuatro décadas. Y esto es lo que ha causado el mayor mal en la sociedad de nuestro tiempo, sobre todo entre nosotros los gallegos. No es el peor mal para un individuo que le maten a sus progenitores sino que lo dejen con la boca abierta y desmemoriado para toda la vida [...] Pero la desmemorización es el arma más poderosa que manejan los enemigos de Galicia y es la causa de la confusa situación en que nos encontramos hoy<sup>1</sup>.

A finalidade da actualización da historia, fronte á desmemoriación, é, en definitiva, ética ou benéfica, como ben o salienta o mesmo Díaz Pardo: “Una vez más hay que decir que para superar el pasado hay que conocerlo. Si nos lo ocultan, el daño se seguirá cometiendo y no se puede perdonar un daño del que no nos hemos arrepentido”<sup>2</sup>.

A ocasión concreta que motiva a redacción destas breves liñas foi, sen embargo, o ter dado hai pouco na biblioteca de Cabada Vázquez co libríño-folleto de Díaz Baliño titulado *Conto de Guerra*<sup>3</sup>. Nel atópanse, en efecto, case simbolicamente vencellados os tres nomes: Díaz Baliño, como autor e decorador artístico do escrito<sup>4</sup>;

- 1 DÍAZ PARDO, I., *Galicia hoy y el resto del mundo* (Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1987), p. 15. Sobre esta “desmemorización” indica máis adiante Díaz Pardo: “La desmemorización de los hechos y sobre todo de las personas que los protagonizaron produce desasosiego cuando queremos recordarlos y se fueron borrando los testimonios que los definían, y es un dolor ver que pasan como si no hubiesen existido y queda sólo de ellos un débil rastro sin nombre ni imagen, como si hubiésemos colaborado, por oportunismo, en el asesinato de su recuerdo [...] Sólo se puede justificar [la desmemorización] por el asilvestramiento que ha tratado de hacer el franquismo con nosotros y a veces también por la envidia asociada que no perdonarían el ejemplo de lealtad que trasciende de algunos hombres” (p. 89).
- 2 DÍAZ PARDO, o. c., p. 21. Xa dixera o filósofo Santayana que “os pobos que esquecen a súa historia, están condenados a repetila”, sentenza que me impresionou vehementemente cando por primeira vez a lin hai moitos anos no campo de concentración de Dachau, localidade preto da que vivín durante catro anos nos meus tempos estudiantís.
- 3 Debo ó meu irmán Lino a nova da existencia desta publicación de Díaz Baliño (ó meu saber o seu único escrito en forma de libro) na biblioteca do noso tío Cabada Vázquez, que por inadvertencia miña non quedou recollida nos *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)*: “A Estrada. Miscelánea histórica e cultural”, vol. 3 (2000) 237-308. Sirva esta indicación aquí para que os lectores da mencionada lista bibliográfica inclúan agora nela este novo título.
- 4 Respecto do libríño indica con razón José Antonio Durán que está feito “con cuidadoso diseño personal”. Cf. DURÁN, J. A., *Camilo Díaz Baliño. Crónica de otro olvido inexplicable* (Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1990), p. 36.

Casal, como editor do mesmo na súa imprenta-editorial “Nós” da Coruña, xunto coa dedicatoria, pertencente ó mesmo texto impreso do escrito, de Díaz Baliño a Casal; e, finalmente, Cabada Vázquez, noutra dedicatoria –esta xa manuscrita e persoal– de Díaz Baliño a Cabada Vázquez, que aparece na segunda páxina de cuberta do exemplar doado por Díaz Baliño ó seu amigo.

A dedicatoria que forma parte do texto impreso do libriño do autor de *Conto de Guerra* di así: “Ás Escolas da Irmandade da Fala - novo lar onde arde o lume sagro da Raza. A Anxel Casal, meu irmán benquerido, loitador qu’alcende os corazóns dos rapaciños das escolas irmandinas. Camilo Díaz Baliño. Nadal de 1927”.

O libriño publicouse no ano 1928, e sabemos ademais o día e a hora por mor da dedicatoria manuscrita no exemplar que Casal lle remesou desde A Coruña a Díaz Baliño (que xa desde o ano 1920 residía en Santiago trala súa anterior estancia na Coruña): “Velahí con todo agarimo o primeiro exemplar que se rematou agora mesmo, 12 e 50’ do día 29 de Maio do 1928. A. Casal”<sup>5</sup>.

Respecto de Cabada Vázquez, no mencionado exemplar do *Conto de Guerra* que se atopa na súa biblioteca, a dedicatoria é a seguinte:

Para Xosé Ml. Cabada irmán galego - corazón esgrevio. Irmán entre os irmáns, amigo entre os amigos, home entre os homes, sacrificio entre os sacrificios. Co cariño, ca arela de recibir o ben de Deus das súas mans. Camilo Díaz Baliño. Na festa de Galiza do 1930.

Para entender estas últimas palabras da dedicatoria cómpre saber que Cabada Vázquez recibira pouco antes (o 14 de xuño deste mesmo ano) a orde eclesial do diaconado no Seminario de Santiago, de camiño polo tanto en principio cara á próxima recepción da orde do presbiterado, aínda que esta non se levaría a efecto porque Cabada Vázquez solicitaría e recibiría xa no ano seguinte, en setembro de 1931, a dispensa da orde do diaconado.

5 O texto reprografiado desta dedicatoria pode verse en Díaz PARDO, *o. c.*, p. 154, e tamén (xunto co texto de tódalas páxinas do libriño-folleto *Conto de Guerra*) no comezo das “Ilustraciones” da citada publicación de J. A. Durán.

Non é posible rememorar aquí en detalle a peripecia vital deste xove poeta e político galeguista estradense, tan apreciado —como se ve— polo seu amigo Díaz Baliño. Aludirei, sen embargo, brevemente a algunhas circunstancias da súa vida.

Nado en 1901 na parroquia de Codeseda (A Estrada), comeza en 1918 os seus estudos no Seminario de Santiago, que interrompe en 1923, aínda que volve ó mesmo centro catro anos despois. En 1931 abandona definitivamente a carreira eclesiástica e, despois de acadar o título de licenciado en Filosofía e Letras (Sección Historia) pola Universidade de Santiago, comeza a súa posterior labor docente, que o levará a diversas localidades: os Institutos de Vigo, Medina de Rioseco (Valladolid) e finalmente Linares, onde morre prematuramente o 2 de abril de 1936. Nestes últimos Institutos, no de Medina de Rioseco e no de Linares foi Director do centro académico, ademais de profesor.

A súa produción literaria, sobre todo poética e en galego, comeza en idade temperá, xa en 1923, culminando en 1931 coa publicación do seu poemario *Vagalumes*.

Desenvolverá ó tempo unha intensa actividade política, asistindo moi probablemente xa en 1923 á V Asemblea das Irmandades da Fala e xa certamente en 1930 á VI Asemblea. En 1927 faise socio do Seminario de Estudos Galegos. En abril de 1931 é nomeado vocal do comité provisional da “Agrupación Nazionalista” de Santiago e en decembro deste mesmo ano participa activamente en Pontevedra na asemblea fundacional do Partido Galeguista. En decembro do ano seguinte é nomeado Secretario de Actas do Grupo Galeguista de Vigo, participando así mesmo pouco despois, tamén como Secretario de Actas, na II Asemblea do Partido Galeguista celebrada en Santiago.

Pódese dicir que a curta e intensa vida de Cabada Vázquez estivo decididamente centrada na promoción cultural e política de Galicia. E será xustamente isto o que o porá en relación directa, ide-

olóxica e amical, con Díaz Baliño e Casal ata a común desaparición dos tres no mesmo ano 1936 <sup>6</sup>.

A relación de Cabada Vázquez co escenógrafo Díaz Baliño vai xurdir sobre todo desde a vinda do artista, deseñador e ilustrador bibliográfico, da Coruña a Santiago no ano 1920. Segundo a información do seu fillo, Díaz Baliño fora xa delineante na Deputación coruñesa entre 1910 e 1920. Pertencían ademais xa daquela, tanto el como a súa dona, ás temperás Irmandades da Fala <sup>7</sup>. Desde a súa chegada a Santiago multiplícase, por outra banda, a súa actividade artística, incluso docente (como profesor de dibuxo artístico na Academia Gelmírez, etc.), sendo nomeado ademais en 1925 delineante do Concello de Santiago, cargo no que permanecería ata a súa morte <sup>8</sup>. A súa relación co galeguismo amósase na súa función representativa ou delegada en Santiago da Irmandade da Fala da Coruña, aparecendo en 1922 como “Conselleiro 1º da Delegación da I.N.G. [Irmandade Nacionalista Galega] en Santiago” e sendo nomeado posteriormente, en 1930, polo Consello Directivo da mesma Irmandade da Fala da Coruña, “Delegado” representativo dela en Santiago <sup>9</sup>. De feito, a mencionada dedicatoria de 1927 de *Conto de Guerra* vai dirixida –como xa sabemos–, xunto a Casal, ás “Escolas

6 Para unha máis ampla e completa información remito ós meus escritos: *Xosé Manuel Cabada Vázquez, Obra Completa. Poemas e outros escritos*. Edición, introducción e notas de MANUEL CABADA CASTRO (A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2001); CABADA CASTRO, M., *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)* (Sada - A Coruña, Ed. do Castro, 2001).

7 Cf. DÍAZ PARDO, o. c., p. 154. Segundo Durán, a integración dos dous (Díaz Baliño e maila súa dona) nas Irmandades da Fala data de 1918 (Cf. DURÁN, o. c., p. 23).

8 Cf. SUÁREZ RODRÍGUEZ, Ester, *Camilo Díaz Baliño*. En: *O Rexionalismo* (Dirección: ANTÓN PULIDO NOVOA. Fotografía: XULIO GIL), Vigo, Nova Galicia Edicións, 1999, Vol. II, p. 94. Luis Seoane indica que o cargo de director artístico no Concello compostelán comezara xa en 1924 (un ano antes). Ver a súa colaboración *Díaz Baliño, Camilo* no tomo 9 da “Gran Enciclopedia Gallega”. Vázquez Souza, en troques, retrasa o nomeamento de Díaz Baliño como delineante municipal ata o 1927 (Cf. VÁZQUEZ SOUZA, ERNESTO, *A fouce, o hórreo e o prelo: Anxel Casal ou o libro galego moderno*, Sada - A Coruña, Ed. do Castro, 2003, p. 308).

9 Pódese ver a documentación relativa a esta función representativa de Díaz Baliño da Irmandade da Coruña en Santiago en DÍAZ PARDO, o. c., p. 156.

da Irmandade da Fala”, nas que co seu ensino gratuíto tanto Casal como Díaz Baliño colaboraron xenerosamente<sup>10</sup>.

Sobre a importancia da figura de Díaz Baliño e do seu influxo no ámbito cultural e galeguista da época, escribe Durán: “Aquel ‘ermiño del arte’ –traje blanco de faena, arremangados los brazos, desabrochada la camisa, en alpargatas, con el cigarro entre los brazos”– convirtió su propio santuario de las afueras de la ciudad en templo del galleguismo y en verdadero centro de la dinamización cultural compostelana de los años veinte y treinta”<sup>11</sup>.

De feito, o galeguismo “artístico” de Díaz Baliño intentou expresar simbolicamente a mitoloxía e a tradición dunha Galicia ideal de maneira diferente a como o fixo por exemplo Castelao<sup>12</sup>. Quizais por iso Díaz Baliño, sobre todo inicialmente e a pesar da súa pertenza ás Irmandades da Fala, non se decidiu de maneira explícita pola participación directa na política galeguista estrictamente tal, como ocorre no caso dos seus amigos Cabada Vázquez e Casal, ámbolos dous –a diferenza de Díaz Baliño– activos participantes na fundación do Partido Galeguista en decembro de 1931. Pola súa parte, Díaz Baliño considerou labor prioritario seu o ámbito cultural do galeguismo, aínda que claramente sempre ó servicio dunha actividade centrada na promoción xeral e polo tanto tamén política do país galego. De aquí que Ester Suárez fale de Díaz Baliño como dun “nacionalista sen partido”, pero que pouco a pouco vai fortalecendo o seu nacionalismo, seguindo “a evolución dun galeguismo que se irá despoxando da roupaxe rexionalista decimonónica e acentuando o seu carácter democrático, republicano e liberal”<sup>13</sup>.

10 Cf. VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, p. 308.

11 DURÁN, *o. c.*, p. 22.

12 “Se en Castelao temos a denuncia social pura e desgarradora, Baliño ofrécenos a esperanza dunha Galicia aínda soñada. Co seu simbolismo redimensiona o mito e a tradición populares e ennobrece os elementos de referencia galegos, configurando os iconos nos que reflectir a nosa identidade común” [SUÁREZ RODRÍGUEZ, ESTER, *Pintor de trasnos e meigas*: “Ferrol análisis”, nº 13 (1998) 99].

13 SUÁREZ, *Pintor...*, p. 96. Esta evolución é constatada tamén por Durán ó falar do “crecemento e corrimiento de Camilo Díaz hacia posiciones de izquierda” nos anos seguintes á pro-



Camilo visto por Joaquín de Arévalo.

Afectuosamente.

Arévalo tan delicado  
 Que nada se queixa al que  
 Es fuy un amarrachado.  
 Por mi pluma de colado.  
 Que fizo dell un ollano!  
 Reivindicado del un do caba.  
 Valtorria fult: El ferno!

*Joaquín de Arévalo*  
 Agosto 1919.



Visto por Cebreiro.

CEBREIRO  
 1920.



Visto por Seoane.



Visto por Maside.

Camilo Díaz Baliño visto por Joaquín de Arévalo, Cebreiro, Seoane e Maside.

Cando Díaz Baliño se traslada da Coruña a Santiago no ano 1920, había xa dous anos que Cabada Vázquez empezara os seus estudos no Seminario desta cidade. Xa sabemos tamén que Díaz Baliño actuaba en Santiago alomenos desde 1922 como Conselleiro 1º da “Irmandade Nacionalista Galega” (a denominación oficial das “Irmandades da Fala”, segundo a decisión da IV Asemblea de Monforte de febreiro de 1922). É moi posible que Cabada Vázquez entrase por entón en contacto con Díaz Baliño. De feito dispoño de fortes e claros indicios –tal como indiquei noutro lugar<sup>14</sup>– de que o xove seminarista de vinteún anos asistiu xa á V Asemblea das

clamación da República, aparecendo así Díaz Baliño “cada vez más identificado —hasta fundirse por completo— con el ala izquierda del galleguismo de entonces”, chegando posteriormente á súa adherencia ó frontepopulismo (Cf. DURÁN, *o. c.*, pp. 26-27).

14 Cf. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 210-211.

Irmandades celebrada na Coruña, nos días 18 e 19 de marzo de 1923, probablemente en compañía de Díaz Baliño. É ademais no mes seguinte á celebración desta asemblea cando Cabada Vázquez se vai estrear como escritor de poemas en galego.

Cabada Vázquez interrompe, sen embargo, os seus estudos composteláns durante catro anos, para volver a retomalos no curso 1927-28. En maio de 1927, pouco antes da súa volta a Santiago, fai lembranza no seu *Chamamento* á mocidade estradense da categoría artística do seu amigo Díaz Baliño<sup>15</sup>. Á súa volta, en outono deste mesmo ano 1927, aparece como socio do Seminario de Estudos Galegos, coincidindo o ano coa data do traslado de Díaz Baliño ó nº 20 da rúa das Hortas<sup>16</sup>. A relación con Díaz Baliño renóvase, pois, e intensifícase co reencontro dos dous na cidade do Apóstolo.

É posible tamén que diversos traballos realizados por Díaz Baliño en relación coa bisbarra de orixe de Cabada Vázquez tivesen algo que ver coa súa amizade con este. O escenógrafo compostelán fixo, en efecto, en 1929 o decorado para a xira por América dos gaiteiros de Soutelo de Montes, localidade próxima á parroquia natal de Cabada Vázquez<sup>17</sup>. Atópase, ademais, entre os papeis de Cabada Vázquez un bosquexo de Díaz Baliño para unha coroa da Virxe da Grela, lugar pertencente a Codeseda, parroquia natal de Cabada Vázquez. Baixo o bosquexo lese o seguinte texto:

Corona real galega para Nosa Señora da Grela.

Este dibuxo está baseado na coroa de un escudo dun pendón de unha Alarma, pol-o tanto é enteiramente galego e netamente patriótico.

Ninguén que non sexa a Virgen da Grela, poderá usar esta corona pois a ela vai adicado este dibuxo. Camilo Díaz Baliño.

15 "Tampouco temos falla de esceógrafos. Falen por min Camilo Díaz e Castelao". Cf. CABADA CASTRO, M. (ed.), *Xosé Manuel Cabada Vázquez...*, p. 167.

16 Cf. DÍAZ PARDO, o. c., p. 156. Díaz Baliño ingresara como membro do Seminario de Estudos Galegos no ano anterior. Cf. DOBARRO PAZ, XOSÉ M<sup>o</sup> / VÁZQUEZ SOUZA, ERNESTO, *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* (Sada - A Coruña, Ed. do Castro, 2003), p. 218.

17 Cf. DURÁN, o. c...., p. 36.

De feito, ó comezo do fermoso poema “Nosa Señora da Grela” do poeta de Codeseda hai un dibuxo de Díaz Baliño da Virxe da Grela cunha coroa moi semellante á do mencionado bosquexo<sup>18</sup>.

En abril de 1930 remítenlles Cabada Vázquez ós seus amigos, entre eles a Díaz Baliño, unha comunicación en galego, impresa no prelo do Seminario compostelán, sobre a súa promoción á orde do subdiaconado. É posible interpretar como resposta a esta misiva do seu amigo o debuxo (do que se




Camilo nun óleo de Ricardo Camino no 1919.

conserva só un anaco entre os papeis de Cabada Vázquez) da autoría de Díaz Baliño, que este lle doa ó novo subdiácono e que leva na parte inferior esta lenda manuscrita: “A Xosé Cabada Vázquez ca arela de ouvir a súa primeira misa. Camilo Díaz Baliño [rubricado]. 1930”.

Só tres semanas despois de ter recibido a devandita orde, asiste Cabada Vázquez con Díaz Baliño e Ánxel Casal, entre outros, á VI e derradeira Asemblea das Irmandades, que se celebra na Coruña o domingo 27 de abril de 1930, unha asemblea que só puido ter lugar gracias ó final da Dictadura<sup>19</sup>. Dous meses despois deste encontro na

18 Cf. CABADA VÁZQUEZ, XOSÉ ML. *Vagalumes. Versos galegos*, Edic. facsímil (Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, 1989) da edic. de 1931 (Santiago, Imprenta, Lib. e Enc. do Seminario C. Central), p. 271.

19 As asembleas das Irmandades levaban de feito sete anos sen se poder celebrar.



O “Conto de guerra” de Díaz Baliño, cunha afectuosa adicatoria a Xosé Manuel Cabada.

Coruña atópanse de novo os dous na vila de A Estrada, na Redacción do xornal “El Emigrado”<sup>20</sup>.

Menos dun mes despois deste encontro na Redacción do xornal estradense, o 25 de xullo, é cando Díaz Baliño lle dedica a Cabada Vázquez o seu, anteriormente mencionado, *Conto de Guerra*.

O seguinte ano 1931 é moi decisivo na biografía de Cabada Vázquez desde o punto de vista literario e político, pero tamén respecto da súa relación con Díaz Baliño. En xaneiro ou primeiros de febreiro deste ano aparece o seu poemario *Vagalumes*, un volume na que a colaboración artística do seu amigo é moi relevante. Non só a portada do volume (verbo da cal Alonso Montero dirá que “está, ó meu ver, entre as máis fermosas que deseñou quen tanto sabía de cubertas de libros”<sup>21</sup>), senón tamén as viñetas que acompañan ós poemas son de Díaz Baliño. Consérvanse aínda (entre os libros e escritos de Cabada Vázquez) os orixinais destas ilustracións feitas

20 “*Grata visita*.- Han estado a visitarnos en esta Redacción el poeta de Codeseda, Cabada Vázquez, y el escenógrafo compostelano Camilo Díaz Baliño, acompañados del culto Secretario de nuestro Ayuntamiento, Sr. Reino. Agradecemos sumamente la visita” (“El Emigrado”, nº 341, 30 xuño 1930, p. 4).

21 Cf. o Estudio Introductorio de Xesús Alonso Montero a CABADA VÁZQUEZ, *Vagalumes...*, p. 25.

expresamente por Díaz Baliño para *Vagalumes*, que levan esta amical e xenerosa dedicatoria do seu autor: “A Pepe Cabada, bon amigo, bon irmán, bon en todo. Camilo Díaz Baliño. XI do 1930”<sup>22</sup>.

Desde xaneiro ata mediados deste ano 1931 realiza Díaz Baliño unha xira coa coral ourensá “De Ruada”, como director artístico da mesma, por Arxentina, Uruguai e Brasil<sup>23</sup>. Mentres aínda se atopa por América, ocorre en España a proclamación da República o 14 de abril, acontecemento este que influirá en boa medida no posterior corremento ideolóxico á esquerda de Díaz Baliño no ámbito das diversas tendencias do galeguismo<sup>24</sup>. Pola súa parte, Cabada Vázquez seguíu con interese e emotiva participación esta xira do seu amigo por terras de América, tal como se pode percibir do texto dunha carta que lle escribe ó seu amigo desde o Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela o 23 de maio de 1931:

Meu querido amigo e irmán: ¿Será que no teu viaxe a esas terras afogaches nas salgadas augas do Atlántico a amizade que nos xunquera? Coido que non acontecería así, aínda que o teu longo e escuro silencio o pareza confirmar.

Nas túas mans debes ter xa de hai tempo unha carta miña, na que con unha estreita aperta che mandaba miña máis fonda embora polos trunfos acadados. Con dor vexo que pra o caso foi coma se non che a mandara, xa que non quixeches contestar, non embargantes a túa promesa e a de Salvador. Non recibín ningunha revista nin xornal. Nin siquiera “Céltiga” chegou a min pra traerme notizas da vosa xornada magna por isas terras de Alén-mar. Mais con todo, soupen revolverme pra saber algo de vós e dos vosos trunfos.

- 
- 22 Entre estes orixinais está tamén o do *ex libris* de Cabada Vázquez, realizado tamén polo seu amigo Díaz Baliño.
- 23 Ver o fermoso cartel, coa cabeceira “Galicia. Coral ‘De Ruada’”, que para esta ocasión realizou Díaz Baliño en 1931 en SUÁREZ, *Camilo...*, p. 119. En relación con esta xira de Díaz Baliño, consérvase na biblioteca de Cabada Vázquez o folleto *Teatro Avenida. “Coral de ruada”* (Buenos Aires, C.A.D.E., 1931). Ver tamén CARBALLO-CALERO RAMOS, MARÍA VICTORIA, *Camilo Díaz Baliño y la Coral “De Ruada”*. En: *Arte y ciudad en Galicia, siglo XX* (Santiago, Fundación Caixa Galicia, 1992), pp. 9-33.
- 24 Así o indica E. Suárez: “Na súa [de Díaz Baliño] ausencia o panorama político muda radicalmente. A chegada da República pon a proba o nivel de compromiso político das diversas tendencias galeguistas, evidenciando e radicalizando as tensións ideolóxicas internas. Ante a nova realidade, e visto o cariz fascista que adquiren as antigas formacións tradicionalistas onde militara, Baliño achégase ó sector esquerdista e asume unha participación decididamente activa dentro da política nacionalista” (SUÁREZ, *Camilo...*, p. 95).

Aquí isto anda todo revolto. Por Galicia adiante anda unha manchea de “bos e xenerosos” chamando ás concencias da xente. Inda que traballamos, temo que non academos o froito cobizado. A min, os da miña banda —xa sabes de que-nes falo— xa me teñen fichado. Mais non importa. Inda poidera ser que fora cantar misa a isas terras. Agora ando a ver si dentro de quince días podo fundalos estudos universitarios. Xa veremos.

Hoxe estiven na túa casa con a túa muller e con os teus fillos. Falamos todo o tempo de ti. Queren que os mandes ir, se te quedas ahí; pois según me dixeron parece que non pensas voltar tan axiña. Eu xa ti sabes como penso acerca dese asunto, polo que temos falado denantes da túa marcha. O de aquí xa o coñeces, e polo tanto debes de aproveita-las boas ocasións se é que che se ofrecen ahí. A ver se inda nos topamos algún día por alá, e che podo servir pra porche algunha inscrición en latín. Debes de escribirlle á túa muller dereitamente, e falarlle de xeito que a tranquilices, pois xa sabes canto che quere, e canto se alegra coas noticias dos teus trunfos. Todos están moi ben, e moi contentos e queren saber se pensas de verdá quedarte por ahí, e d'entón cando vas a mandalos ir. Paréceme que non lles gustou que o Salvador che escribira pedíndoche nada [?] sen avisalos.

O teu irmán Xermán pasou uns días no Sanatorio de Ponte, e parolamos encol dos teus asuntos. Agora está pola Cruña. Según me enteiraron no Sanatorio está bastante mal, anque el non sabe nada. Se vou o catro á asambreira da Cruña, penso falar con eles na túa casa.

Quero que esta carta a contestes asemade que a recibas, e me contes moitas cousas de ti e do Coro. Escribe longo e tendido sen dor da tinta nin do papel.

Namentras por riba do mar tendo os meus brazos abertos pra estreitar nunha aperta garimosa ó bo amigo. ¡Terra a nosa!

Teu sempre affmo e irmán

José M. Cabada Vázquez

P. D.

Saúdos ó Salvador, e dille que me poña tamén unhas letras e me mande algunhas noticias.

Vale

O Casal veuse coa imprenta pra Santiago e foise establecer ó nº 20 das Hortas. Xa ves que foi casoalidá. Saíches ti e entrou el.<sup>25</sup>

A carta —na que na posdata final aparece ademais o nome do común amigo Ánxel Casal— reflicte por unha banda a sincera amizade entre Cabada Vázquez e Díaz Baliño (xunto coa familia deste)

25 O texto desta e doutras cartas (xunto cos meus comentarios a pé de páxina) pode lerse no Epistolario da xa citada *Obra Completa...* dos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez, pp. 333-334.

e, por outra, as posibilidades e problemas que a recente proclamación da República desencadeara. Cabada Vázquez ve xa difícil neste intre (só tres meses antes de acadar a dispensa da orde do diaconado) que a súa aposta política galeguista poida compaxinarse doadamente co seu previsto e, en principio, próximo ministerio eclesial (o dito na carta de que “os da miña banda” o teñen “*fichado*” –no orixinal esta palabra está subliñada– fai sen dúbida referencia a esta circunstancia). Nembargantes, ó lado dos “bos e xenerosos”, Cabada Vázquez segue a “traballar”, “chamando ás concencias da xente” a prol da promoción social e política de Galicia. De feito, xustamente un mes antes desta carta (e só unha semana despois da proclamación da República), Cabada Vázquez fora nomeado vocal do comité provisional da “Agrupación Nazionalista” de Santiago xunto con Luis Seoane e Sebastián González, os outros dous vocais da mesma.

Pero desde outono de 1933 manobras políticas e tamén posibles intereses profesionais endogámicos fan que Cabada Vázquez teña que abandonar Galicia, aínda que desde arriba se intente atenuar as inxusticias e discriminacións con el nomeándoo director dos centros nos que vai exercer a súa función docente<sup>26</sup>. En calquera caso, a distancia non fai enfeblecer a amizade con Díaz Baliño. Desde terras xienenses, concretamente desde o Instituto de Linares no que é profesor e director, escríbelle a el o 31 de outono de 1935:

Con un berro de ledicia, e o pensamento posto na Terra, vai a ti, dende ista lonxanía, un estreito abrazo e un saúdo garimoso do teu de cote amigo. J. M. Cabada V.

Só mes e medio despois, o 15 de decembro, mándalle de novo ó seu amigo a seguinte felicitación de Nadal:

El Director  
del  
Instituto Nacional de 2ª Enseñanza  
E. L. M.

26 Ofrezco datos concretos sobre esta imposta “xira” de Cabada Vázquez por Castela e Andalucía en CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 97-134.

ao seu bon amigo Camilo Díaz Baliño, desexándolle moi felices Páscaros de Nadal e próspero Aninovo dende istas lonxanas terras andaluzas, onde a lembranza de cada amigo é unha estrela encendida no camiño de Sant-Yago.

J. M. Cabada Vázquez

Por sorte, consérvase entre os papeis de Cabada Vázquez a agarrada resposta de Díaz Baliño a esta felicitación do seu amigo, con data do 18 de xaneiro de 1936, quizais a derradeira comunicación escrita directa<sup>27</sup> entre eles, dado que Cabada Vázquez morrería só dous meses e medio despois da data de redacción desta carta. Velaquí o seu texto:

Amigo Cabada: Recibín o teu E. L. M.

Ben e moi ben que te lembres dos amigos e irmáns. Mais ¿cando me mandas a nova da túa voda?

Cómpre que o fagas. Xa non tes impedimento; que a laboura do home na vida é o primeiro facer homes ... ou mulleres.

Un fillo teu, ou unha filla, ten que ser por forza un patriota.

Agardando esa nova e agardando sempre a liberdade da Terra, liberdade com-preta, liberdade no senso enteiro da verba, abrázate teu irmán na causa e na Liberdade.

Camilo Díaz Baliño.

Como se ve, a relación de Díaz Baliño con Cabada Vázquez vén confirmar de maneira concreta e puntual o que escribe E. Suárez sobre aquel, cando indica que “o seu labor material non se entende sen apreciar a valía humana dun home que se converte en compañeiro, cómplice e, en moitos casos, mestre de gran parte dos artistas e intelectuais que se relevan nese camiño que procura referencias nas que asentar unha concepción nacionalista”<sup>28</sup>. O feito de que Cabada Vázquez estivese durante a súa primeira época (ata 1931) vencellado ó estamento eclesial pola súa condición de estudante no seminario compostelán non foi óbice algún para a súa amizade per-

27 Digo “directa”, porque —como se verá máis abaixo— Ánxel Casal, despois da súa elección como alcalde de Santiago, transmitíralle aínda a Cabada Vázquez —en marzo ou abril de 1936— “unha aperta de Camilo”. Camilo Díaz Baliño traballaba como delineante no concello compostelán xa con anterioridade á elección do seu amigo Casal como alcalde. Despois desta elección a colaboración no concello faríase naturalmente máis estreita.

28 SUÁREZ, *Pintor...*, p. 92.

soal e ideolóxica con Díaz Baliño, dado que este mantiña en realidade xa desde a súa primeira estancia na Coruña boas relacións persoais e profesionais cos círculos católicos<sup>29</sup>. Ademais, a súa ideoloxía artística participaba –segundo E. Suárez– dun “sentimento galego baseado na tradición e na relixión, elementos que configuran un universo de ensoñación romántica que alimentará todas as súas creacións” e que se fai presente tamén no seu *Conto de Guerra*<sup>30</sup>, que dedica a Cabada Vázquez.

Será no seu posterior período compostelán cando Díaz Baliño –como xa se indicou– “irá paulatinamente desvencellándose do compromiso inicial co tradicionalismo católico”<sup>31</sup>. É sobre todo nesta segunda e definitiva residencia compostelá onde hai que situar o que indican Dobarro Paz e Vázquez Souza sobre o escenógrafo ferrolán: “A pesar de boas relacións co clero, Camilo Díaz non deixou nunca de manifestar unha postura crítica que condicionaría o seu fin”<sup>32</sup>. Un talante crítico do que participaba tamén cada vez máis claramente o seu amigo Cabada Vázquez, que –como el mesmo, a piques xa de abandonar a carreira eclesiástica, lle comunicaba na mencionada carta a Díaz Baliño– se percibía a si mesmo como “fichado” polos “da súa banda”, a teor do conservadurismo do clero galego da época fronte ás reivindicacións autonomistas e sociais.

Pois ben, a pouco do comezo do levantamento militar de 1936 Díaz Baliño é encarcerado xunto con Casal e “paseado” –só cinco días antes ca este– na noite do 13 ó 14 de agosto de 1936, aparecendo o seu cadáver na gabia da estrada do lugar de Saa, na parroquia de Meixide (concello de Palas de Rei)<sup>33</sup>. Pouco antes escribía desde o

29 Ver datos máis concretos sobre isto en SUÁREZ, *Camilo...*, p. 87. A modo de resumo, indica a mesma autora noutro lugar: “Non podemos esquecer que a súa formación, tanto artística como vital, esta ligada aos círculos católicos galegos” (id., *Pintor...*, p. 96).

30 Cf. SUÁREZ, *Pintor...*, p. 95. Aquí mesmo fala a autora do “misticismo sentimental” e do “sentimento relixioso” da obra artística de Díaz Baliño que están nel ó servizo da “recuperación da identidade cultural galega” (id., *o.c.*, pp. 95-96).

31 SUÁREZ, *Camilo...*, p. 89.

32 DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, p. 218.

33 Cf. DURÁN, *o. c.*, p. 7.

cárcere estas liñas nunha derradeira carta: “Tengo la seguridad de que yo estoy detenido por alguna calumnia y así lo creen todos”<sup>34</sup>.

Mais, aínda que non é posible tentar atopar racionalidade onde non a houbo, E. Suárez fai referencia ó devandito corremento á esquerda de Díaz Baliño e mais á “perigosidade” da súa amizade con Casal: “Tal vez fose o seu achegamento á esquerda galeguista ou, máis probablemente, a amizade con Ánxel Casal, elixido ese ano alcalde dunha cidade onde non espertaba moitas simpatías, o que o fixera ‘perigoso’ ós seus ollos; parece inútil buscar explicacións á loucura asasina que trouxo aquel verán”<sup>35</sup>.

En realidade, e tal como indiquei, a barbarie embafarase poucos días despois, na noite do 18 ó 19 de agosto, co seu amigo Casal, aparecendo o seu cadáver nunha curva de Cacheiras, preto do cemiterio de Teo <sup>36</sup>. De modo que os dous asasinatos parecen estar claramente vencellados na intención dos seus autores. Para estes, Díaz Baliño e Casal participaban por igual dun ideal social e político co que os seus asasinados non conxenaban.

O estreitamento ou fortalecemento da amizade, que xa viña de antes<sup>37</sup>, entre Díaz Baliño e Casal tivo moito que ver coa chegada deste a Santiago unha década despois de que Díaz Baliño fixera idéntico traslado desde A Coruña á cidade compostelá. Segundo os autores da recente e documentada biografía de Casal, “parece que quen o animou para que fose para Santiago foi o seu amigo Camilo Díaz Baliño”<sup>38</sup>. As razóns serían de tipo económico en relación coa súa


34 O texto completo manuscrito desta carta en DÍAZ PARDO, *o.c.*, p. 41.

35 SUÁREZ, *Camilo...*, p. 96. Pola súa parte, o seu fillo Isaac, mergullado daquela en actividades propagandísticas da esquerda política, expresa a crenza de que co seu asasinato o seu pai Camilo “pagó culpas, o parte de ellas, que yo tenía” (Cf. DÍAZ PARDO, *o.c.*, pp. 39-40).

36 Cf. DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, p. 158.

37 Díaz Pardo –o fillo de Díaz Baliño– di que Casal fora “como hermano para mi padre ya antes de la fundación de las ‘Irmandades da Fala’” (DÍAZ PARDO, *o. c.*, p. 37). Ver tamén FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., *Ángel Casal e o libro galego* (Sada - A Coruña, Ed. do Castro, 1983), pp. 88-89.

38 DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, p. 403.



Dous debuxos de Ánxel Casal, o primeiro realizado por Carlos Maside e o segundo por Camilo Díaz na prisión de Santiago en agosto de 1936.

actividade editorial, tal como sostén Vázquez Souza contra o distinto parecer de Díaz Pardo<sup>39</sup>.

Díaz Pardo, en calquera caso, lembra así o desembarco en Santiago de Casal, que deste modo se vai instalar na casa na que vivía a propia familia de Díaz Baliño desde había catro anos máis ou menos: “Cuando Casal en el año 31 decidió irse a Santiago, mi padre, que por esas fechas se iba a América, le dejó a Casal la casa de la rúa das Hortas, 20, donde montó la imprenta, para lo que mi madre y nosotros dos hijos nos fuimos para una pequeña casa en la calle de Carretas mientras todos los enseres de mi padre los guardaba Asorey en su taller de Caramoniña”<sup>40</sup>. Deste xeito foi o seu amigo Díaz Baliño quen lle facilitou a Casal e á súa imprenta-editorial “Nós” o traslado da Coruña a Santiago ata que dous anos despois, entre abril e xuño de 1933<sup>41</sup>, faga Casal a mudanza para o nº 15 da rúa do Vilar.

39 Cf. VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 308-309.

40 DÍAZ PARDO, *o. c.*, p. 156.

41 Cf. VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 328-329.

Respecto da data do traslado de Casal da Coruña a Santiago, Vázquez Souza fala de que este debeu de ser “en maio ou xuño” de 1931<sup>42</sup>. Pola miña parte, coido que a posibilidade do mes de xuño debe ser descartada e que se pode dicir, polo tanto, con seguridade que o traslado ocorreu en calquera caso xa *antes do 23 de maio* se se atende á longa carta –máis arriba reproducida– de Cabada Vázquez a Díaz Baliño (cando este se atopaba aínda coa coral “De Ruada” na súa xira americana), que remata con esta referencia ó común amigo de ámbolos dous: “O Casal veuse coa imprenta pra Santiago e foise establecer ó nº 20 das Hortas. Xa ves que foi casoalidá. Saíches ti e entrou el”. A carta leva, en efecto, a data do 23 de maio. Isto está polo demais en consonancia co que di o propio Casal na entrevista que lle fixo Alvaro de las Casas no ano 1934: “En mayo de 1931 me instalé en Santiago, en el número 20 de la calle de las Huertas”<sup>43</sup>.

Respecto da personalidade de Casal, ofrécenos Fernández del Riego un emotivo retrato: “Admirabamos todos nel a súa xenerosidade, o seu feitío fondamente humano, a súa galegitude increbantable. O norde da súa vida xiraba arredor dunha identificación total co ser de Galicia. Era home de sorriso aberto, de faciana acesa, apertando decote un xaruto entre os dentes. Con fogaxe ás veces no dicir, facía gala dun idealismo galeguista sin feblezas, e dunha grande fe no porvir”<sup>44</sup>.

O galeguismo de Casal era naturalmente anterior á súa vinda a Santiago. Recentes pescudas poñen ben de manifesto a importancia da relación de Casal coas Irmandades da Fala, ó pertencer el, desde 1921 ata o seu traslado a Santiago, á Directiva da Irmandade da Coruña de maneira sucesiva como vocal, vicesecretario ou secretario da mesma<sup>45</sup>.

42 Cf. VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 308 e 309.

43 Cf. VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, p. 646. O texto completo desta extensa entrevista pode lerse nas pp. 643-648 desta mesma obra de Vázquez Souza e tamén en DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 345-350. Non parece tampouco, polo mesmo, moi exacto o que indica Fernández del Riego de que foi “aló polo mes de agosto do 1931” cando Casal se trasladou a Santiago (Cf. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *o. c.*, p. 22).

44 FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *o. c.*, p. 88.

45 Ver DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 449-450, 453-456, 460-463.

É precisamente en relación coas Irmandades da Fala como se inician os primeiros contactos entre Casal e Cabada Vázquez, dado que este –como xa indiquei– asistiu probablemente no ano 1923 na Coruña á V Asemblea, habendo constancia segura en calquera caso da súa asistencia (en compañía de Díaz Baliño entre outros) á VI Asemblea, celebrada en abril de 1930 tamén na cidade herculina<sup>46</sup>. Nelas sen dúbida iríase pouco a pouco afinando a relación de mutua amizade tanto persoal como ideolóxica entre ámbolos dous.

Poucas semanas (ou quizais só días) antes do traslado de Casal a Santiago e só unha semana despois da proclamación da República o 14 de abril de 1931, os xornais do día 22 do mesmo mes dan conta da fundación nesta cidade da “Agrupación Nazionalista” de Santiago nun acto celebrado no Recreo Artístico e Industrial ó que asistiu unha numerosa concurrencia. Nese acto foron designados “por aclamación” os integrantes do comité provisional da Agrupación: Francisco Vázquez Enríquez como presidente, Juan Jesús González como Secretario, e Luis Seoane, Sebastián González e Xosé M. Cabada Vázquez como vocais. Este comité –do que formaba parte polo tanto Cabada Vázquez como vocal– tiña como función a organización da nova Agrupación Nazionalista con vista sobre todo á preparación do Estatuto de Galicia, dadas as posibilidades abertas pola República en relación cos posibles gobernos autonómicos<sup>47</sup>.

Tres meses despois, o 25 de xullo deste ano 1931, Cabada Vázquez le o seu acendido poema *No día de Galicia* ante a estatua compostelá de Rosalía na magna procesión cívica presidida polo alcalde de Santiago, Raimundo López Pol. O poema remata –case un presaxio do próximo tráxico final dos seus amigos Casal e Díaz Baliño, seguramente alí presentes– deste xeito:

46 Ofrezo máis detalles sobre a celebración desta derradeira Asemblea das Irmandades da Fala en CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 213-214.

47 Cf. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 214-216.

¡Galicia! ... ¡Nai Galicia!... ¡Terra a nosa!..., ¡Caiamos por Galicia na batalla!<sup>48</sup>.

Unha vez obtido no mes de setembro deste ano 1931 o permiso de secularización (pouco antes recibira a orde do diaconado), Cabada Vázquez empeza a súa actividade profesional docente en Vigo, mentres que Casal continúa na súa nova residencia compostelá coa súa tradicional actividade editorial. Pronto se encontrarán, sen embargo, de novo no mes de decembro en Pontevedra con motivo da fundación do Partido Galeguista. Entre tanto Cabada Vázquez entrara xa en contacto co “Grupo Autonomista Galego” de Vigo, e formando parte deste grupo galeguista vigués (foron máis de trinta os grupos ou organizacións galeguistas presentes en Pontevedra) asistirá nos días 5 e 6 de decembro á devandita importante reunión fundacional do Partido Galeguista. Pola súa parte, Casal formaba parte da representación do grupo de Santiago, mentres que Díaz Baliño non estivo presente.

As crónicas da reunión pontevedresa falan concretamente das intervencións de Cabada Vázquez a prol da “creación dun imposto progresivo sobre a renda” (en contra da primitiva redacción da ponencia), que obtivo finalmente o respaldo da asemblea. Un tema fiscal este que suscitou un forte debate e no que Cabada Vázquez se empregou a fondo sendo ovacionado polos asistentes. Casal (aínda que non hai constancia de que intervise directamente nos debates da reunión pontevedresa) seguramente debeu de estar de acordo —dado o seu talante progresista— coa proposta (recollida formalmente no programa do Partido Galeguista elaborado nesta asemblea) do seu amigo Cabada Vázquez<sup>49</sup>.

48 O texto do poema foi publicado na revista “NÓS” no mesmo 25 de xullo e posteriormente nun “Suplemento Gratuito de NÓS”, obra polo tanto do seu amigo Casal. Ver CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 216-221.

49 De feito, Lois Tobío Fernández (pertencente ó grupo de Santiago, ó que tamén pertencía Casal) defendeu explicitamente a proposta de Cabada Vázquez (como tamén Xerardo Álvarez Gallego, pertencente —como o propio Cabada Vázquez— ó grupo de Vigo). Para datos máis concretos sobre este punto, remito a CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 222-226.

Despois do xurdimento en Pontevedra do Partido Galeguista, Cabada Vázquez intégrase en 1932 na directiva do Grupo Galeguista de Vigo como Secretario de Actas<sup>50</sup>, mentres que, de maneira similar, Casal actúa como secretario do grupo galeguista de Santiago<sup>51</sup>. Pero vai ser aquí en Santiago onde Casal e Cabada Vázquez se reencontrarán de novo con motivo da celebración da II Asemblea do Partido Galeguista (a primeira despois da fundacional de Pontevedra) nos días 10 e 11 de decembro de 1932. Cabada Vázquez vai a Santiago, en efecto, como un dos delegados do Grupo Galeguista de Vigo nomeados a tal efecto, e alí



Xosé Manuel Cabada Vázquez.

foi elixido “por aclamación e a proposta do grupo de Santiago” (ó que pertencía Casal) Secretario de actas para a Mesa da Asemblea<sup>52</sup>.

Pódese dicir que este foi o último encontro “oficial” entre Casal e Cabada Vázquez, dado que o por este non desexado, mais a el escurementemente imposto, afastamento de Galicia desde o verán do ano seguinte vaille impedir a asistencia ás posteriores asembleas do Partido Galeguista<sup>53</sup>.

Pola súa banda, Casal segue adiante coa súa actividade política galeguista, republicano-esquerdista, en Santiago ata chegar a ser eli-

50 Ver CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 230-231.

51 Cf. SEIXAS SEOANE, MIGUEL ANXO, *Anxel Casal* (Santiago, Concello de Santiago-Departamento de Educación e Mocidade, 2000), p. 19.

52 Ver CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 232-233.

53 Sobre as razóns deste exilio imposto desde arriba a Cabada Vázquez, pode lerse CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 102-107.

xido, por votación unánime dos concellais, alcalde desta cidade o 23 de febreiro de 1936<sup>54</sup>, poucos días despois da victoria da Fronte Popular na que previamente se integrara en xaneiro do mesmo ano o Partido Galeguista. Como era de esperar, Cabada Vázquez escríbelle desde Linares (Jaén) dándolle a noraboa polo novo cargo. Aínda que esta carta de Cabada Vázquez pode considerarse perdida (de momento alomenos), si se sabe da súa existencia pola resposta que lle manda Casal. Na carta deste, escrita á man, sen data e coa cabeceira oficial do concello de Santiago, dise o seguinte:

Querido Cabada! Recibín a túa garimosa felicitación, que moito agradezo, pola miña chegada a iste cárrago no que estou ao teu dispor e decidido a seguir labourando con todo entusiasmo pol-o conqwerimento dos nosos ideaes.  
Recibe unha aperta de Camilo e un feixe de apertas do teu decote

A. Casal.

De novo, pois unidos –coma no *Conto de Guerra*– os mesmos tres nomes (Cabada, Casal e Camilo Díaz Baliño) nesta probablemente derradeira carta de Casal a Cabada Vázquez. Se Díaz Baliño traballaba como delineante no concello compostelán desde había xa tempo, agora coa chegada do seu amigo Casal á alcaldía do concello o seu traballo seguramente multiplicaríase, mentres que Cabada Vázquez só podía desde lonxe acompañar e participar de algún modo nos seus logros. Casal chegaría incluso, ademais, o 23 de marzo de 1936 (un mes xustamente despois da súa elección como alcalde) a ser elixido tamén vicepresidente da Deputación provincial coruñesa. Poucos días despois, o 2 de abril, morre Cabada Vázquez en terras andaluzas.

Como alcalde, Casal presidíu a asemblea do Estatuto, que foi posteriormente plebiscitado o 28 de xuño e presentado a mediados de xullo, case no comezo mesmo da contenda civil, ó Presidente das Cortes. Formaba parte Casal da comisión que o presentou en Madrid. Pouco despois da súa volta ocorrerían os tráxicos acontece-

54 Importante e clarificadora información ofrecen sobre esta actividade política de Casal nesta época DOBARRO PAZ / VÁZQUEZ SOUZA, *o. c.*, pp. 97-100, 103, 107-110.

mentos que levaron ó carcere e ó posterior asasinato tanto a Casal como a Díaz Baliño.

De modo que en pouco máis de catro meses a bíblica “corda de tres fíos”, que non se rompeu, deixa sen embargo de ser experiencia e encontro viventes para pasar a converterse –poderíase dicir– en historia exemplar e paradigma de galeguismo.





## San Martiño de Riobó: xentes e paisaxes. Dos papeis de Xosé Figueiras Baltar

Juan Fernández Casal

No noso permanente desexo de rescatar do esquecemento as pequenas historias desta parroquia logramos publicar no volume 5 desta revista un traballo sobre os muíños de Riobó onde se relata o uso, costumes e vida social que ó redor deles se desenrolaba<sup>1</sup>. Noutro número da serie –número 7, 2004–, describiamos os traballos e tarefas das mulleres operarias da fábrica de Papel de Riobó, ó pé do río Bo, que ata hai setenta anos abastecía o mercado de papel de estraza e de barba<sup>2</sup>.

Tentamos aquí agora evocar toda una serie de historias, usos e costumes de xentes humildes que viviron, gozaron e padeceron nun periodo que abrangue a totalidade do século XX. Centrámonos hoxe nun persoaxe veciño de Riobó que narra nos seus escritos os aconteceres de varias xeracións de persoas e tamén da súa propia vida: don Xosé Figueiras Baltar. Estas memorias, recollidas en varios cadernos<sup>3</sup>, fan referencia a toda unha serie de persoas e as súas andaiñas e sobresaen pola visión retrospectiva dun mundo, o noso mundo

1 “Breve aproximación ós muíños da parroquia de Riobó (A Estrada, Pontevedra)”, pp. 19-33.

2 “Fábrica de papel en Riobó”, pp. 9-27.

3 Encóntrase hoxe no Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada, a disposición dos investigadores.



Fervenza a carón da ponte de Riobó.

rural tradicional, que se está a esvaecer e que na actualidade nin os máis vellos recordan xa.

Coa publicación deste traballo pretendemos dar a coñecer a personalidade deste persoaxe sobranceiro e polifacético que profesou un intenso amor a Galicia e a Riobó, a súa parroquia natal, na que un día teremos a dita de acougar en sono eterno.

A parroquia de San Martiño de Riobó sitúase na Ulla Alta e está atravesada polo río Bo, afluente do Ulla. Ten polo norte a parroquia de Oca e un anaquiño de Arnois. Polo sur, limita con Santo Tomás de Ancorados. No leste ten por veciña a parroquia de San Vicente de Berres e no oeste toca coa de San Cristovo de Remesar. Forma parte das cincuenta e unha parroquias que compoñen o concello da Estrada e ocupa o lugar trinta e sete por orden alfabético e, ó mesmo tempo, é unha das máis pequenas con só 270 hectáreas que, se as pasamos á nosa medida tradicional agraria, supoñen 4.326 ferrados e 22 cuartillos.

O terreo vén descender de leste a oeste, acadando a máxima altura no lugar de San Martiño con 200 metros e a mínima no lugar do Río con 140. Ten, según o Catastro de Ensenada, un cuarto de legua de levante a poñente e uha legua de norte a sur. Formaba parte da antiga xurisdición de Tabeirós e, eclesiasticamente, é anexa da



Procesión de San Martiño. Adro da igrexa de Riobó, ano 1962.

inmediata de Remesar, ámbalas dúas do arcebispado de Santiago. Noutro tempo foi curato de segunda presentación do Mosteiro de Sar. Este dereito de presentación orixinou un longo pleito que entablou don Domingo Galloso de los Cobos, señor de Oca, contra o Superior daquel mosteiro, fallándose no ano 1775 a favor da casa de Camarasa, actual propietaria do Pazo de Oca. Dende aquela, a parroquia de San Martiño de Riobó pasou a ser de presentación dos Marqueses de Oca, pero xa hai bastantes anos que este privilexio deixou de existir. É curioso salientar que ata mediados do pasado século, o Marquesado de Camarasa tiña dereito de presentación en cento cincuenta e cinco parroquias.

Situémonos agora a principios do século vinte; daquela era párroco de San Cristovo de Remesar e da súa anexa San Martiño de Riobó don Francisco Silva Señoráns. Nacera este sacerdote en Cereixo e ós corenta e cinco anos xa estaba á fronte destas dúas parroquias. Nada podo dicir do seu labor pastoral pero si das inquedanzas por mellorar e conservar o patrimonio da igrexa de Riobó.

Así, restaura o retablo do altar maior, de estilo barroco, que fora construído no ano 1744 polo artesán santiagués Luis Parcerero sendo párroco Juan del Río, por importe de 1.800 reais. Na parte alta deste retablo aínda se le:

SIENDO PÁRROCO D. RAMÓN SILVA SEÑORÁNS PINTADO ESTE ALTAR EN EL AÑO 1908. EL PINTOR M. ÁLVAREZ FERNÁNDEZ DE STA. CRUZ, SIENDO FABRIQUERO DON JOAQUÍN GARCÍA. COSTEANDO LA OBRA DICHO SEÑOR CURA Y SUS FELIGRESES DE ESTA DE RIOBO.

E noutro lugar:

SE PINTÓ A EXPENSAS DEL PÁRROCO DON R. SILVA SEÑORÁNS EN EL AÑO 1908 a1909.

Tamén debemos citar que as actuais campás dátanse nos anos 1832 e 1849 e teñen gravadas estas lendas:

Dereita:

MARÍA Y JOSÉ AÑO 1831.

Esquerda:

MARÍA Y JOSÉ AÑO 1849 JSH HÍZOSE SIENDO ABAD JOAQUÍN BARCALA.

E seguimos co que se podería chamar anecdotario de curiosidades. Nas dúas parroquias de presentación dos Marqueses de Camarasa, Remesar e Riobó, o que fora párroco, Silva Señoráns, instituiría unha beca de estudos de media pensión para o seminario de Santiago para costear cama e sustento. A comida consistía nunha taza de caldo ó mediodía e outra á noite. Aclaramos que os estudantes de pensión completa tiñan dereito a un plato de caldo, outro de comida e, se eran maiores, un vaso de viño. Había dous comedores que separaban ós de media pensión dos de pensión completa. Beneficiáronse desta beca don Constantino Neira Baloiira e don Xosé Campos Calveiro, párrocos que foron de Moreira e Castro, respectivamente e falecidos hai anos.

Moitos anos despois, don Antonio Liste Rodríguez, natural de Riobó e párroco de Cambados, propúxolle a don Constantino Neira e a don Xosé Campos costear outra media beca para faceren pensión completa pero non aceptaron. Sobre os anos oitenta do pasado século don Antonio Liste pediu informes para costear da súa facenda unha beca de pensión completa. A resposta do arcebispado foi que se precisarían once millóns de pesetas.

Imos dar outro salto no tempo centrándonos agora en don Francisco Arias Diéguez párroco a quen lle correspondeu rexer a parroquia antes, durante e despois da Guerra Civil española, cando as vingas do gañador sobre os perdedores eran frecuentes, pois aqueles que foran contrarios ó réxime de Franco perigaban pola persecución a que eran sometidos, podendo ser encarcerados ou cousas peores. Os cregos controlaban a asistencia ós actos relixiosos, e sobre este tema cóntase nestas terras unha anécdota.

A asistencia á misa dominical era a mostra oficial de ser bo fregués e cristiano, de xeito que, rematada a guerra, aqueles que noutrora se mostraran furibundos inimigos da Igrexa e de todo o que ela representaba comezaron a asistir á misa por temor ás represalias. Un deles, Luis da Cañoteira, inimigo do crego e das súas predicas, comezou a asistir habitualmente á misa. Un día, no adro, o señor cura chamou a Luis e preguntoulle con moita retranca:

– ¿E logo, Luis, sei que vés salvar a túa alma?

O Luis respostoulle:

– Non, señor cura. O que quero salvar é o meu corpo, que a alma impórtame ben pouco.

Pero deixemos tempos idos e pasemos ó ano 1997. Mediante unha subvención estatal renovouse o tellado e as vigas da igrexa, aproveitando os fregueses esta oportunidade para realizar outras reformas complementarias custeadas por suscripción popular. Durante as obras de desescombros do material vello, mesturado con cascotes da parede, apareceu un lenzo cunha copia da Última Cea de Leonardo da Vinci nun lamentable estado de conservación, con



Vista xeral do cadro do pintor compostelano Garabal.

picaduras debido á machacadura das pedras e a acción do tempo. Tentamos rescatar esta pintura e restaurala o mellor posible para o que pedimos opinión a expertos restauradores pero as solucións eran moi caras e fóra do alcance das nosas posibilidades, polo que optamos por facer nós de expertos na materia.

Extendimos o lenzo sobre unha superficie lisa de cemento e con auga xabronosa frotamos suavemente a tea por ámbolos dous lados. O cutre acumulado dos fumes e do po de cen anos foi saíndo en forma de prebe escura. Despois de ben clarexado con augas limpas, a tela descubriu as cores en todo o seu esplendor e daba gusto vela.

Secou a pintura, fíxoselle un marqueado ríxido semicircular e pendurouse na parede da tribuna separada dela para facilitar a ventilación. Lembran os vellos que este lenzo, pintado por Garabal, colocábase na Semana Santa sobre o arco triunfal da igrexa.

O tema do cadro é a Última Cea copiada do orixinal de Leonardo que se conserva no refectorio do convento de Santa María delle Grazie de Milán. O lenzo ten forma semicircular cun diámetro de 3,87 m e foi pintado no taller da familia Garabal que na primeira década do pasado século estaba situado preto do Seminario Maior

compostelano. Con respecto ó orixinal de Leonardo observamos algunhas diferenzas: na copia non aparcen as tres ventás do fondo nin as catro portas laterais. Algúns personaxes están trocados de posición. Non se pintaron os coitelos sobre a mesa. As caras dos apóstolos están moi ben conseguidas pero non así as representacións das bolas de pan e peixes que hai xiscados sobre a mesa. Como anecdótico podemos suliñar a candorosa escea dun apóstolo que levanta a súa man dereita co puño pechados pero con seis dedos. Descoñecemos o simbolismo que este detalle encerraba. Todo fai pensar nunha obra de taller na que o mestre Garabal deseñou a composición e pintou as caras e vestiduras, deixando ós aprendices o acabado do monumental cadro.

Tamén debemos mencionar outro obxecto que quedou instalado no interior da igrexa durante a reforma: trátase dun reloxo de parede que antigamente pertencía á escola de nenos de Riobó, mercado coa aportación dos veciños na emigración na primeira década do século XX. Cos cambios de locais escolares este reloxo andivo tamén trocando de lugar ata que ultimamente estaba depositado na antiga escola onde viña ser xoguete para rapaces e exposto a que o roubasen. Co permiso da parroquia levámolo a un taller para a súa restauración e de seguido colocouse na parede da igrexa onde está a funcionar moi ben; a min persoalmente prodúceme unha fonda emoción cando durante a misa dos domingos soan as campás das once e logo a repetición do bordón. Este reloxo é de fabricación francesa, marca “Maureaux” de finais do século XIX. Os reloxeiros compraban a Francia só a maquinaria e aquí, terra de bos carpineiros e ebanistas, facíase a caixa. Para deixar constancia de que dito reloxo é propiedade dos fregueses e non da igrexa, o entóns párroco, don Manuel Pazos asinou un documento no que afirma que se encontra no templo parroquial en calidade de depósito e que non constaría no inventario do mesmo.

Tampouco queremos deixar de salientar os restos dunha talla en madeira policromada de San Xoán Bautista atopada no faio da igrexa, toda comesta polos insectos xilófagos e da que só se percibe un



A imaxe de san Xoán no 1925.



Estado actual da talla.

fragmento da faciana con restos de policromía. Por outra banda na *Geografía de Galicia* dirixida por Carreras y Candí, nun artigo de Gerardo Álvarez Limeses<sup>4</sup> aparece documentada esta imaxe mediante unha fotografía en branco e negro, datada no ano 1925. Na foto aparece a talla enteira sen signos de ataque da polilla e ó pé o seguinte texto: *La Estrada – Siglo XV Imagen de San Juan en madera policromada, en Riobó.*

Os fregueses máis vellos lembran esta imaxe colocada no retablo do altar maior; máis tarde o párroco don Francisco Arias Diéguez mandouna colocar sobre a pía bautismal, onde se celebraban tódolos bautizos que, dende logo, eran moito máis numerosos que agora. Rodeaba esta imaxe un precioso marquetado de talla barroca do que se conservan aínda tres pezas. Así estivo esta imaxe de San Xoán bendicindo os bautizos de tódolos cativos da parroquia durante vintecinco anos ata que o finado párroco don Manuel Pazos Viz mandouna retirar porque a talla non representaba con dignidade ó Santo.

O que queremos salientar é o detalle que unha imaxe estivera case cinco séculos perfectamente conservada coas súas

4 *Geografía General del Reino de Galicia*, F. Carreras y Candí, director. Vol. XII, Barcelona, 1936, pax. 549.

cores orixinais e que despois, nun período só de vintecinco anos, colocada enriba da pía bautismal, chegase ser pasto da carcoma ata tal punto de que quedase inservible para o culto. A explicación é ben sinxela: as humidades da auga da pía e a evaporación constante fixeron de sabedeiro adubo para as larpeirentas polillas que durante todo ese tempo criaron miles de xeracións para perpetuar a súa especie, pero a conta da madeira da antiga e santificada imaxe.

Correspóndenos presentar agora ó protagonista e ubicalo nun tempo, a totalidade do século XX, e nun lugar concreto: a parroquia de Riobó e o seu entorno máis inmediato. Xosé Figueiras Baltar nace no lugar de San Martiño un vintecinco de novembro de 1903 na mesma onde deixou este mundo o trece de abril de 1991. Nos oitenta e oito anos da vida dunha persoa ten que haber acontecementos felices e grandes tristuras. De todo isto queremos deixar constancia nestes papeis dirixidos especialmente ós nosos veciños de Riobó para que non quede no esquecemento este persoaxe que callou moi fondo na vida desta parroquia. Imos centrarnos un pouco na súa biografía para deixar para logo a súa obra escrita.

De rapaz e xa de mozo participou no sufrido traballo da labranza e da gandería pero as súas inclinacións musicais lévanlle a aprender solfeo cos directores das bandas de música. Debía ter bo oído musical pois xa de mocinho debuta tocando a frauta, o frautín e a trompeta cos seus inesquecibles mestres e directores de banda Manuel Liste e o seu fillo Xosé Liste.

Tal vez se vise favorecida esta vocación de Figueiras polo ambiente musical que daquela existía nesta comarca onde abundaban as bandas e grupos de gaiteiros e requinteiros tan solicitados nas romarías e nas festas. Viñan desempeñar o oficio das orquestras de agora pero só con tres músicos. Por outra parte, nesta parroquia, no lugar de San Martiño, existía xa a finais do século XIX un dos poucos talleres de Galicia donde se construían as famosas requintas, instrumento novidoso nestas terras que algúns estudosos supoñen orixinais das bandas de música das tropas napoleónicas durante a guerra



Casa petrucial de Xosé Figueiras.

da independencia española. Na actualidade segue traballando este taller, propiedade de Xaquín García, o mesmo nome que levou o seu bisavó, fundador do taller, pero xa non fabrica requintas porque este instrumento non ten demanda, centrándose na elaboración de gaitas. As poucas requintas que aínda quedan entre nós convertéronse xa en obxectos de museo<sup>5</sup>.

Neste ambiente musical criouse Figueiras alternando os labores do campo coas súas afeccións artísticas. Ós vinte e catro anos está a facer o servizo militar en Zaragoza e alí, seguindo as súas inclinacións musicais, forma unha orquestra que tocaba nalgúns actos públicos. Pero, como home polifacético e de grandes recursos, ascende a sarxento e máis adiante a suboficial do corpo de radiotelefonía e automobilismo. Dá outro salto na súa actividade e chega a exercer como mestre de equitación no hipódromo da Zarzuela.

Pero de súpeto abandona estas actividades da vida militar na que lle esperaba un grande porvir e dáse de baixa no exército. Máis

5 Este instrumento musical está sendo obxecto de especial atención pola activa asociación cultural Val do Ulla, <http://www.valdoulla.com>.



O mestre de Riobó no ano 1949 rodeado dos seus alumnos. De esquerda a dereita e de arriba abaixo: José Bascuas Davila, Manuel Porto Prado, José Castro Fernández, Antonio dos Santos Castro, José Espiño Taboada, Daniel Liste Romeu, Manuel Seoane Castro, Ovidio Villaverde Pena, José Álvarez Servide, Manuel Neira Barros, José Porto Prado, José Baltar Seoane, Modesto Rodríguez Villanueva, Manuel Liste Romeu, Héctor Villaverde Pena, o mestre Manuel Ferro Díaz con Fernando Seoane Castro, José Villaverde Pena, Ramiro Vidal Peiteado, José Quinteiro Martínez, Jesús Rey Fernández, Eduardo Romeo Cabaleiro, José dos Santos Castro, Luís Rey Castro, José Manuel Carregal Gómez, Jesús Liste Romeu.

adiante pesulle esta decisión e nas súas memorias maniféstao así: *cometín aquel grande erro abandoando tan froescente cárrego, decisión mal tomada.*

De novo as súas inqedanzas lévano por outros torreiros. Pola década dos corenta aparece como administrador do duque de Terranova, en Vilagarcía, e poucos anos despois, socio do mesmo nun aserradeiro. Continúa na industria da madeira e anos despois pasa a Boiro asociado co Sr. Lema. Nesta estada foi onde permaneceu máis anos ata que lle chegou a súa xubilación e voltou ás súas raíces, terra que o veu nacer.

Pero o Sr. Figueiras, ademais das actividades aquí reseñadas, presenta unha nova faceta, a da creación literaria, da que máis adiante falaremos, e a artístico-musical, na que salientamos a fundación do Coro “Airiños da Ulla”.

En calquera vila que se precie de certo nivel cultural non deixa de haber unha agrupación coral que interprete preferentemente cancións populares, pero naqueles tempos, cando máis da metade da poboación era analfabeta e había outras necesidades máis perentorias, foi un grande logro organizar un grupo de persoas para interpretar cancións populares e tamén clásicas. Debemos engadir que os compoñentes do coro Airiños da Ulla eran veciños destas parroquias que se dedicaban á agricultura e gandería, pero que encontraban sempre un momento para acudir a ensaios e actuacións

Pero deixemos que o propio fundador nolo conte coas súas propias verbas.

Orixe do coro Airiños da Ulla. Agrupación Coral Airiños da Ulla, Riobó, A Estrada. Como comezou.

Esta Agrupación cultural foi orgaizada e dirixida por Xosé Figueiras Baltar, na súa parroquia de San Martiño de Riobó (A Estrada).

Alá polo mes de xullo do ano 1933, unha dúcea de mozos e mozas ateigados de amor ó noso folclore diron comenzo ó ensaio da Misa a tres voces, de Cosme e Benito. Esta había de ser estrenada o día da festa do Smo. Cristo da Saúde que decote se fai no mes de maio.

No mes de setembro xa se engadiran máis afeizoados de San Miguel de Castro e de Sto. Tomás de Ancorados concretando eisí dezaioito voces. Coelas terminouse a misa en xaneiro. Dista data deica á festa ensaiáronse Cantos Galegos, foron executados ese día na toxeira denantes do comenzo da romaxe. Eisí foi o día dez de maio do trinta e catro, á mañá cantouse a misa na igrexa que se alcontraba chea de romeiros devotos do Santo Cristo.

Pola tarde, presentados polo entón Presidente do Centro Galego de Emigrantes Don Xosé Baamonde Souto, o coro desenrolou o seguinte programa:

*Alalá*, de Valverde, a catro voces

*Mozos e Mozas*, de Torres Creo, a dúas voces

*Aló Nas Tardes Serenas*, de Torres Creo

*Pandeirada*, de Torres Creo, (bailada por dúas parellas)

E terminando co Himno Galego.

Unha noite dóce de romeiros que aconteceron, escoitaron sempre con impresionante silencio e apraudindo en cada canto. Terminada a actuación subiron ó estrado amigos, colaboradores e personalidades das letras e da música para dar a súa enhoraboa. Como nota salinte, a nena Merceditas Otero Llamas co seu traxe regional reparte ramos de froes e bolsas de caramelos ós coristas. O entusiasmo foi medrado na prensa regional e as moitas crónicas pubricadas cicais

fixeron que viñeran máis persoas de Oca, Remesar, e en maior número de Berres. Entón o coro colleu máis forza pois xa tiña vinteseis voces.

Comenzou de novo o ensaio con máis entusiasmo e fomos engadindo novos temas:

*Os Dalá Darriba*, de Torres Creo

*Alborada de Veiga*

*O Consolo*, melodía de Paz Hermo

*De Volta da Festa*, do mesmo autor

*As Rapazas de Ribeira*, de Torres Creo

*Oración de Media Noite*, con letra de García Barros e axeitoulle música o grande compositor galego Bernardo del Rio.

*Festa na Casa*

*Que coloradita*

*O Saramago verde*

*Meniña doénche os ollos*

E algunhas máis. Con componentes do coro formouse o Cadro do Teatro Galego aleizado polo poeta Don Manuel García Barros, Ken Keirades que presto puxo para escea:

*A Gavilla*

*Trato a Cegas*

*O tolo da Lastra*

*Tres Conversas*

E outros máis.

Meirande axuda foi tamén a de Don Ramón Valenzuela Otero a quen lle tituaban “Pepe dos Cestos” polos seus famosos contos, sobre todo os contos do tren. As súas actuacións nos escenarios foron moi resoantes dándolle ó coro certo enxebriismo. Xa todo preparado e a punto comezaron as saídas:

O trinta e un de agosto a Añobre para facer esquecer as tristuras que anos atrás enloitaron aquela famosa bisbarra. Dalí a pouco un día de festa galega no Pazo da Mota, dos Señores de Otero. Festa, romaría íntima naquela fermosa herdade. Nela estiveron tamén:

Os Duques de Terranova

Os Marqueses de Camarasa

Os Duques de Medina de las Torres

Os Condes de Cardona.

Naquel ampro chan da eira de mallar, ó socaire dos palleiros da herba seca e do olmo, antre buxos, loureiros, aveláns e de cara ó lexendario hórreo, estaban esperando ó coro Airiños da Ulla que logo fixo a súa entrada polo poñente do bosque ó son dunha foliada

Alí executaron a máis florida escolma do seu repertorio que os selectos asistentes premiaron con vivas e longos aplausos.



Xosé Figueiras nos seus mellores anos.



Xosé Figueiras e a súa dona.

Terminouse a festa coa pandeirada de Torres Creo cantada e bailada polas dúas parellas de baile e os coristas faguéndolle roda.

Fermosa estampa. De toda esta actuación filmouse unha película. Que será dela...

Aito seguido, os Señores do Pazo fixéronlle honras ós coristas cunha suculenta merenda servida por galeguiñas vestidas cos traxes das súas avoas. Ó mesmo tempo pola mascota do coro foron recolleitos uns sobres contendo a primeira e grande axuda para o coro.

Máis adiante, o vinteno de agosto xa foi por primeira vez ó teatro da vila da Estrada, o “Teatro Novedades” onde por certo outivo un resoante éxito, tanto artístico coma económico. Colaboraron conosco a rondalla da Estrada dirixida por Manuel Santiago. Outra saída foi a Santo Tomás de Ancorados nun día de festa. Alí soio se cantou a misa.

O vinteito de San Xoán actuamos por segunda ves no “Teatro Novedades” da Estrada con un cheo desbordante pois ese día tiña unha solemnidade extraordinaria. A entrega da bandeira do coro.

O coro actuou xa con novo repertorio e ó terminar a actuación foille entregada a bandeira polo entón Presidente do Casino e cronista oficial da vila, don Xose Campos Vázquez, actuando de madriña a señorita Otilia Campos Pego. Esta xoia do coro foi adquirida por aportación popular, sobresaíndo o Centro de Emigrados quen ademais levou a iniciativa da entrega da bandeira.

O director do coro, ó recibir a bandeira leu un sentido discurso de agradecemento polo homenaxe de que eran ouxeto. Unha mesma serán foron recibidos no Casino pola directiva lendo tamén o director unhas emocionadas verbas.

O vinteito de outono, a Lalín co gallo dunha velada no casino daquela vila onde tamén outivo outro novo éisito, destacando as parellas de baile. Tamén autouo o Cadro de Teatro Galego e, como non, o grande “Pepe dos Cestos” cos seus enxebres contos. Denantes desta actuación foille rendido un homenaxe á memoria do noso grande aviador Loriga cantándolle ó pé do seu moimento.

Neste mesmos tempos o coro e o cadro ensaiaban sen descanso novas obras para aumentar o seu programa. Entre outras;

*Quer que lle Quer*

*O Sol de Primavera*

*Muiñeira de Camiño* (de Prieto Rouco).

E tamén o cadro de teatro “*O Zoqueiro de Vilaboa*”, que non chegou a ver a lus.

#### *Un día de folga*

Uns cantos amigos e benfeitores tramaron que o coro debía ter e disfrutar un día de folga, descanso merecido que fixera esquecer as fatigas pasadas no percorrer dos camiños e noites de inverno e choiva.

Pro, ¿onde iba ser? No Pazo de Oca. Pois aló foi: coro, amigos e afeizoados. Era un día de sol loiro, de ambiente morno; algunha raíña de sol deixábase ver por entre os buxos, tilos e aveláns, daquel Versalles Galego, daquel benzoado currunchu ullán. Alí, no meio de tanta beleza, o coro cantou, beilou, aturuxou...

Os gaiteiros perdidos antros arbres faguían soar as súas gaitas. As mozas e mozos ó derredor do estanque cantaban regueifas. Os paxariños do bosque sentían vergoña cantar no meio de voces tan doces.

¡Canta ledicia! ¡Canta xuventude!

A xente que estaba alí á escoita aplaudía a máis non poder.

Logo a degustar os obsequios con que facían honra os orgaizadores sobre das musguntas pedras alousadas daquel bosque de encanto. ¡Quen poidera ter grabado un recordo daquel día tan ditoso!

#### *No Pazo de Oca*

Máis tarde voltamos ó Pazo de Oca cando acudiron alí os do Congreso de Ciencias, que por certo aquela vez apenas pudo actuar polo percance que aconteceu esa tarde no pazo: o derrubamento do salón de recepcións con congresistas que se amontoaron todos ó longo de dúas travesas esnaquizándose e caíndo unhas duascenas persoas nos baixos da antiga Tulla

#### *A Ponte Ulla*

Outro novo éisito naquela risoña vila. Alí foron ouxeto os coristas de tódalas atencións. A sala fíxose insuficiente para acoller semellante xentío que alí aconteceu.

### *A Pardemarín*

O catorce de abril de 1935, en xira desinteresada foise o coro e cadro de teatro a dar unha velada a máis de trescentos rapaces e mozos das escolas das cinco parroquias que abranguía o Sindicato Labrego “Pardemarín”.

Foi máis ben unha festa galega pros nenos daquelas escolas que, por espazo dunhas horas desfrutaron dun ambiente enxebre da terra que os veu nacer. Tamén o coro se veu orgulecido por alcontrarse no meio daqueles tenros retoños que no día de mañá serían cicais capaces de semellar ó coro “Airiños da Ulla”, de pasear o nome de A Estrada por Galicia ou por donde queira que foran. O cadro de teatro puxo en escea “*A Gavilla*” de Álvaro das Casas, que foi moi aplaudida, mormente polos vellos. En fin, foi un día memorable para aqueles rapaces que a maoría nunca esto tiñan visto.

Os aprausos eran ensordecedores. Para nós, os mellores foron os de satisfacción

### *Crónicas*

Despois da actuación en Pardemarín saíron crónicas nos xornais da vila e de fóra dela buscando maneira de que o coro non decaera. No “Emigrado”, Ken Keirades abogaba porque se axudara ó coro pois hastra entón os coristas tiñan que traballar e cotizar. Decía que as autoridades eran as máis chamadas a dar axuda. Logo formar unha sociedade protectora. Pro nadie se dou por enteirado, nin o auntamento nin os particulares. Este silencio sementou descontentos na colectividade. O coro estaba soio. Pro, como o entusiasmo era moito segue cos ensaios. Para o verán seguinte, coa falta duns e doutros xa se predecía o que iba a pasar... e pasou.

### *O coro Airiños da Ulla finou*

O sacrificio continuado, sen bislumes de que deixe de selo, á larga ou á curta, abate todo entusiasmo. A falta de interés pola supervivencia da que era a única colectividade folclórica do pobo estradense que siñificaba cultura e arte agonizaba. A falta de axuda material foi causa de que aquela xuventude fora decaendo e terminase deixando atrás todo entusiasmo, ensaios nas noites estreladas ou de choiva e cantas cousiñas máis. Daquela alcontrabase o director en Madrid quedando no seu sitio o grande director de bandas Xosé Liste Villaverde que non escatimou esforzos no seu cometido.

Estes derradeiros supiros do coro trocáronlle coas esperanzas de Ken Keirades, esperanzas que non esperaban nada. E, por último o coro finou. E finou dunha maneira insospitada. Finou coma a arpa de Curros, na noite do olvido. O fundador dixo: ADEUS MIÑAS ILUSIÓNS

En certa ocasión o coro fora contratado para realizar unha actuación no Pazo de Oca co gallo da visita dos compoñentes dun

Congreso das Ciencias que se celebraba en Santiago e que terminou en traxedia. En “Das miñas lembranzas” escribe Figueiras:

Tal día coma hoxe, sete de agosto de 1934, amañecía un día que se adiviñaba xeitoso. O ceo presentábase despexado, propio deste mes.

O coro “Airiños da Ulla” de Riobó faguía unha das primeiras saídas pois ía cara o Pazo de Oca onde actuaría co gallo do Catorce Congreso de Ciencias que se celebraba en Santiago e viñan de excursión como final daquela tarefa convidados ó Pazo cun viño español. O coro escomezou cantando pola corredoira dos buxos e avelás cara aquela centenaria ampra carballeira que lle bica os pés ó Río Bo para logo arremedar a aquela nube de paxariños hóspedes ledos daquela famosa fraga. Dou volta polo paseo dos tilos e alí cantou onde antes cantara a “Masa Coral de Pontevedra” en camiño cara o estanque. Ó chegar ó par da lancha do pescador fixeron unha parada para cantar a melodía “O Consolo” de Paz Hermo lembrando a aquela parella de noivos que o inferno da tempestade desfixo arramplando co noivo ó escuro fondo do mar.

Camiñaban paseniñamente amparallados por aquela fermosa terraza que naqueles tempos alumeou ó pazo de relumente lus e chegaron ata o xardín onde executaron unha parte do programa que os congresistas apraudiron, sobortodo aquela regueifa de Torres Creo e outras coma “Peta cun pé no sobrado”, “A dalá darrriba”, “Cando van co gando”, “De volta da romaría” e algunhas máis. Xa chegados á escaleira de rubida, un grupo de portugueses preguntou se no repertorio tiñan alguna cantiga portuguesa. Contesta o director que tiñan o fado “Blanquita” pero só con voces de mulleres. Aínda así quixérono oír. Así foi: colocáronse na escaleira de acceso ó salón e comezaron a cantar; pero neste intre deixouse ouvir un estampidazo tremendo aló dentro do pazo. O salón afundírase coa case totalidade dos congresistas.

Pouco despois sóubose a causa do derrumbe. O Rector da Universidade tocou palmas para comunicar ós congresistas que ía actuar o coro e que ó terminar saírían cara a Santa Cruz para visitar aquel pazo. Xúntanse todos ó seu redor e co exceso de peso nun solo punto provocou a catástrofe. Como anécdota diremos que don Gonzalo Otero e maila dona do director coa súa filla Merceditas de seis meses alcontrábanse na porta de entrada ó salón agardando a entrada do coro vendo con asombro como todos se caían quedando eles no pasal da porta. O prensil daquelas xentes, uns sobor outros no meio dos estullos era abrallante. Entón os coristas e directivos trataron de axudar a retirar preto de cuarenta feridos. Entre eles a profesora da Normal do Magisterio de Ávila, Dona Luisa Gómez xa perdera a vida.

Entre os feridos estaba como gravísimo o Sr Cura Párroco, Rvdo. Don Francisco Porto que se negara a saír cara Santiago. Non quería que lle tocasen, prefería morrer alí. Don Gonzalo Otero, que por aquel entón era administrador do Pazo de Oca pola boa amizade cos donos, Excmos. Marqueses de Camarasa, foi



Coro Airiños da Ulla no Palacio de Oca, momentos antes de derrubarse o piso do salón onde actuaban, ano 1933.

quen convenceu ó cura ferido para que Xosé Figueiras, director do coro, o levase no seu propio coche a Santiago. Pasado bastante tempo, auxiliado por muletas, chegou a dicir misa e viveu nunha casa dentro do xardín do pazo. Aínda hoxe a esa casa lle chamamos a casa do cura. Logo a parolar daquelo: o que ía ser unha grande festa galega veuse a converter nun grande pranto de dor.

#### COMPEÑENTES DO CORO

Pola zurda	Luisa Liste	Rogelio Nogueira
	Felisa Souto	Ramiro Baltar
	Amparo Caamaño	Pepe Liste
	Mariña Ribadulla	Manoel García (bandeirado)
	Amparo Souto	Saturio Carregal (gaita)
	Luisa Figueiras	Joaquín Baltar (gaita)
	Decorosa Gómez	Ramón Espiño (tamboril)
	Argimira Villamayor	Manuel Baltar (bombo)
	Esperanza Costoia	Albino Bernárdez
	Luisa Fernández	Xesús Rey
	Encarnación Gomez	Andrés Pena
	Pura Cabaleiro	Antón Festa
	Albino Tubío	
Director do coro:	Xosé Figueiras Baltar	
Parellas de baile	Manuel García e Amparo Souto	
	Albino Tobío e Amparo Caamaño	

Queremos engadir eiquí, antes de pasar á súa obra literaria, un acto simbólico: a entrega oficial da bandeira do coro ó Museo do Pobo Estradense. Nos seus apuntes ten recollidas estas notas do seu discurso.

*Na entrega da bandeira do coro, a 14 de maio de 1982*

Estradenses todos. Dignísimas autoridades da vila. Miñas donas. Meus señores: Ó porme eiqui a falar diante deste seleito púbrico non é para facer un discurso da outura que se merece este emotivo acto. Pois, ¡que saberá de discursos este vello labrego! Pro si sabe de andainas do Coro Airiños da Ulla e da súa bandeira esta que hoxe se ve agasallada gracias ás autoridades e ó Centro de Información e Turismo que con tanto acerto preside este loitador Don Manuel Reimóndez Portela. O coro naceu dunha comparsa orgaizada na mascarada e que gustara a moitos. Un deles, Xosé Oubel, de Remesar, que fora director da banda alí orgaizada, me dicía: “Coesta mocidade xa tes o que aínda non houbo no concello, un coro galego. Non tes máis que axeitara esas boas voces ó pentagrama. Eu teño algúns cantares galegos, xa chos mandarei á túa casa”. Dito esto comunicuéillelo ós do coro e a unha sola voz dixeron: dacordo.

Pro, ¡que dicirilles ás nais para que permitisen saír de noite as súas fillas para os ensaios? Tratábase de ensaiar unha misa do Sto. Cristo. A resposta foi unánime: para eso, o tempo que faga falta. Como terminamos os ensayos denantes do día da festa, en ese tempo ensaiamos o “Alalá” de Valverde a catro voces, “Aló nas Tardes Sereas” e outras melodías. Chegado o día da misa saíu mellor do que se esperaba e pola serán no turreiro da romaría executáronse varias pezas que foron longamente aplaudidas. ¡Canta emoción, canto medo! pois ademais dos romeiros estaban os directores das bandas. Entre as moitas felicitacións recibidas estaba a de Don Manuel García Barros no “Emigrado” e os comentarios do “Pueblo Gallego” asinados por Xosé Sánchez Brea. Buscouse un nome para o coro e saíu elexido por maoría o de García Barros: “Airiños da Ulla”.

Xa todo a punto nace o coro cunha actuación no Pazo da Mota invitado polos Otero coa sistencia dos Duques de Terranova, Condes de Cardona, Marqueses de Camarasa e outros dinos persoaxes. Na Estrada actuou no teatro “Novedades” cedido gratuitamente pola empresa e coa colaboración de Pepe Valenzuela, “Pepe dos Contos”. O Cronista oficial da Vila Don Xosé Campos Vázquez fixo entrega da bandeira actuando de madriña a súa filla Sta. Otilia. ¡Tempiños aqueles que non volverán!

E agora, pondo fin a estas verbas de agradecemento en nome daquel coro polo que aínda o meu corazón chora, entrego esta bandeira para que quede como lembranza do coro Airiños da Ulla. Un recordo para aqueles mociños de corazón aberto e para as mociñas de cariña de rosa, cantareiras cal reiseñores. Pros que están alén dos mares. Para todos a miña garimosa aperta. E para os que bican o camposanto. ¡Unha piadosa oración e unha bágoa!

Pero o Sr Figueiras, ademais de dirixir orquestras nos seus tempos mozos, de ser oficial de radiotelefonía, mestre de equitación e máis tarde dirixir o coro “Airiños da Ulla”, mostrou tamén a súa faceta literaria, principalmente en artigos que publicaron varios diarios rexionais, e case sempre escritos para conmemorar algún acontecemento social ou cultural. Pero a meirande parte da súa obra inédita consérvase en cadernos que a súa filla Merceditas custodiaba e que tivo a xentileza de prestarnos para facer unha escolma e dar a coñecer o máis interesante<sup>6</sup>.


A obra literaria de Figueiras destaca máis polos persoaxes pretéritos e polos acontecementos que relata, que polo valor intrínseco da palabra. Usa unha linguaxe arcaica e tenta imitar ó seu amigo e mestre García Barros de quen copia vocabulario. Nas súas narracións usa un estilo intimista, nostáxico, un tanto ampuloso. Debemos ter en conta que os seus escritos foron realizado na súa vellez, cando os contempla como lembranzas de tempos idos que para el foran sempre mellores. Case todos os seus escritos están empapados dun grande bucolismo. Pero por enriba de todo isto destaca en Figueiras unha grande amor a Galicia, á súa aldea e a tódolos galegos que sofren e gozan.

Unha derradeira precisión: en todo o texto orixinal que aquí transcribimos do Sr. Figueiras procurei respetar en todo momento tanto o seu vocabulario coma a ortografía aínda que na actualidade estean fóra de uso, quero decir, non pasou pola peneira da normativa.

Nas páxinas anteriores xa van copiados dous textos onde nos dá fe do seu coro.

Podemos dicir que no seu tempo Figueiras foi o cronista oficial da comarca. Todo acto oficial, cultural ou político tiña a súa resposta nunhas verbas pronunciadas no mesmo acto e despois pasadas á prensa. Entre os seus papeis e nos cadernos que deixou ten recollidos centos destes textos que darían pé para encher un libro. Eiquí só recollemos unha escolma deles. Os escritos foron cedidos pola súa

6 Vid. nota 3.



O coro retratado nos xardíns do Palacio de Oca, 1934.

filha Mercedes para que sexan custodiados polo Museo “Manuel Reimóndez Portela” da Estrada e postos a disposición de cantos queiran consultar a súa obra.

Entre os escritos do amigo Figueiras encontramos dous estilos case antagónicos. Un estilo cheo de morriña e de recordos de tempos idos, de nostalxia e de grande intensidade emocional. Toda a súa obra está enchoupada dese grande amor á terra que o veu nacer; narracións intimistas escritas xa na vellez pero coa visión dun neno ou mozo. É moi interesante, fóra do seu valor literario, o aspecto testemuñal cando narra as súas vivencias porque fai puntuais referen-

cias de persoas deste entorno inmediato que foron protagonistas dos aconteceres que narra e que encheron a totalidade do século XX.

A outra tendencia como narrador de contos reflexa un estilo e un vocabulario sinxelo sen esa ampulosidade que lle caracteriza. Todos estes escritos do Sr. Figueiras foron creados alomenos cunha distancia no tempo de setenta anos, cando xa os recordos van perdendo detalles puntuais e quedan un pouco esvaídos a causa da perda constante e inexorable de neuronas. Aínda así, anímanos a deixar pública constancia da vida e obra deste noso veciño e amigo o desexo de que as vindeiras xeracións saiban que un día vivíu entre nós unha persoa que amaba extraordinariamente a súa terra e quería para ela o mellor do mundo. Paga a pena só por iso recordalo.

Recollemos agora unha descrición emotiva dunha visita á romaría da Virxe de Gundían en dúas ocasións: sendo neno e despois xa de mozo.

Lembrar a romaxe de Gundían non é cousa nova pois asegúnanos as lendas alá polo ano 990 (no que apareceu a Santa), aquela fontañina que boligaba cristaina auga aproveitada polos frades para abastecer ó mosteiro de San Xoán da Cova, dou orixe a esta ermida. Sobor esa fontañina os frades fixeron unha pequena capeliña cuio retábulo ou parte del aínda se conserva. Anos máis tarde levantaron sobre dela o edificio que hoxe acubilla á Santísima Virxe de Gundían.

Aquela xoia do Cister tivo o seu final un domingo de 1571. Un texto documental dice así:

*El domingo 18 de febrero de 1571 años fue tan grande la avenida de las ágoas en el reino de Galicia y Arzobispado de Santiago que crecieron los ríos lo más que nunca y ni los viejos se acordaban de tal, que destruyó muchos puentes y cayó el Monasterio de San Juan de la Cova en la puente del Ulla.*

Dos seus restos samente se conserva unha cruz de acibeche de grande valor a cal se conserva na parroquial de Santa María Magdalena de Puente Ulla. Son as terras do corazón do val do Ulla que estrema con aquel outo de Ledesma e coas terras de Gres tan ben traballadas por aquel “Neno Labrego” e vixiadas polo Espantallo Amigo, do noso grande Neira Vilas. Moi preto está o lexendario castelo de Cira, mandado construír por Bermúdez Suárez, testemuña muda de moitos episodios na nosa historia de Galicia, e tamén aquelas terras de Noente (coas anergas barcas) e aquelas outras de Santa Mariña que contemplan a chegada do río Ulla ó pozo de San Xoán da Cova.

A “Bugalleira”, aquela gaiola que máis ben parece estar pendurada daqueles cristainos penedos e a pista de rubida ó castro de San Miguel son froito dos

esforzos e sinsabores dun namorado da terriña, o Doctor da Meiciña, Don Manuel Reimóndez Portela.

Pois ben, entre as tres pontes sobor do Ulla atópanse farturentas veigas cangadas de froitas, viñas e hortalizas de todas cras.

Coroas de antiga raigame, a de Louzao ó pé do cal se conserva un tramo de calzada román e bo estado e por onde eles traficaban os minerais extraídos das minas do Pico Sagro para seren embarcadas no río Ulla camiño de Iria Flavia. Pazo de Oca, de moito renome e punto de acceso turístico, o de Santa Cruz de Ribadulla e Guimaráns, o de Gasset, cuberto de hedras e o seu derredor xigantes cipreses, cedros e a grande coleición de camelios.

Nese recantiño de San Xoán da Cova, co seu rabiño de manso río, no meio de tanta beleza, alcóntrase a capeliña branca da Virxe de Gundían, chamada polos antergos “Gardadora de Meniños” porque a ela acoden no día da súa festividade as nais de moitas ducias de parroquias a presentarlle os seus meniños para que os libre de malos espíritos. Tamén un oito de setembro de 1904 a ela acode a miña nai levándome no colo toda chea de ledicia a presentarme á Virxe no seu día e a darlle as gracias.

Eu daríalle un biquiño na súa meixela, como era costume para logo pesarme e ofrecerlle o equivalente en cartos do valor do meu peso en trigo. Logo de oír misa comigo no colo, dabamos unha volta derredor deténdonos na fonte da Santa que botaba cristaiña auga por debaixo da capela. Dábame a beber unhas pingas daquela milagreira auga e lavaba a miña tenra cariña.

Outros pais bañaban ós cativos poñéndolles outra roupa nova. Tamén podían tirala no silveiro que había na parte de abaixo da capela. Alí estaban agardando outros pais máis necesitados que non dubidaban en aproveitar a roupa dos meniños doentes. Era tamén costume, e segue sendo, mercar as rosquillas, tocadas na Santa, e levalas para a casa

Sería dino de contemplar o acto de presentar á Virxe tantos meniños; uns que queren vicar á Vixe, outros que non queren bicala, uns que choran, outros que queren fuxir. Parecería aquilo unha mañán de paxaros. Isto era canto me contaban meus pais e a miña aboa. Que Deus os teña en santa paz.

#### *Xa de maorciño*

Camiñaba pros sete anos cando voltei á festa de Gundían pero esta vez tiven que ir a pé pois así o prometeran meus pais, senón non habería festa. Iba pola man de meu pai todo ledo ollando pro meu traxiño novo recién estreado, zapatos feitos polo artista zapateiro Diego Cespón, e máis a camisa de liño con pregues á usanza daqueles tempos. O liño fora fiado pola miña aboa e tecido polas irmáns Marque, de Orazo.

Miña nai cargaba coa carabela do xantar: galo asado ó forno, tortilla de pan (que nunca podía faltar) e chulas con moito azucre por riba. Pan e pulpo xa se

collerían na festa. Meu pai levaba o garrafón de viño da colleita que, como se soe decir estaba tan puro como Deus dirá. ¡Canto disfrutei polo camiño! sobre todo polo fondo da parroquia de Arnois onde o río se achega máis ó sendeiro de paso, alí donde lle chaman a Volta das Corredoiras.

¡Deus Santo! escramei ó ver un río tan grande. Outro non coñecía non sendo o regueiro das Brañas e o da Gardiñeira. Camiñabamos por debaixo das viñas cargadas de albariño, espadeiro e outras variedades que alí se daban ata chegar á famosa Tenencia que era unha casona grande e debaixo dela pasaba o camiño facendo as pedras un arco grande. No medio do camiño abovedado as nosas pisadas resoaban na parede, cousa que me asustaba. Na veira da casa había unha capeliña e ó lado un muiño que xa por entón non moía.

Seguimos adiante, sempre por debaixo das viñas con silvos polos valados para que non lle foran ás uvas. Xa na carreteira xeral enxergábase un letreiro que dicía: “Los mejores vinos de Ulla”; naquelas tabernas vendíanse tamén viños do Ribeiro, roupas e ferramentas e os casteláns traficaban con pelexos de aceite. Meus pais tomaron un neto de viño no que mollaron unhas galletas marelas, bocado que soían chamar sopas de cabalo cansado. Eu, namentras, ollaba pola fiestra que daba á carreteira; dela penduraban tiras de mistos de estalo e un fateixo de foguetes pros rapaces. Esta parada na casa de Rei era costume para tomar folgos e logo subir o camiño que nos levaría ata o campión da festa.

Todo esto desde un corredor con fermosa reixa de ferro que deixaba ollar a corrente de auga do río por debaixo daqueles monumentais arcos da famosa ponte. Axiña cruzamos a carreteira xeral para coller o camiño algo costaneiro cuberto de ramallo de carballos, loureiros e algarrobos. Ó longo da ponte había probes pedindo esmola arrimados ós comareiros. En ton lastimeiro case cantaban: “mozos, deixaiame unha esmola por ese meniño que levades para que a Virxe o libre de malos ollos”; “almas piadosas reparai neste brasito comido de bermes que non me deixa gañalo”

Xa na festa tocaba a música de Orazo co seu director Manuel Liste Villaverde e o conxunto do famoso gaiteiro de Arnois Mateu da Cacharela. Os cegos camiñaban por entre a xente coa zanfoña á costa e as mulleres facendo ruxir as ferrollas ó riscar a pandeireta. Renque de fritideiras dando proba de pementos de Herbón, outras fritindo sardiñas coa tixola sostida por tres coios. Aquello era groria para min. Quincalleiros vendendo remuiños espichados nunha molida de palla. Pulpeiros apurando o lume nas caldeiras.

Nós pasabamos polo meio de tanto barullo festeiro cara a capela. Debían pesarme para dar a esmola prometida, mercar as rosquillas de Abade, tocalas no manto da Virxe e darlle un biquiño na meixela. ¡Que fermosa estaba a Virxe! Dou comenzo a misa cantada por moitos cregos. No intre de alzar tocan a Marcha Real. Saíu a procesión derredor da fontaña. Mulleres de xionllos debaixo da Santa cumprían ofertas; outras con velas ascendidas ían camiñando a pasiño rezando con fervor. Así ían todos na procesión ós acordes da banda de

música e gaiteros. ¡Canta emoción e canta solemnidade niste intre! ¡Canta fe nos corazóns!

Hoxendía perdeuse todo este sentimento religioso e chegouse a converter esta venerada Virxe de Gundián nunha festa á que se vai para comer o pulpo e pasar un bo día. Unha vez recolleita a procesión comencan as poxas das esmolos e a bota da pólvora aló enriba no alto do monte de Adoufe, que era onde mellor resoaba o estoupido axudado polo eco do río.

¡Como estalaban aquelas dinamitas do fogueteiro Vázquez, da Ulla, hoxe desaparecido! As músicas comencaban a tocar as muiñeiras da saída, como entón era costume. Daquela si que lucían os bailadores de muiñeiras, ás turras uns cos outros a ver quen quitaban mellores puntos. Miña nai, que aínda era moza, escoitaba aquelas muiñeiras do tío Mateu con certa añoranza, tremabanlle as pernas por saír a bailar pois nos seus tempo fora das boas bailadoras de muiñeiras...

Copio de seguido outro tema das súas lembranzas de mozo escritas xa ós oitenta e un anos:

*Festa do labrego de Lagartóns*  
(Das miñas lembranzas, xuño de 1984)

Eran os meus tempos de neno. Aqueles que todo é cor de rosa, nos que todo é vida e esperanza, cando no boletín da vila chamado “Eco” se anunciaba a Festa Grande do Labrador na parroquia de San Estebo de Lagartóns coa descuberta dun moimento adicado a tal fin. ¡Quen poidera ir a esa festa! falabamos os rapaces.

Pois eu tiven a sorte de ir gracias ós meus primos das Cancelas que me levaron con eles. Lémbrome que saímos de mañán cedoñdo cando aínda non saíra o sol, da que iba a ser queimante máis tarde. Soaban aturuxos saídos dos veciños das diversas parroquias que iban preparándose; algúns con gaitas e todos arredor do seu estandarte portado pola elexida guapa e as demais damas de honra.

Nós saímos polo camiño real, xa que non había carreteira de Liñares a Balboa, pasando por Redondo e pola feira do nove de Ancorados deica o Monte Molide onde ademiramos aquel fermoso cruceiro que, según contan as lendas, tivo no seu pedestal unha ola chea de moedas de ouro. Seguimos camiñando por Moreira abaixo ata a Ponte Liñares onde collemos o camiño que nos levaría a Valiñas, lugar daquela anterga casona de rancio abolengo propiedade dos Cervela, ó pé da cal segue medrando aquela xigante sobreira. Dalí saíron aqueles atinados versos que o dono do predio, Don Ramón Cervela adicara á grande poetisa de San Vicenzo de Berres, Avelina Valladares, dicindo así:

“Yo te envío mi saludo,  
arca de tempestades,  
en tu ronco diapasón<sup>7</sup>.”

7 Figueiras reproduce incompleta a composición. Realmente di: *Yo te envío mi saludo / arca de las tempestades / que exhalas mis ansiedades / en tu ronco diapasón..* (N. do E.)

Gigante de los mil brazos,  
 recuerdo de los titanes,  
 que cantas los huracanes,  
 con solemne entonación.  
 ¡Salve, oh árbol! que tus años,  
 tal vez por tus hojas cuentas.

Según contan as lendas tiña un privilexio esta árbore: calquera perseguido pola xusticia atopaba asilo nada máis agarrarse a ela, e podía logo marchar libre. Camiño adiante pasamos pola ponte do Viso e axiña chegamos a rentes da eirexa de Lagartóns e logo ó Campo de Gandarón, no lugar de Tatón, que sealcontraba cheiño de bandeiras, arcos de loureiros e froles.

Un espacioso estrado onde habería concurso de bandas de música e gaiteiros serviría tamén para os oradores e para as autoridades da vila, perto do Monumento Agrario gardado por unha reixa de ferro feita e regalada por aquel grande mestre do arte coñecido por Amigo de Oca. Este moimento estaba formado por unha columna de pedra labrada ás catro caras cunha piña no cume, símbolo de unidade. Xa no comenzo dos actos fixeron a correspondente entrada as “Sociedades Parroquiales”, cada unha co seu estandarte agrario. Aínda parés que estou vendo entrar ós de Oca co seu estandarte de mans da elexida guapa Sta. Cándida Pazos Batallán (Cándida de Batallán da Plaza). Os de Berres tamén co seu estandarte portado pola Sta. Josefa Baloira (Pepa de Baloira, de Rocaforte) acompañadas polas súas damas de honra. Con ela iba tamén Don Claudio Baloira, escritor que se destacou entre outros na propaganda do “Eco da Estrada”. Despois de axuntadas tódalas sociedades deron comenzo os discursos. O primeiro foi o do Presidente da Federación Agraria, Señor Señarís, que faría resaltar a importancia daquela grande reunión agraria da que haberían de saír importantes melloras para o campesiñado tan esquecido naquelas datas...

Ademais de narrador de acontecementos moi lonxanos no tempo tamén fai de cronista de actos públicos locais dos que da fe na prensa diaria. Vaia a modo de exemplo o discurso pronunciado polo señor Figueiras o día da inauguración do alumeadado público de Riobó, o 31 de marzo de 1973.

Señor Alcalde Mayor: Moi honrados nos sentimos hoxe eiquí os veciños de Riobó coa súa dina presenza e das persoidades que lle fan compañía. Con vos-  
 tede, Sr Alcalde, ven a millora e a alegría para as aldeas: o alumeadado público. Sexa pois benvido a este agarimoso currunchito. Denantes trouxéronnos as carreteiras para poder esquecer as poéticas pero traballosas corredeiras onde o noso campesiñado galego ten pasado os seus traballíños, polo día a puxar polo carro e pola noite, a trompicóns coas pedras.



Bonita estampa do ábside de Riobó.

Era moi galego pros poetas aquilo de cantar dos carriños polas corredeiras abaixo. Pero hoxe cantarán con máis ledicia polas fermosas carreteras chefiñas de lus. Agora ten Galicia milleiros de encantos de que falar sen que sexa das corredeiras. Sr Alcalde, coa lus que hoxe nos ven traer xa podemos pasar ó museo o ferruxento candil e o fachico de palla de centeo con que nos valiamos para alumear as noites escuras en procura dunha vaca perdida ou para levar a un enfermo que vai para o médico nunha esqueira. Hoxe xa chega a lus e o coche ata a porta do labrego. ¿Que dirán de hoxe en diante estes rincóns que dende o principio dos séculos non viron a lus e hoxe xa sealcontran alumiñados polo resplandor da lus que o Sr. Alcalde trouxo? Xa a nosa aldea comenza a xurdir.

Nós, Sr Alcalde, con estas sinxelas verbas de traballador campesiño, queremos mostrarlle o noso mayor agradecemento pedíndolle tamén que faga chegar a quen corresponda a nosa ledicia con que hoxe acollemos tan outa mellora. Pregámoslle tamén que non desfaleza a laboura comenzada pois nós quedamos á espreita das outras cousas que faltan por vir. Para vostede, Sr Alcalde, sexan tódolos nosos respetos e a máis fonda admiración adicándolle tamén o noso máis forte e reverente aplauso.

Don Saturio de la Calle Sáenz, médico que durante moitos anos exerceu na vila da Estrada, estaba moi vinculado á nosa parroquia pola súa esposa, dona Mercedes Otero, propietaria do belo Pazo da Mota. No ano oitenta do pasado século os veciños desta parroquia

fixéronlle unha merecida homenaxe á que asistiu a intelectualidade estradense, os veciños da parroquia e por suposto grande parte da súa familia. Tampouco faltou o noso Sr. Figueiras coas súas emocionadas verbas. Así as transcribo:

Feito polos seus veciños de Riobó na Sala Gradín da Estrada co gallo da súa xubilación, a 13 de Xaneiro de 1980.

Miñas donas, meus señores:

Trémanme as mans o erguerme para falar sabendo que están á espreita doutas persoas da ciencia e das letras. Eu ben quixera facer un discurso de altura cal se merece o noso homenaxeado, pro serán só unhas cantas verbas soltas saídas das febles mans deste toscos galego. Falar por non estar calado. A Casa Grande da Mota, como lle chamaban os antigos conta xa a súa vida por séculos pois foi feita denantes que o Pazo de Oca. Baixo os seus arrufados teitos acovilláronse persoaxes de nobleza, a tal, gobernadores, diputados, alcaldes, cultivadores das ciencias médicas e do dereito.

Non é mester adentrarse moito na historia desta casa señorial, a maoría dos que eiquí estamos coñecemos os seus derradeiros andares; pro falemos algo deles. Don Ramón Otero Estévez foi o primeiro apelido da dinastía dos Otero. El facíase chamar “Outeiro” tanto polos veciños á saída da misa coma no auntamento ou na capital da provincia. Era Don Ramón de trato sinxelo, humorista cen por cen e moi adiviñador do porvir da súa Galicia a quen tanto amaba. Así soía decir: -Galicia será probe namentras coma pan de millo

E dicían as xentes. ¿Que terá que ver a probeza co pan de millo? Hoxe Galicia come pan de trigo e saíu da miseria. Esta é unha de tantas anécdotas que el contaba. Sentíase moi galego, moi conservador dos seus costumes e tradicións. Iba ás súas fincas de Soutelo de Montes, ás do Ribeiro co seu “escudeiro” á usanza de antigos cabaleiros para portarlle a escopeta e o petate da comida. En algunhas ocasión, acometidos po los lobos, tiveron que pedir pousada en aldeas de Terra de Montes. O seu escudeiro iba cabaleiro dun brioso cabalo namentras que Don Ramón montaba un mansiño burro.

Certo día, de volta de Soutelo, entrou solo o escudeiro no portalón do pazo pero o burro do amo non quixo entrar. Tres lostregazos fixeron trocar de opinión ó animal.

Apadriñou a catro rapaces pódolles o seu nome coa condición de que os catro o levasen á cova cando lle chegase a súa hora. No seu testamento deixou unha manda dun traxe novo para cada un deles. Á súa morte sucedeu o seu fillo Gumersindo, que destacou na política regional. Foi Gobernador de Ourense e Pontevedra. Esta actividade política non lle impideu rexurdir a pequena e rudimentaria papeleira de Riobó ata chegar a ser unha das meirandes da rexión galega co nome de “Real Papeleira del Ulla” dando eisí moita vida á parroquia naqueles

tempos de penuria. Logo fíxose cargo desta florescente industria o seu fillo Don Gonzalo colaborando coel o seu irmán Don Martín.

E presto aumentaron o complexo co montaxe de tornos para mobles, billas de madeira e aserradeiros que, pasados uns anos, trasladáronse a Balboa. Como nota final direi que estes señores nas súas andainas políticas e xudiciais tentaron sempre favorecer ós seus parroquianos. Merece mención especial aquela bondadosa Dona Mercedes Llamas del Corral, esposa de Don Gonzalo, que tanto fixo a pro da súa parroquia. Tampouco queremos esquecer a Dona Purificación Sánchez Guisande, aquela escolante que en Remesar, cos seus coñecementos musicais completaba a súa meritoria laboura. ¡Que Deus as teña en santa pas! Agora o apelido Otero recae na xentil dona Merceces Otero Llamas, a dona do homenaxeado.

Don Saturio foi estudante moi aproveitado conquerindo o título de Dr. en Medicina e Cirugía. Xa desde neno debeu ser moi inxenioso, mesmo chegou a ser aviador e pola súa propia conta construíu unha avioneta cun motor “Amílcar” dun coche vello. Bueno; non sei se desta aventura colleitou medallas pero si inesquecibles recordos. Foi promotor e propietario con seu irmán Don Manuel do Sanatorio “Nosa Señora do Carme”, o primeiro do concello. A súa estampa foi paseada pola prensa regional levando con orgullo o nome desta progresiva e importante vila da Estrada. ¡Cantos doentes calmaron nel os seus dores! Pois ben, Don Saturio, en recompensa ás súas actividades pode hoxe disfrutar dunha jubilación folgada e merecida que desexamos sexa por longoa anos. Nós, os seus veciños, acordamos por unanimidade facerlle este pequeno homenaxe. Pequeno en volume pero grande de corazón simbolizado neste presente que perpetuará este seu día grande. Pregámoslle agora que acolla todo esto como mostra de cariño e simpatía para vostede e para a súa repetable dona. Así, co corazón aberto, llo adican os seus veciños de Riobó.

Xosé Figueiras Baltar

É preciso indicar que o agasallo que recibiu don Saturio consistiu nunha sopeira en porcelana fina estilo Luis XVI grabada cun texto alusivo e foi comprada na Rúa Nova de Santiago polo propio Figueiras e o autor deste traballo. Lembramos que dona Mercedes aconsellounos escoller este obsequio. Esta sopeira ata hai poucos anos estaba depositada nas vitrinas do pazo. E aínda máis; cando as lapas asoaron parte do edificio hai moitos anos, o primeiro que fixo este autor foi rescatar a porcelana cando se estaba a queimar a vitrina

Transcribo de seguido tres contos moi vencellados a estas aldeas e que forman xa parte do seu patrimonio cultural. Oínos en varias versións, entre elas as do señor Manuel do Ferreiro e Sánchez de

Remesar. Foi, sen embargo, o señor Figueiras quen os puxo por escrito dándolles coherencia e estrutura literaria. Velaí van.

### *A Banda da Ulla*

A Comisión de Festas da Virxe das Neves de Arnois contratou a banda da Ulla para tocar na festa da súa Patroa. O trato era que pola mañán darían un pasarrúas e na misa interpretarían o himno nacional no momento da consagración. Despois da misa, o tradicional concerto na carballeira e pola tarde, festa rachada de música bailable rematando antes da noite pecha para que as mozas poideran voltar para as súas casas con día. Non estaba ben visto que as mociñas andivesen por eses mundos de Deus sen que a luz do día as protexera contra aproveitados e malas linguas.

Pero a Comisión de Festas non quería unha charanga pois pretendía honrar a súa Santa cunha banda completa de vintecinco músicos. Mal que ben o director foi buscando entre os homes da aldea aqueles que podían tocar un instrumento e arranxou os traxes para eles. Pero aínda así faltaba un músico para completar os vintecinco. Lembrouse entón de Xe do Tobío, rapazote de vinte anos que dende neno andaba con seu pai de carreteiro. Doulle un traxe novo, púxolle na man un bombardino e antes de empezar a tocar explicoulle:

-Ti tes que facer que soplas coma os demais e de vez en cando reviras o instrumento e daslle ás teclas remedando que baleiras o cuspe; pero que nunca saia unha soa nota do bombardino, senón escarállote.

Todo foi ben no pasarrúas e na igrexa, a banda soaba ben e os silencios de Xe aínda mellor. Chegada a hora do concerto, empeza a banda con pezas de música clásica para iren despois ás melodías galegas máis movidas e sinxelas. A xente aplaudía ó remate de cada peza e o noso amigo Xe botaba o peito para adiante coma se fora o mellor de todos. Co bombardino pegado ós beizos e as meixelas hinchadas movía o seu corpo ó compás das diferentes pezas; miraba fixamente para a partitura e nas pausa volteaba o instrumento e tecleaba axiña co remedo do baleirado do cuspe.

Os festeiros, que escoitaban o concerto felicitaban á comisión polo acerto de contratar tan boa banda. Entre estes festeiros estaba un invitado de fóra, deses que lles gusta escoltar a música pero que nada entenden. Cando ve ó mozo do bombardino seguindo co seu corpo a melodía púxose ó seu carón para escoitalo mellor, e aquí empezaron os problemas de Xe. Os silencios do seu bombardino fan descubrir o engado. Este afeitoado acercouse ó instrumento e puxo o seu oído preto da campá do intrumento. Cando o sufrido Xe se encontrou co mirón e escoitón pegado ó bombardino apreta a boquiña do instrumento, hincha as meixelas e ponse a cantar: “eu quería casaree, miña nai dime que é cedo...” Pouco despois a banda ataca con forza os compases doutra melodía e vai o Xe ponlle letra tamén: “o cura chamoume Rosa, eu tamén lle respondín”...

José Baltar Villaverde,  
requinteiro de tempos idos.

O festeiro, que estaba escoitando en actitude moi concentrada cara ó noso músico, facía acenos de asentemento e aprobación e seguía decote achegado ó instrumento. Terminado o concerto todos voltan para as súas casas onde lles espera un bo xantar. Xa pola tarde, cando empeza a música bailable, durante un descanso dos músicos, o noso mirón e escoitón achégase ó director da banda para felicitalo e dunha maneira especial faille referencia a ese músico do bombardino que estivo a escoitar durante o concerto. Toca tan ben - dicíalle - que ata parece que fala.

O director decatouse da inxenuidade do pobre escoitón e quixo rematar a faena. Con moita seriedade dille:

-Eso que ti dis é moi certo e xa vexo que tes bo oído, pero ten en conta que ese músico do bombardino é o mellor elemento que temos na banda: se nos chega a faltar sería unha grande perda.



Este outro conto ten unha base real nuns persoaxes que existiron na parroquia de Remesar e viviron nela na década dos cincuenta ós sesenta. Na miña estadía en Remesar durante quince anos teño escoitado tres versións da mesma historia, todas elas, sen embargo, idénticas no fondo. Velaquí a que recolleu o señor Figueiras.

#### *Pedindo esmola*

“Manuel Tubío Sin Segundo”, así consta nos arquivos parroquiais de Teo, na provincia da Coruña, onde fora a súa nacencia, era un home pequeno, gordo, de pelo loiro e crecho e con cara de paspán pero de grande agudeza e inxenio. Veu casar a Remesar con Carme da que enviuvou ó pouco tempo. E dende entón botouse polo mundo a pedir esmola e a sacar partido do seu aspecto de pasmán. Cando tratara con Carme para casar, o crego de Teo mandoulle os



Requiteiros e gaiteiros de Remesar e Riobó gañan o segundo premio do concurso de gaitas de Lagartóns no 1916.

papeis ó párroco de Remesar, pero ademais, como era costume, incluiu un informe persoal sobre a persoa de Manuel. Nel dicía que “Tomás, con su cara de bobo, engaña fácilmente a los más listos”.

Ía longas tempadas polas terras galegas e por fóra delas a pedir esmola e estafar ás boas xentes coa súa cara de coitadiño. Traguía sempre pendurados no peito crucifixos, estampas e medallas, sabía toda a liturxia da misa sen faltarlle nin unha soa parola e empregaba para pedir un ton de voz sonoro, pausado e cunhas cadencias que movían a compasión de xeito que o froito era sempre abondoso. Moitas son as anécdotas deste home.

Nunha parroquia fóra desta comarca preséntase Xe ó crego e coa súa cara de paspán cóntalle a historia dunha promesa feita de pagar vinte misas pola alma dun veciño a quen lle fixo moito mal pero condicionado a que tiña que xuntar os cartos nesa parroquia. O Crego, engaiolado polas vinte misas que pensaba atrapar, dende o altar pide ós seus fregueses que axuden a este piadoso home a xuntar os cartos para que poida cumprir a súa promesa. A resposta dos fregueses foi moi xenerosa pero a Manuel non lle viron máis o pelo.

Outra das súas soadas foi cando vendeu unha cerrada de pinos de non sei canto ferrados propiedade do Conde de Estella no concello de Teo. Preséntase no convento dos xesuitas e entrega unha boa limosna. O conde, como residía en Madrid, non se decatou da venda ata un ano despois. Mete no xulgado ó pícaro Tomás, celébrase o xuicio e o Conde de Estella perdeu o pleito e estivo tamén a punto de perder a cerrada pois Tomás presentou documentación falsa sobre os dereitos de propiedade do terreo, acreditando ser fillo da criada da casa e dun dos condes. Por outra banda o superior dos xesuitas testificou que recibira o importe da venda dos pinos destinado a fines piadosos. Máis falcatruidas de Tomás: En Santiago residía un empresario dono dunha potente industria. Fora abandonado por seus pais e pasara parte da súa infancia no hospicio da cidade. Aquí entrou en xogo a sagacidade raposeira do Tomás. Procura facerse cos datos do rexistro do hospicio e preséntase ó empresario dicíndolle que era seu pai, todo adubiado coa longa e triste historia do seu abandono. O empresario creulle... e por pouco déixao en cirolas.

Nunha das súas andainas chegou a Valencia e coas súas verbas convincentes pasou por crego actuando de capelán dun convento de monxas máis de quince días. Outras moitas aventuras lle aplican os veciños da parroquia; esta outra conta que se presentou nas oficinas do Gobernador Civil de Pontevedra como primo do Xeneral Franco.

É moi posible que se puxera moita imaxinación e que parte destes feitos sexan froito da imaxinación do pobo pero no fondo queda a historia dun home moi listo con cara de tonto que foi polo mundo a enganar ós demais. Como tiña unha casaña e unhas poucas terras, algunhas delas trampeadas, sendo xa moi vello, mandou vir de Palas de Rei a un veciño para que o acompañase e despois deixoulle todo o herdo. Este home, tamén falecido hai moitos anos, corría polo nome de “o herdeiro”.

Quero engadir a este conto que como case tódolos bens os tiña sen legalizar, durante o proceso de concentración parcelaria só se lle adxudicaron as propiedades avaladas por documentos oficiais, de xeito que só lle quedou ó herdeiro parte da casa e algunhas fincas. Esta casa foi comprada, anos máis tarde, polo cantautor Juan Pardo, e nela fixo un pequeno pazo en Remesar.

Non queremos pasar a oportunidade que se nos presenta para relatar unha historia, real, tan verídica coma a vida mesma. Trátase das fazañas dun heroe anónimo, deses que pasan pola vida sen que ninguén saiba deles pois a súa humildade de orixe e o descoñecemento dos seus méritos non acadaron a expresión mediática debida.



José "O Manco" co fillo e neto.

Como é unha débeda que a sociedade ten con el non dubidamos en traelo a este traballo para que o seu recordo sexa coñecido por tódolos estradenses.

Pero poñámonos en antecedentes e pasemos ós derradeiros anos do século XIX. Na Illa de Cuba se estaba a librar unha cruenta batalla en forma de pequenas guerrillas entre o exército enviado desde España e as faccións independentistas cubanas que a todo trance querían desligarse das ataduras coloniais. Os efectivos do exército español eran escasos e mal entrenados e moitas veces recurriase ó voluntariado. E por eiquí empezamos o noso relato, que nos referiu don Xosé Baltar Seoane –Pepe do Manco–, neto deste heroe, a quen llo contara seu propio avó.

José Baltar Villaverde, veciño de Portecelo, nesta parroquia de Riobó, nace no ano 1868 no seo dunha familia numerosa e de moitas privacións económicas. Cando lle chegou o tempo decide marcharse voluntario a Cuba pois melloraría a súa vida e a da familia. Embarca en Vigo nun barco gandeiro mesturado coas vacas e caballos e, xa na illa incorpórase a unha unidade militar e participa en moitas escaramuzas contra os "insurrectos", como lle chamaban eles, "Os Manvises" como se lles chamaba en Cuba.

Na val de Quibicán, un pequeno grupo de soldados españois atópase cunha unidade completa de independentistas duns trescentos homes fortemente armados de machetes. Os cincuenta soldados tiñan por todo armamento fusís anticuados, dos que se cargaban pola boca. Feita a primeira descarga e sen arma con que se defender, vense rodeados polo inimigo que os van abatindo un a un con aqueles afiadísimos machetes de cortar a cana do azucre. Un a un veñen

a caer tódolos soldados; só queda o cabo Baltar rodeado por numerosos inimigos e vendendo moi cara a súa vida ata que, cun brazo desfeito, terribles cortes de machete no peito e cos músculos do pescozo seccionados tamén, cae ó chan e queda fóra de combate. Os rebeldes, sen baixar do cabalo van rematando tódolos los feridos cun certo tallo na gorxa, ata que chegan ó noso heroe que encharcado en sangue xacía coma morto:

– Ese xa ten abondo, dixeron os manvises, e así o deixaron.

Unha tormenta de auga e lodo caiu sobre os mortos e envolveu o corpo do ferido taponando a hemorraxia. Preto do campo de batalla vivía unha mesoneira que se achegou e observou que entre os mortos había un soldado que rebulía. O barro do chan secara co sol e atorárrale a terrible fendedura do seu pescozo. Tentou axudalo e ofreceulle auga. Cando chegaron os equipos de socorro tiveron que operado alí mesmo. En vivo, sen anestésicos, cortáronlle o brazo e dous dedos da outra man e coséronlle a musculatura do pescozo. Repatriado, regresou a España por Cádiz, dalí a Madrid onde foi recibido polo rei como heroe e concedeulle a medalla de San Hermenexildo con distintivo vermello por méritos de guerra. Dende Madrid regresou á súa terra de Riobó onde finou no ano 1956 ós oitenta e seis anos. Á súa morte disfrutaba dunha pensión de tres mil pesetas mensuais. Certo día Xosé Baltar veuse precisado de acudir ó cuartel da Garda Civil da Estrada e velaquí que o axente de garda da porta tratouno con moita desconsideración e humillouno canto quixo, trato bastante frecuente dos Gardas Cívís cos paisanos ó remate da Guerra Civil hoxe, afortunadamente, superado. Non consentiu Xosé aquela afrenta a un heroe de guerra. Veu á súa casa de Portecelo, vestiu o uniforme militar, pendurou as súas medallas e volta de novo ó cuartel. O garda ó velo virou branco de morte e, tateando, chamou ó comandante do posto. Este, decatándose da índole e categoría dos galardóns que o militar portaba no peito, chamou a toda a dotación do cuartel para rendir a aquel home as honras de ordenanza que lle correspondían. En posición de firmes man-



José Baltar coas medallas por méritos de guerra.

tivo á dotación durante o tempo que duraron as súas xestións, e logo, ó marchar, cun xesto un tanto displicente, mandou descanso.

Poucos coñecían estes feitos na mesma parroquia. Somentes sabían que foi ferido na guerra de Cuba. Aínda hoxe a familia do noso heroe é coñecida polos do Manco. E con isto damos por rematado o relato dalgunha das pequenas historias que andan na boca da xente de Riobó e parroquias do entorno e que rescatamos e poñemos por escrito deixando memoria e constancia delas para as futuras xeracións. Vale.



## Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo, Liripio, Codeseda e Souto

Fernando Cabeza Quiles

No lugar chamado *Sabucedo* do concello da Estrada, como noutros moitos do mesmo nome, houbo un conxunto máis ou menos grande do arbusto chamado sabugueiro ou bieiteiro, en castelán *saúco*, planta á que tamén se refiren os topónimos *Sabucedo*, *Sabugos*, *Sabugal*, *O Sabugal*, *Sabugueira*, *Sabugueiro*, *Sabugueiros*, *Sabugueiras*, *Sabuguedo*, *Sabuguido*, *Sabugoso* e *Sabugosos*. O de *Sabucedo*, vén da palabra latina *sabucetu(m)*, formada pola palabra *sabucu(m)* (variante vulgar da forma do latín clásico *sambucu(m)*) o nome latino da planta e *-etu(m)*, sufixo abundancial, que hoxe se converteu na terminación *-edo* de *Sabucedo*.

Verbo de *Liripio*, nome da freguesía estradense lindante polo norte coa parroquia de Sabucedo, non temos, polo de agora, explicación sobre a súa etimoloxía e significado, mais si para o da súa aldea chamada *A Canda*, que é un topónimo prerromano, probablemente de procedencia celta con referencia á cor branca dalgún accidente natural do lugar, que pode ser unha rocha ou a coloración do chan. Así, dunha base *\*cand/\*cant*, que primeiro significaría “rocha, pedra”, despois “rocha branca” e por último “cor branca”, saíu o topónimo *A Canda*. O devandito tema prerromano *\*cand/\*cant* pasaría á voz latina *candere*, “branquear, dar luz, brillar”, de onde

virían vocábulos como os de “candil”, “candela (de alumear)”, “trigo candeal (trigo que dá unha fariña moi branca)”, e mesmo a palabra española *cándalo*, igual a “póla seca de árbore (e branca)”; palabras ás que compre engadir o adxectivo “cándido”, que de “branco”, nun último salto ou extensión audaz de sentido, pasou a significar “sen malicia”. Ao respecto, aínda que os “candidatos” a un cargo político non son, evidentemente, cándidos, deben o seu nome á toga branca, símbolo de pureza, que usaban os primixenios candidatos romanos que aspiraban a algún cargo público. Abandonando o lugar estradense da *Canda*, que ocupa un lugar alto onde non fomos quen de atopar a realidade de cor branca que proclama o topónimo, que puido ser unha gran pedra ou rocha, un pedregal ou mesmo un vexetal, chegamos ao lugar de *Cabanelas*, diminutivo de “cabana”, vocábulo que malia ser explicado polos dicionarios de galego como procedente do latín serodio *capanna(m)*, pensamos que esta voz puido chegar ao latín dende o celta, se reparamos en correspondencias desa palabra en linguas actuais desa familia, como a voz galesa *cab* e a irlandesa *cábán*, ambas as dúas co significado de “cabana”. A este respecto, do gran diccionario etimolóxico de Corominas e Pascual recollamos que: “No es improbable ( a voz “cabana”) que sea de origen céltico, como admite Jud, *ARom.* VI, 206, pues el sufijo *-anna* tiene este origen” (Corominas-Pascual, 2000, voz *cabaña*, t. 1: 709). Sexa como for, parece seguro que máis ca a un habitáculo para viviren as persoas, o topónimo *Cabanelas* da parroquia estradense de Liripio, se refire a unha pequena construción para gardar útiles de labranza. Verbo de *Carballo*, nome dun lugar da mesma parroquia, é un topónimo de significado transparente, que nos fala da antiga presenza no lugar dun *quercus robur*, tipo de carballo moito máis frecuente nesta zona de Galicia có *quercus pyrenaica* ou carballo cerquiño. Do topónimo *A Igrexa* só dicir que vén do latín *ecclesia(m)*, “assemblea, reunión (de fieis)”, e que sinalará o lugar onde está a igrexa. Verbo de *Quinteiro de Arca*, provén da voz do latín serodio *quintanario*, e débese referir, polo que di un documento do ano 1007, a uns antigos



Codeseda é un abundancial da planta chamada codeso.

terreos pechados que formaban parte dunha casa á que estaban unidos. Así, no devandito documento cítase unha casa e o seu “quintanario”: “cum sua casa et suo quintanario” (Andrade, 1995, t. 1: 282). *Quinteiro* tamén pode aludir a un quinteiro na súa acepción máis moderna de “conxunto de varias casas que forman un grupo separado dentro dunha aldea”; sentido que, como o anterior, parte da idea significativa de quinto ou quinta parte dun terreo agrícola ou a mesma fracción dunha colleita que os arrendatarios pagaban ao propietario dunha superficie agrícola, aínda que nos preferimos a primeira posibilidade de “quinta parte dun terreo ou herdade”; división de agrimensura agrícola de onde saíría a idea de terreo pechado, casa de campo e demais realidades nas que está presente a idea de terreo agrícola (ou non) pechado, casa con terras, praza, cemiterio, etc. Se o topónimo *Quinteiro de Arca* nomea un espazo agrícola pechado ou un poboamento rural de tipo agrícola, no lugar de *Xestás*, de *genes-tales*, plural do latín vulgar *genesta(m)*, houbo un conxunto ou agrupación de xestas.

Pasando á límite parroquia de *Codeseda*, vemos que este topónimo é un abundancial en *-eta(m)* da planta arbustiva chamada codeso, en latín *\*cutissu*, leguminosa silvestre á que tamén se refire

o topónimo da mesma freguesía *O Codesal*, que é outro abundancial, pero en *-ale*, hoxe *-al*. A un conxunto de bugallos tomados na súa acepción de excrescencias redondas do carballo alude tamén o topónimo abundancial, antes en *-aira*, hoxe *-eira*, *Bugalleira*; lugar onde antano habería moitos bugallos dos carballos amontoados ou estrados polo chan, quizais para seren usados con algunha utilidade, como pode ser para a fabricación de tinguiduras. Ao respecto dos bugallos, lembramos que de nenos, nas frías mañás de inverno e comezos da primavera, xogabamos nos recreos do vello grupo escolar “José Antonio” da Estrada ao gua utilizando, a falta de verdadeiras bólas de cristal ou de barro, pequenos bugallos ou bugallas de carballo. Na parroquia de San Xurxo de Codeseda tamén hai un lugar chamado *A Agrela*, mal grafado en publicacións como *A Grela*, con falsa segmentación, xa que *Agrela* é diminutivo en *-ela* da voz agra en alusión a unha agra ou extensión de terreo agrícola de pequeno tamaño. Para explicar o topónimo *O Arnado* cómpre partir dunha base quizais indoeuropea *\*arn* ou *\*arna*, “concaidade, caixa ou leito dun río”, “depresión fluvial”, tipo de orografía que convén á perfección ao lugar estradense chamado *O Arnado*, o cal ocupa, segundo puidemos comprobar, un pequeno fondal ou caixa orográfica por onde corre o río Umia. De *Barro*, dicir que se trata dun topónimo que quizais non sexa o que parece a primeira vista, pois máis que o elemento natural chamado barro, pode aludir a un lugar moi pedroso ou alto, circunstancia, a segunda, que se corresponde coa realidade do lugar. Así, *Barro* pode provir dunha palabra prerromana *\*bar*; “altura”, a cal, á súa vez, pode estar relacionada en menor ou menor grao coa gala *barro*, “altura, rocha”; publicada en Francia por autores como Rostaing e Dauzat, quen tira dela topónimos como o de *Barre*, que pode recoller un significado similar ao galego *Barro*. Verbo das *Bouzas*, topónimo que pode provir da voz céltica *\*balcea* (ou de *balsa*), fai referencia a unhas bouzas ou terreos incultos cheos de toxos, xestas, etc. O *Coto*, topónimo moi antigo, procede dunha base prerromana *\*cott*, “altura rochosa”. Os *Currelos*, diminutivo da



O lugar do Arnado na súa caixa fluvial.

voz “curro”, debe facer referencia a pequenos curros, isto é, a pequenas construcións agrícolas circulares e descubertas para usos agrícolas ou gandeiros. A *Devesa*, procedente do latín (*terra*) *defensa*, “terra coutada”, “terra cercada”, sinala antigas devesas ou grandes fincas pechadas (Cabeza Quiles, 1992: 182). *Filgueiras*, do latín *filicarias*, alude a un terreo abundante en feitas ou feitos. Para *Fontenlo*, de *fontanello*, diminutivo latino de *fonte(m)*, hai que pensar na antiga e/ou actual presenza dunha pequena fonte ou manancial no lugar. *Fragoso*, abundancial en -oso de *frangere*, “romper”, máis ca a un lugar fragoso abundante en árbores e plantas, refírese a un emprazamento accidentado cheo de pedras máis ou menos fracturadas; o que se corresponde coa realidade deste lugar chamado *Fragoso*, cuxas casas están construídas, segundo puidemos comprobar e fotografar, entre grandes rochas e penedos. Así, un topónimo parecido ao galego *Fragoso* é o de *Monfragüe*, coñecido parque natural da provincia de Cáceres, formado, segundo tamén puidemos verificar, por abundantes escarpes, riscos e pedreiras desprendidas e rotas; de aí que o verbo latino *frangere*, “romper”, entre na composición de topónimos como o extremeño *Monfragüe* e os galegos *Fragoso* e *Fraga*, o cal,



Penedos entre as casas de Fragoso.

aínda que tamén aluda a sitios boscosos con carballos, etc., nun principio debeu nomear penedías ou quebradas fragosas no sentido de seren moi pedrosas, emprazamentos sobre os cales despois crecerían os bosques chamados fragas (Cabeza Quiles, 2000: 194). Na parroquia estradense de Codeseda, onde hai que suar para atopar e identificar as súas aldeas, porque a sinalización toponímica brilla pola súa ausencia, tamén existe un lugar chamado *Insuela*, diminutivo do latín *insua*, “illa, terra rodeada de auga, etc.”, que pode facer referencia neste caso a unha pequena illa fluvial ou, cremos que é a mellor posibilidade, a un pequeno territorio rodeado polo meandro ou curva dun río ou regato ou por dúas correntes fluviais, unha principal e outra afluente, as cales, se ben non de maneira total, illan un territorio dándolle forma e fasquía de *insua*. Verbo da aldea de nome *Monteagudo*, de *monte(m) acutu(m)* ou agudo, recibe o seu apelativo dun monte de cume moi agudo que ten ao seu carón; o que non sucede co topónimo *O Outeiro*, de *altariu(m)*, que nomea un lugar alto de cume moito máis suave e redondeado. A *Portela*, de *portella*, derivado de *porta*, pode referirse a unha portela ou pequeno paso natural situado entre dous lugares máis altos ou á portela dunha finca. As



O agudo monte de Monteagudo.

*Quintas*, de *quintus-a-um*, é un topónimo parecido ao devandito de *Quinteiro* da parroquia de Liripio, e alude a grandes superficies agrícolas que pagaban a quinta parte das colleitas aos señores ou mosteiros correspondentes ou referirse á quinta parte dun terreo ou herdade; significados que despois derivaron nos de “casa de campo con terras”, “terras sen casa” e demais realidades nas que estea presente a idea de terreo chairo e pechado ou delimitado, preferentemente agrícola. Ao adxectivo *sacrata(m)* refírese o topónimo *A Sagrada*, que debeu acompañar un substantivo de xénero feminino hoxe desaparecido en alusión a un antigo lugar sagrado ou de culto, logo cristianizado, como sucede, por exemplo, cos topónimos galegos *A Fonsagrada* (con redución de *-te*) e *Fonte Sagrada*, que aluden a fontes sagradas de augas medicinais e/ou carismáticas; ou o coñecido *Picosacro* próximo a Santiago, que se refire á antiga sacralidade deste monte; idea que tamén está presente nos topónimos menos transparentes *Montejícar* (Granada) e *Montejaque* (Málaga), ambos os dous, segundo V. García de Diego, co significado de “monte sagrado” (García de Diego, 1989, voz *sacer-cri*: 944). A unha “vila boa” refírese *Vilaboa*, topónimo propiciatorio ou propagandístico (se non fose

medieval parecería o anuncio dunha inmobiliaria), seguramente creado para atraer poboación. Verbo do topónimo *Xubrei*, ten todo o aspecto de esconder o nome persoal dun antigo posesor ou terratenente agrícola da Idade Media e ser similar na súa terminación a nomes de lugar coma *Forcarei*, *Sixirei*, *Recarei*, *Asorei* etc., que proveñen de xenitivos de posesores de apelativos xermánicos orixinalmente rematados en *-edi*, ou, mellor en *-redi* (gótico *\*reths*, “conse-llo”), que perderon o seu *-d-* intervocálico. Así, Piel e Kremer na súa *Hispano-Gotisches Namenbuch* explican o topónimo *Xobrei* (versión de *Xubrei* coa vogal aberta) como procedente na súa primeira parte de *Sig(is)-* ou *Seg-* (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 422).

Abandonando polo oeste a extensa parroquia de Codeseda e internándonos na limítrofe de *Souto* batemos con este topónimo, que nos fala dun conxunto ou dun bosque de castiñeiros ao provir da voz latina *salu(m)*, “paso estreito entre montañas, rexión forestal ou bosque situado nun desfiladeiro”; emprazamentos onde crecerían os primeiros soutos, aínda que o antigo souto ou conxunto de castiñeiros que denuncia o topónimo estradense *Souto* puido ocupar un territorio menos abrupto. Verbo de *Cortegada*, nome doutro lugar da parroquia de Souto, cómpre retraelo a unha forma do latín serodio igual a *corticata*, derivada do latín vulgar *corte(m)*, e este do clásico *cohort(em)*, en referencia seguramente a unha explotación agrícola de época medieval pechada sobre si. De *Montillón de Arriba* e *Montillón de Abaixo* dicir que debe ser un derivado de monte, en latín *mons-montis*. *San Torcado* alude ao santo chamado Torcado ou Trocado, do latín *Torquatus*, que significa “o que leva o colar celta chamado torque”. Así, nun principio este nome persoal debeu ser un alcume ou cognome da *gens Manlia*. Segundo a tradición, Tito Manlio, guerreiro romano, loitou cun xigantesco soldado galo ao que venceu e arrebatou o seu torque de ouro para poñelo no seu colo; de aí *Torquatus* ou Torcado, é dicir, o portador de torque (Ferro et alii, 1992, voz *trocado*: 509). Verbo do topónimo *A Somoza* (hai outro dous lugares así chamados no concello da Estrada), debe pro-



A Somoza, so ou debaixo do monte Coto.

vir do sintagma latino *\*submontia*, con perda da nasal *n* perante a prepalatal procedente do grupo *ty*. Así, na deriva fonética *\*submontia* daría o actual *Somoza*, logo *A Somoza*, que significa “(lugar) debaixo (*sub*) do monte (*montia*)”, o que se corresponde coa realidade do emprazamento así chamado situado, segundo comprobamos, so ou debaixo dun monte chamado O Coto, coherencia entre topónimo e lugar nomeado que se dá noutros lugares galegos chamados *Somoza*, *A Somoza* e *Somozas* (Cabeza Quiles, 1992: 457). Dende o punto de vista documental a preposición latina *sub*, “so, debaixo de” aínda aparece semicompleta nun texto non galego do ano 1071: “in illa terra de Sumontia” (Álvarez Mourín, 1994: 133). E noutro documento galego do ano 1218 aparece unha “villa de Montiam” (López Ferreiro, 1998, (edic. facsím): 399). De *Torreborado* pensamos que pode ser un topónimo composto dos de *\*Torre* e *\*Reborado*, o primeiro de obvio e transparente significado e *\*Reborado*, abundancial en *-etu(m)*, despois *-edo*, de *robur*, a palabra latina para designar o carballo *quercus robur* (Cabeza Quiles, 1992: 498), aínda que o topónimo *\*Reborado*, de *roburetu(m)*, neste caso concreto, no canto de a unha carballeira, pode referirse a un indivi-

duo apelidado *Reboredo*. Finalmente, o lugar chamado *A Toxeira*, de significado comprensible e transparente, debeu estar rodeado no momento do nacemento do nome, de campos cultivados para que resaltase a súa característica de lugar a monte con toxos e se producese o topónimo.

## Bibliografía

- ÁLVAREZ MAURÍN, M. DEL P., 1994. *Diplomática asturleonese, terminología topográfica*, Universidad de León.
- ANDRADE, J.M., 1995. *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, t. 1, Consello da Cultura Galega.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Toxosoutos, Noia.
- COROMINAS, J. e PASCUAL, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, t. 1, Gredos, Madrid.
- FERRO RUIBAL, X. et alii, 1992. *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo, Vigo.
- GARCÍA DE DIEGO, V., 1989. *Diccionario etimológico español e hispano*, Espasa-Calpe, Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1998, (edic. facsím), “Colección diplomática” e “Estudios”, *Galicia histórica*, Edicións do Cerne.
- Nomenclátor de Galicia, Pontevedra*, 1998, Xunta de Galicia.
- PENSADO, J. L., 1999. “Estudio preliminar” en P. Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.



## Justo Martínez Martínez (1842-1930). Resumen biográfico

Carlos Viscasillas Vázquez\*

*Al pueblo de A Estrada*

Nació en Santiago de Compostela el 6. VIII. 1842 y falleció en A Coruña el 27. VIII. 1930. Inspector Médico Militar. Diputado. Senador Vitalicio.

De una importante familia gallega con amplia presencia en la Universidad de Santiago, pasa gran parte de su juventud entre Santiago de Compostela y Silleda (Pontevedra). Las primeras noticias de la familia Martínez se documentan en los primeros años del S. XVII en el lugar de Soutoxuste, en la parroquia de Santa María de O Viso, frente al estrecho de Rande, en Redondela (Pontevedra). La presencia de la familia Martínez de Soutoxuste en Silleda se documenta a partir del S. XVIII, por el matrimonio de Don Juan Francisco Martínez Pereira con doña Rosa Gómez de Costoia.

Tras ocupar una plaza como alumno supernumerario en el Hospital Clínico de la Facultad de Medicina de la Universidad de Santiago (1865), se graduó Licenciado en Derecho y en Medicina y

---

\* Quiero expresar mi gratitud a mis queridas parientes Noni Araújo, Elena Barral, Ana Rivas, Roberto Rivas, Amalia Menéndez, Teresa Menéndez, Sara Ramos e Isabel Leyes.



El Coronel don Justo Martínez Martínez en 1876.

Cirugía con la calificación de sobresaliente (1866). Poco después ingresa, por oposición, en el Cuerpo de Sanidad Militar (1866), siendo su primer destino el Regimiento de Infantería Zamora N<sup>o</sup> 8. Tras su paso por el Hospital Militar de A Coruña (1868), es designado para desempeñar el cargo de Jefe Local del Hospital de Chafarinas (1870). Más tarde acude a sofocar la Insurrección Cantonal del Ferrol (1872), y participa en la 3<sup>a</sup> Guerra Carlista (1872-1876), distinguiéndose en más de diez acciones de guerra: Batalla de Montejurra (1873), acciones de Somorrostro y Estella (1874), Sitio de Bilbao (1874), Sitio de la Seo de Urgel (1875), etc... sien-

do recompensado por su ejemplar comportamiento con cuatro cruces del Mérito Militar con distintivo rojo y con cinco ascensos por méritos de guerra.


En 1873 es elegido Diputado a Cortes por La Estrada (Pontevedra), donde se le dedica una de sus calles principales, en reconocimiento a las muchas iniciativas que realizó siempre en beneficio de ese pueblo, tales como la carretera de Silleda a La Estrada o la reconstrucción del Ponte Vea sobre el río Ulla. Tras un breve reposo para restablecer su salud en Ledesma y Caldas de Cuntis (1879), es nombrado Jefe de Inspección y Vigilancia para la conducción de enfermos del Hospital Militar de Madrid (1884). Jefe de Ambulancias en 1886, acude en comisión a París para estudiar el material para estos vehículos (1889). Nombrado Jefe de Detall de la Brigada Sanitaria (1891), formó parte de la comisión para redactar el Reglamento de creación de la 1<sup>a</sup> Brigada Sanitaria (1892).

Senador del Reino por Pontevedra durante los años 1893-1895, fue Juez-Presidente del Tribunal de oposiciones a plazas de Médicos segundos (1895). En 1896 realizó una comisión para el estudio de tranvías y transporte de enfermos al Hospital Madrid-Carabanchel, actual “Gómez Ulla”. También realizó en ese mismo año una comisión para el Ministro de la Guerra en París y Lyon.



D. Justo Martínez y Martínez con uniforme de Inspector Médico.

Poco después marcha a Cuba, donde desempeñó el cargo de Jefe de servicios del entonces recién inaugurado Hospital Alfonso XIII de La Habana, actual “General Calixto García”. Director del Parque Sanitario de la Isla de Cuba (1896), fue Jefe de la 2ª Brigada Sanitaria y Jefe de Sanidad del Cuartel General del general Weyler (1896). Durante la guerra de Cuba participó en 19 acciones de guerra, distinguiéndose en la del Rubí (Pinar del Río) en 1896 y en la de Loma de Remedios (1897), por las que fue merecedor de dos cruces del mérito militar con distintivo rojo. Durante su estancia en Cuba, don Justo Martínez estuvo muy vinculado al Centro Gallego de la Habana, del que fue Socio de Honor. Subdirector facultativo honorario de la Casa de Salud del Centro Gallego, presidió durante su estancia en Cuba la inauguración del curso escolar del Centro Gallego, y por acuerdo de la Junta General de 28 de febrero de 1878, fue nombrado Presidente Honorario de dicha asociación. Con tal motivo, se hizo acreedor de un mensaje de la más entusiasta felicitación, enviada por el pueblo de La Estrada, que preparó un comité de bienvenida para su regreso a España. El estradense don Waldo Álvarez Insua, director del *Eco*



Don Justo Martínez en indumentaria civil.

de Galicia se refirió a don Justo Martínez con palabras de elogio ensalzando su gran amor a Galicia: “*ama fervientemente a sus provincias gallegas, para las que no se ha cansado de recabar bienes y mejoras cada vez que estuvo en condiciones de hacerlo*”. El *Eco de Galicia* fue el primer gran periódico gallego en la emigración, saliendo su primer ejemplar en 1878, escrito en castellano con colaboraciones en gallego. Dejó de editarse en 1902. El mencionado estradense, don Waldo

Álvarez Insua, fue el iniciador del Centro Gallego a través de las páginas del “Eco”. Palabras de elogio a don Justo Martínez se le dedicaron también en el semanario habanero *Galicia*, siendo entonces su director don Constantino Horta. Este semanario se publicó en La Habana entre 1902 y 1930. Fue fundado por don Vicente López Veiga, su primer director, y editado por José B. Cerdeira, y ya desde sus primeros números contó con la colaboración de don Manuel Curros Enríquez.

A su regreso de la campaña de Cuba, fue nombrado Director del Instituto Anatómico-Patológico (1897) y fue el primer director del Instituto de Higiene Militar y de la Academia de Sanidad Militar (1898). Senador de 1898 a 1905, fue Jefe de la 1ª Brigada Sanitaria (1898) y primer Jefe de la Brigada de Tropas de Sanidad Militar. Participó en una comisión de estudio de material sanitario en Alemania, Francia e Italia (1899) y en otra de uniforme y equipo para el Ejército (1900). También participó en la redacción del Reglamento de uniformidad del Cuerpo de Sanidad Militar (1899) y en el proyecto de Reglamento orgánico del mismo cuerpo (1901).

Inspector Médico de 2ª en 1905, fue Diputado por Lalín (Pontevedra) entre los años 1905 y 1910 y Senador por Pontevedra entre 1907 y 1908. Jefe de Sección del Ministerio de la Guerra (1907), Presidente del Consejo de Administración de la Compañía de Tranvías de Madrid y Vocal del Consejo de Administración de la Caja de Huérfanos de Guerra (1908), fue nuevamente elegido Senador en 1910 y Senador Vitalicio en 1911 y desde 1914 hasta 1923.





## «Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia»: represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940

Ruy Farías\*

Aquel viejo aserto de Benedetto Croce (*toda historia es historia del tiempo presente*) adquiere hoy renovada vigencia en Galicia. Los cambios sociales y políticos que ¿lógicamente? afectan también al mundo académico, pueden determinar (y determinan) el interés por un hecho, coyuntura o proceso histórico determinado. De manera que no puede extrañarnos que el cambio de signo político vivido en Galicia a partir del final de la «era Fraga» acabe por conllevar (bien es cierto que con cierto retraso en comparación con otras regiones del Estado) la revisión del proceso histórico abierto con el alzamiento militar de julio de 1936, prolongado en la Guerra Civil y el exilio. Simultáneamente, este campo comienza a dejar de ser el ámbito preferente de las memorias y los relatos literarios, para ser paulatinamente ocupado por otros trabajos puramente historiográficos<sup>1</sup>. Afortunadamente, sin embargo, sea en torno a la represión o al exilio, los historiadores se afanan hoy por no

\* Universidad de Buenos Aires / Universidad de Santiago de Compostela / Museo Roca – Instituto de Investigaciones Históricas.

1 Vid. por ejemplo, J. de Juana López y J. Prada Rodríguez (coords.), *Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica, 2006, a la fecha quizás el más importante análisis y síntesis historiográfica del fenómeno represivo desatado en Galicia a partir del 20 de julio de 1936, así como del exilio al que dio lugar. Véase también, AA.VV., *A II República e a Guerra Civil. Actas dos traballos presentados ao II Congreso da Memória*, Culleredo, Asociación Cultural Memória Histórica Democrática, 2005.

sacrificar a las lógicas pretensiones cuantitativas (la búsqueda del número exacto de quienes, cuándo y cómo fueron perseguidos) la también necesaria percepción propia de los mismos protagonistas de aquellos sucesos<sup>2</sup>. De manera que no sólo salen ahora a la luz aquellas heridas aún abiertas que la Historiografía no «veía», sino también las representaciones propias de los diversos protagonistas de los sucesos.

Así pues, el presente artículo se inscribe en este esfuerzo de la historiografía gallega por recuperar la memoria colectiva, exhumar las experiencias de los protagonistas y, fundamentalmente, rehabilitar a los represaliados en aquel conflicto, incluyendo, como es lógico, a los 7.000 u 8.000 que a causa de la represión legal o paralegal perdieron la vida en las cuatro provincias gallegas<sup>3</sup>.

El 14 de julio de 1936 Ramón Fernández Rico (1891-1937), primer Teniente de Alcalde del Concello de A Estrada, a consecuencia del triunfo del Frente Popular en las elecciones de febrero de ese mismo año, quedó al frente del gobierno municipal por ausencia de su titular (Jesús Ignacio Puente Fontanes), que se había trasladado a Madrid con la delegación de diputados gallegos que presentó a las Cortes los resultados obtenidos por el Plebiscito de Autonomía de Galicia<sup>4</sup>. Tras el comienzo del golpe de Estado en Galicia y la rápida caída de la práctica totalidad de la región en manos de los sublevados (20-27 de julio)<sup>5</sup>,

- 2 E. Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión franquista en la provincia de A Coruña: "¿Qué pasa con Coruña?", en *Lo que han hecho en Galicia*, 45.
- 3 El número víctimas mortales está en permanente revisión al alza, y debo el dato del total estimativo actual a la generosidad de Xosé Manoel Núñez Seixas. Sin embargo, es probable que nunca lleguemos a conocer el total exacto de los represaliados, pues el tiempo opera negativamente sobre el único lugar (la memoria) donde aún puede quedar el recuerdo del pariente, vecino o amigo asesinado. Como sea, parece bastante evidente que la represión extrajudicial con resultado de muerte afectó a un número bastante mayor de personas que la judicial (vid. M. J. Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión franquista en la provincia de Lugo", en *Lo que han hecho en Galicia*, 94.
- 4 Cfr. carta de Jesús Ignacio Puente Fontanes a Ramón Fernández Rico, A Estrada, 14.7.1936 Tanto esta epístola como las que a lo largo del trabajo citamos y/o reproducimos, pertenecen al fondo particular de la familia Fernández – Prado. Los originales se conservan en la casa montevideana de José Manuel Fernández Prado, a quien agradecemos su generosidad al permitirnos su consulta y reproducción.
- 5 C. F. Velazco Souto, 1936. *Represión no alzamento militar en Galicia*, Vigo, A Nosa Terra, 2006, 17.

Fernández Rico fue detenido por estos, quedando recluido primero en la prisión provincial de Pontevedra, y más tarde en la improvisada penitenciaría de la isla de San Simón. En marzo de 1937 fue condenado a muerte y ejecutado en junio de aquel mismo año.

El conocimiento de estos trágicos sucesos, registrados en un acervo documental privado excepcional<sup>6</sup>, se ve enriquecido por la posibilidad de construir también otros documentos de naturaleza oral a partir de las entrevistas realizadas a dos de sus cuatro hijos supervivientes<sup>7</sup>. Esto nos ha permitido acceder a las experiencias y percepciones de los protagonistas de aquellos trágicos sucesos, además de complementar y contrastar la información suministrada por las fuentes escritas públicas y privadas.

## **Golpe de Estado y represión en Galicia y en A Estrada**

En palabras de Ramón Villares, Galicia se vio envuelta entre 1936 y la década de 1940 en una *extraña guerra*<sup>8</sup>, pródiga en injusticias, atrocidades y miseria. El desarrollo de la Guerra Civil exhibe allí carac-

6 Se trata de un despacho oficial, dos certificados de defunción y ciento seis cartas. La mayoría de estas fueron cruzadas entre Ramón, su esposa (Purificación Prado Rey) y la mayor de las hijas del matrimonio (llamada también Purificación) a lo largo de los meses en los que aquel permaneció preso. Conservadas ocultas por Purificación Prado Rey hasta su muerte, fueron halladas de manera fortuita y providencial por José Manuel Fernández Prado mientras desarmaba una mesa para reutilizar su madera. A pesar de que la mayoría de las epístolas son bastante breves, y que generalmente reproducen los típicos modelos fijos aprendidos en la escuela y manuales de redacción de la época, con su recurrencia sistemática a las mismas fórmulas al comienzo y al final de la carta, constituyen una valiosísima fuente de información para la reconstrucción de los trágicos sucesos que rodearon a sus protagonistas.

7 Se trata de José Manuel y Divina Pastora Fernández Prado, entrevistados por el autor el 4 y 11 de noviembre de 2006 en las ciudades de Montevideo y Buenos Aires respectivamente, por encargo del *Proxecto de investigación interuniversitario "As vítimas, os nomes, as voces, os lugares"* (Universidade de Santiago de Compostela / Universidade de Vigo / Universidade da Coruña) para la investigación y recuperación de la memoria de las víctimas de la represión franquista en Galicia. En aquella oportunidad se registró también el testimonio de la hija de José Manuel, María Purificación Fernández Vázquez (Montevideo, 4.11.2006). A ellos corresponde el mérito que un trabajo de esta naturaleza pueda tener, por el valor moral de bucear en la memoria de hechos tan dolorosos y sacarlos a la luz.

\* Agradecementos: A Vicente López-Veiga, fillo de Rodolfo López-Veiga e testemuña privilegiada do que aquí se expón, pola súa xenerosidade ao cedernos dos seus arquivos as fotografías e gran parte dos documentos que aquí se reproducen.

A tantas persoas relacionadas con “Cantigas e Agarimos” en diferentes épocas, que nos dedicaron o seu tempo e a súa memoria ( actual directiva da Agrupación, o director Santiago López, o gaiteiro Juan Bello Mallou, o corista e directivo Arturo Iglesias Quintáns... e á desaparecida Pilarita Silvela fan indiscutible de “Lela” )

1 Estreada en Buenos Aires en 1941. Publicada por primeira vez en Galicia pola Editorial Galaxia.

Castelao, A. D., *Os vellos non deben de namorarse*. Ed. Galaxia, Vigo, 1953



Rosendo Mato Hermida.

que o compositor presentou a súa creación ante o Rexistro da Propiedade Intelectual, o menoscabo no recoñecemento da súa autoría na última década chama poderosamente a atención. Como filla de Rosendo Mato, sentín a necesidade de reivindicar o que era de xustiza, canto máis cando contaba coa vantaxe da tecedeira que mantén os fíos, os lazos e o lenzo sobre o que se asenta tan complicado tapiz.

### Tratamento da obra nos últimos 10 anos

Hai que recoñecer que a gran difusión discográfica de “Lela” nos últimos anos arrincou do arranxo levado a cabo polo músico galego Carlos Núñez para o seu disco *A Irmandade das Estrelas*<sup>2</sup> (1996), que contou coa voz da intérprete portuguesa Dulce Pontes. Pero, nunha absoluta contradición, esta mesma difusión foi a responsable de “enterrar” ao creador da música xa que na información que proporcionou a edición discográfica non se nomeou a Rosendo Mato Hermida, tratando a composición como “tradicional”.

A sona acadada por “Lela” na voz de Dulce Pontes, invitou a outros cantantes a incluíla no seu repertorio, converténdose nun tema preferido, mesmo para aqueles que aspiran a unha carreira como intérpretes.

A Agrupación canaria “Los Sabandeños” tamén a incluíu no seu disco *19 nombres de mujer*<sup>3</sup>.

2 BMG Ariola S.A., 1996

3 Manzana Producciones Discográficas, 1998

"LELA" *Serenata de boticarias.* Música: Rosendo Mato Hermida

Handwritten musical score for "LELA" by Rosendo Mato Hermida. The score is written on a grand staff with treble and bass clefs. It consists of two systems of music. The first system has four staves, and the second system has three staves. The notation includes various chords, melodic lines, and dynamic markings such as "ss" and "p". The piece concludes with a "FIN" marking and the instruction "al f. hasta FIN".

Partitura original rexistrada por Rosendo Mato Hermida.

Un rastreo da peza por internet descúbrenos moitos cantantes que a interpretan e contribúen a promover o lastre da súa falsa autoría “popular” na información que aportan sobre a música.

Hai xa uns anos que se escoita con regularidade na Televisión de Galicia, identificándose xeralmente neste medio como a “Lela de Dulce Pontes.”

Pero o menosprezo ao que se veu sometido o autor ten, sen embargo, un antes e un despois, xa que ata fins do 2006 a ignorancia ou ocultamento da autoría musical podería ser etiquetado como erro involuntario, falta de rigor, ... O que aconteceu despois admite moitas outras denominacións.

En decembro de 2006 unha cantante galega participou no concurso “Operación Triunfo” de Tele 5 interpretando “Lela”. Isto foi descaradamente aproveitado como “autopromoción” por un músico que se declarou telefonicamente “autor” da canción interpretada. Pouco tempo despois, un programa televisivo<sup>4</sup> de gran audiencia en Galicia presentaba como gran primicia a este mesmo músico como autor da música de “Lela”, mentres o suposto compositor se ratificaba como tal cando se lle preguntaba sobre a cuestión.

Como familiares e herdeiros de Rosendo Mato Hermida, sentímonos realmente sorprendidos e defraudados ao comprobar con que facilidade se pode difundir unha mentira valéndose dun medio de comunicación que acepta a palabra dun descoñecido sen esixir certas probas sobre o que este afirma, polo que de xeito inmediato, afectados polo que alí se dixera, puxémonos en contacto cos responsables do programa aportando a documentación que demostraba a nosa reclamación sobre a autoría da obra.

A dirección do programa consultou coa Asesoría Xurídica sobre os nosos dereitos e resolveu dedicarlle un tempo á rectificación nunha edición<sup>5</sup> posterior na que se nos invitou a intervir. É a indignación por este acontecemento o detonante da decisión de clarificar

4 Programa LUAR, 12 de Xaneiro de 2007

5 Programa LUAR, 23 de Febreiro de 2007

e restaurar definitivamente o nome do autor perante aqueles que puideran descoñecela aportando algúns documentos que recordan as circunstancias nas que se compuxo a peza, xa que toda persoa ten dereito ao recoñecemento público da autoría da súa obra, que forma parte seu legado.

## Contexto do nacemento de “Lela”

### *¿Por qué e para quen se escribiu esta música?*

A Agrupación folclórica Cantigas e Agarimos de Santiago contou en varias épocas da súa actividade cun grupo de teatro. No ano 1961 dirixía este grupo Rodolfo López-Veiga Ponte<sup>6</sup>, home vinculado á escena ao longo de toda a súa vida, quen se empeñou con moito entusiasmo na montaxe da obra *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao. Esta obra dispón de indicacións moi precisas por parte do autor no tocante ás cuestións plásticas da posta en escena. Inclúe tamén momentos de coro e danza pero sen proporcionar ningunha partitura para interpretalos. Rodolfo López-Veiga encomendou a Rosendo Mato Hermida, director artístico da Agrupación naquel momento, a tarefa de crear o soporte musical de tales momentos.

A Agrupación dispoñía de coro para cantar e de bailaríns para os dous ballets que se prepararon. Músicas orixinais, danzas e decorados moi coidados dotaron de brillantez a representación.

Tras non poucas dificultades polas presións que quixeron facelo desistir, Rodolfo López-Veiga conseguiu estrear a obra en Santiago na praza da Quintana, ás 11 da noite do 25 de Xullo de 1961. Foi a primeira representación desta obra en Europa. Esta representación abriu camiño para que outros directores teatrais se animasen posteriormente a representar *Os vellos non deben de namorarse*, solucionando os coros de maneiras variadas: adaptando melodías coñecidas,

6 Vid. Voz López-Veiga Ponte, J. Rodolfo in AA.VV. *Gran Enciclopedia Gallega*, Edit. Silverio Cañada, Santiago/Gijón, 1974



O artista compostelán Ángel Morón pintando os decorados no convento de San Domingos de Bonaval.

compoñendo melodías orixinais, omitindo os coros, asumindo solucións doutros directores, etc... O éxito acadado fixo que reclamaran a montaxe de Rodolfo López-Veiga dende outros puntos de Galicia. Inmediatamente representouse en Vilagarcía e no San Froilán de Lugo coa mesma aceptación.

## Testemuñas

Do seguimento daquela estrea europea da peza teatral por parte do público e da expectación xerada dan boa conta os xornais daquel tempo, así como as diferentes valoracións ou críticas que a seguiron, facilmente localizables nas hemerotecas.

Sen embargo, para coñecer de primeira man tódolos detalles, dificultades e anécdotas daquela estrea o 25 de xullo de 1961, ás 11



CASTELAO

# Teatro Galego

da  
Agrupación Coral «Cantigas e Agarimos»

Director:  
RODOLFO LÓPEZ-VEIGA  
(Membro do Instituto Internacional do Teatro - U.N.E.S.C.O.)

Praza da Quintán

25 Xulio

11 noite

Os vellos  
non deben  
de namorarse

En Santiago de Compostela

Portada do programa de man na estrea en Santiago o 25 de xullo de 1961.



A praza da Quintana, ategada de público, aquela noite. Na primeira fila, as irmás de Castelao.

da noite na praza da Quintana de Santiago, resultan próximos e emotivos os testemuños de tantos compoñentes de Cantigas e Agarimos que hoxe recordan os detalles da súa participación como actores e actrices, músicos, cantantes, bailaríns..., así como outros que en anos posteriores cantaron no repertorio do coro as pezas preparadas por Rosendo Mato para *Os vellos*...

A transcendencia daquela estrea en Santiago no contexto da historia do Teatro Galego foi debidamente valorada e resaltada polos comentarios dos seguintes críticos en 1970<sup>7</sup>:

Manuel María referiu:

“Este estreno constituyó tal vez el espectáculo teatral más importante que se produjo en Galicia en todos los tiempos”

Agustín Magán Blanco, facendo alusión ao renacemento do teatro galego tralos máis duros anos do franquismo, escribiu:

“este renacimiento coincide y hasta diríamos que se provoca, con el estreno en Santiago de “Os vellos non deben de namorarse” de Castelao, llevado a cabo en memorable representación realizada por el grupo “Cantigas e Agarimos” en la Quintana.”

Xesús Alonso Montero recordou a representación no San Froilán de Lugo

“En octubre de 1961, Rodolfo López Veiga -el hombre que más ha hecho por nuestro teatro en estos quince años- pone en escena “Os vellos”. Escenario: Plaza de Santa María. Como acto de comunión teatral gallega fue el de más relieve en estos treinta y cuatro años lucenses”

## Documentación

Recordado o contexto da creación da peza musical “Lela”, aportamos algúns materiais impresos que poden ilustrar esta autoría:

7 Vid. “Primer Acto” n° 120 “Castelao y el teatro Gallego”, Madrid, 1970. Pp .9, 29, 32 respect. (<http://www.Primeracto.com>) Vid.Documento anexo n° 10

## COMISION DE FERIAS Y FIESTAS DE LUGO



TEATRO CALLEGO  
de «Lantigas e Agarimos»  
de Santiago

**Os vellos  
non deben  
de namorarse**

de  
*Alfonso D. B. CASTELAO*

**PLAZA DE SANTA MARIA**

**10 Octubre**

**8 1/2 tarde**

Cartaz que anunciaba a representación no San Froilán de Lugo.

Escena do Coro de Boticarios interpretando "Lela" o 10 de outubro de 1961 na representación de Lugo.



- 1) Nota periodística<sup>8</sup> titulada: Expectación ante el estreno de “Os vellos non deben de namorarse” anticipando a estrea da obra o 25 de xullo. Entre os datos que aporta “las partituras las está escribiendo Rosendo Mato y los decorados los hace Angel Morón”. Tamén “De Rianjo, tierra natal del gran escritor, vendrán expresamente en la noche del 25, tres ómnibus”,
- 2) Programa de man<sup>9</sup> da estrea en Santiago coa mención ao mestre Rosendo Mato que fixo os “amaños musicais” para interpretar as catro partes de coro da obra.”
- 3) Carta<sup>10</sup> do Centro Galego de Bos Aires en agosto do 1961, desexándolle a Rodolfo López-Veiga gran éxito na posta en escena da obra aludindo en concreto á “inclusión de destacadas pezas musicais” (en referencia a que se compoñía música expresamente)
- 4) Publicación conmemorativa das Vodas de Ouro de Cantigas e Agarimos<sup>11</sup> co resumo da historia e actividades entre 1921 e 1971 que inclúe unha referencia biográfica e profesional<sup>12</sup> do director artístico naquel momento (1971) Rosendo Mato Hermida. Resaltando a súa facilidade para facer arranxos musicais e para a composición recorda: “Cando o noso grupo puxo en escea por primeira vez en Europa “Os vellos non deben de namorarse”, o mestre Mato musicou varias partes, entre elas destaca o canto de LELA (Serenata dos Boticarios), peza de corte crásico, pra acompañar con guitarras, que axiña se fixo moi popular”

8 Vid. Documento anexo nº 1.

9 Vid. Documento anexo nº 2.

10 Vid. Documento anexo nº 3.

11 “Cantigas e Agarimos”, BODAS DE OURO (1921-1971), Ed. Obradoiros gráficos del Seminario Conciliar de Santiago, 1972.

12 Vid. Documento anexo nº 4.

- 5) Entrevista<sup>13</sup> a un directivo de Cantigas e Agarimos en novembro de 1976 na que se anticipa que tralos éxitos acadados polo coro en diversos certames está pactada a gravación de dous discos LP pola casa Columbia con 32 pezas do repertorio, entre elas algunha composición de Rosendo Mato, resaltando como éxito seguro a inclusión da “Serenata de boticarios”(“Lela”).
- 6) Gravación de dous LP polo Coro Cantigas e Agarimos no ano 1978 pola Casa Columbia. No segundo inclúese “Lela” con referencia do autor Rosendo Mato Hermida.
- 7) Posteriores gravacións de “Lela” pola Tuna de Santiago (Dial Discos, 1992) que refiren correctamente a autoría de Rosendo Mato Hermida.
- 8) Abonos por parte da SGAE<sup>14</sup> aos herdeiros de Rosendo Mato Hermida como autor de “Lela” en concepto dos dereitos económicos derivados da difusión da obra en distintos medios. O máis recente pola inclusión de Lela no disco editado por Vale Music que recolle as interpretacións dos concursantes das galas 9 e 10 no programa de Tele 5 “Operación Triunfo”.
- 9) Programa do concerto “A nosa Clave”<sup>15</sup> celebrado o 5 de maio de 2007 no Auditorio de Galicia que concluíu coa estrea da harmonización para coro e orquestra feita por Carlos Seráns<sup>16</sup> da obra de Rosendo Mato Hermida “Lela”.  
(A T.V.G. emitiu a gravación do concerto o 17 de maio de 2007, Día das Letras Galegas).

Cremos que a selección de probas aportadas deixan clara a autoría de Rosendo Mato Hermida sobre “Lela”, aínda que a proba definitiva legalmente é a inscrición no Rexistro de Propiedade Intelectual<sup>17</sup>.

13 El Correo Gallego, 14 de novembro de 1976 (artigo de Roberto Qumata)

14 Vid. Documento anexo nº 5 e 6.

15 Vid. Documento anexo nº 7 e 8.

16 Carlos Seráns é o único músico que ata o momento solicitou e posúe autorización para arranxar ou harmonizar esta obra.

17 Vid. Documento anexo nº 9.

## **Rosendo Mato Hermida. traxectoria profesional e circunstancias do rexistro de “Lela”**

Rosendo Mato Hermida foi un músico ligado fundamentalmente ás bandas. Primeiro tocando na banda da súa vila natal, Vilalba, entre 1926 e 1929. Trasladado coa súa familia a Santiago ingresou en 1929 como educando na Banda Municipal de Compostela tocando o saxofón tenor, aos 15 anos de idade. Reclamado para incorporarse á fronte durante a guerra civil (co relevo de 1935), caeu ferido. Reincorporado ao seu posto tralo remate da Guerra, abandónao definitivamente por enfermidade en 1945, pois as secuelas das feridas impedíanlle o exercicio na súa praza de instrumentista.

Nese mesmo ano tomou a dirección da Banda de Arca - O Pino, A Coruña, na que permaneceu desde 1945 ata 1966. Durante este período simultanea esta dirección coa do coro Cantigas e Agarimos en varios momentos.

Regresou con continuidade á dirección artística de Cantigas e Agarimos en 1970. Foron anos de gran actividade coa participación en moitos certames e consecución de importantes galardóns para a Agrupación. Abandonou Cantigas definitivamente en 1982, sendo nomeado Director Honorario en recoñecemento á súa dedicación.

En 1974 retomou a dirección da Banda de Arca, permanecendo nela ata o ano 1990. Tamén dirixiu neses últimos anos o Coro de Xubilados de Santiago da Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia. Cando no ano 1976 Cantigas e Agarimos tiña pactada a gravación de dous LP coa casa Columbia, Rosendo Mato decidiu rexistrar a música que anos antes compuxera para a estrea de *Os vellos*.

Realizándose este rexistro anos máis tarde, aportou datos máis recentes ligados á súa actividade na banda de Arca:

“Lela” Serenata de boticarios. Vals.

Obra estrenada por la Banda de Música de Arca . El Pino  
22 de noviembre de 1976 ( festividade de Santa Icíá)



Rosendo Mato (esquerda) recibindo de Rodolfo López-Veiga o diploma de Director Honorario da Agrupación o 17 de maio de 1982.

É por iso que a partitura de “Lela” que aquí se reproduce era ben coñecida de moitos músicos que a manexaban no repertorio doutras Bandas.

### **A maneira de conclusión**

A indagación e rastreo que fixemos nos últimos meses sobre o tratamento discográfico de “Lela” demostrounos de que maneira o pouco rigor nas comprobacións necesarias antes de cualificar unha creación de “popular” deixan no esquecemento o nome dun autor.

Púxose de manifesto o absoluto desprezo mostrado con modos fachendosos por algunhas persoas vinculadas ao mundo da música respecto á propiedade intelectual doutros creadores aproveitándose de programas televisivos de gran audiencia.

Tamén debemos destacar a escasa confianza que podemos depositar na ferramenta de información que máis se emprega hoxe, internet, que, en moitas ocasións, acaba espallando de maneira expo-

«Lela»: a sombra dun amor ingrato. En desagravio de Rosendo Mato Hermida



A banda de música de Arca posando no mesmo escenario que a banda municipal de Santiago no ano 1934, San Domingos de Bonaval. (Sinalado Rosendo Mato nas dúas imaxes).

nencial informacións non contrastadas e reinventando a realidade nun “chateo” onde ninguén sabe do que se fala.

Oxalá que a “maldición de Lela” quede no contexto que Castelao delimitou e o solimán da botica de Don Saturio non promova asasinatos intelectuais e menoscabos no mérito do compositor de tan afortunada melodía<sup>18</sup>.

---

18 En poder da familia obra documentación xustificativa , parte dela reproducida neste breve artigo. Para calquera consulta ou contacto: Email: [m.doloresmato@edu.xunta.es](mailto:m.doloresmato@edu.xunta.es)

## Anexo documental

### Documento 1

#### EXPECTACION ante el estreno de “Os vellos non deben de namorarse”

Existe gran expectación en Compostela ante la presentación de la obra teatral de Daniel Rodríguez Castelao, “Os vellos non deben de namorarse”, que será estrenada a las once de la noche del día 25, en la Quintana.

La obra ha sido respetada en todo su contenido y puede decirse que la representación se ajustará fielmente al original.

El cuadro artístico de “Cántigas e Agarimos”, que dirige Rodolfo López Veiga, y que es el encargado de la representación, no ha regateado sacrificios para que la obra alcance toda la brillantez y significado que el autor le imprimió al escribirla.

En la obra figuran dos ballets, el de “O espantallo” y el de “Pimpinela”. Rosendo Mato ha sido el encargado de escribir las partituras musicales.

El coro “Cántigas e Agarimos”, tendrá cinco intervenciones como fondo.

Los decorados han sido realizados por el artista Angel Morón, según diseños del director del cuadro artístico de “Cántigas e Agarimos”.

La obra será presentada con un prólogo y tres actos.

Hemos asistido a alguno de los ensayos y podemos decir que todos y cada uno de los actores se esfuerza por conseguir que su papel sea el principal y que el personaje que encarna sea el más destacado; por esto, no es aventurado decir que el éxito está descontado.

La expectación para asistir al estreno no existe sólo en Compostela, sino que de toda la región gallega hay anunciadas excursiones. De Rianjo, tierra natal del gran escritor, vendrán expresamente en la noche del 25, tres ómnibus.

## Documento 2

## FARSA EN TRES ACTOS CON UN PROLOGO E UN EPILOGO

LANCE 1.º

## O BOTICARIO

O BOTICARIO

Vello namoradoizo, que ten, ademais, a desgracia de chamarse Saturio.  
*Ezequiel Méndez.*

LELA

Moza requentada na súa propia malicia.  
*Chuca Martínez.*

O CARABINEIRO

Catador de lupandas, disposto a unha nova vida.  
*Xavier Cuesta.*

AS IRMÁS DO BOTICARIO

Catro ánimas do purgatorio, embulladas en roupa negra.  
*Leónidas Fajrana.*

*Cecilia Vence.*  
*M.ª del Carmen Barbois.*  
*Encarnita Rey.*

A MORTE

O máis tirán de todos, disfrazado de mendicante.  
*Crisanto Sammartín.*

MULLERES

Dez bocas con alferrón.

LANCE 2.º

## DON RAMONCIÑO

DON RAMÓN

Vella esponxa, embebida en viño tinto; remate de casta.  
*Xosé Noya.*

OS PAIS DE D. RAMÓN

Retratos que viven e falan.  
*Manchita Ferrero.*  
*Luis Ponte.*

MICAELA

Rapaza parafuseira, de touciños duros.  
*Pili Silvela.*

O PORTUGUÉS

Malandro cazador de lebres corridas.  
*Crisanto Sammartín (fillo).*

RAPAZ

Fillo de raposa.  
*Manoño Silvela.*

DUAS MÁSCARAS

Choqueiros extrafalaríos.  
*Carlos Salgado.*  
*Vicente Juzgado (fillo).*

MULLERES

Abrollos de picardía.

UN SAPO

*M.ª Xosé Sammartín*

CATRO ESPANTALLOS

Misterios de noite orballada.

LANCE 3.º

## PIMPINELA

PIMPINELA

Rapaza bonita, que tolea cos panos de coores.  
*Olguita del Buzo.*

A NAI

Vella lagarteira, que non se avén coa probeza.  
*Manchita Ferrero.*

O PAI

Vellucón con cara de testigo falso.  
*Luis Ponte.*

O MOZO

Rapaz novo, na idade de sentirse galo do mundo.  
*Xavier Cuesta.*

O VELLO

Carcamán namorado, no seu derradeiro esforzo.  
*Gabriel Barreiro.*

MULLERES

Almas chuchadas pol-a marmuración.

CORO

Rapaces e rapazas que saben cantar.  
*Agrupación Coral «Cantigas e Agarimos».*

EPÍLOGO:

SEÑOR FUCO *Gabriel Barreiro.*  
BOTICARIO *Ezequiel Méndez.*  
DON RAMÓN *Xosé Noya.*

Intervenções de coro e danza:

AGRUPACIÓN CORAL «CANTIGAS E AGARIMOS».

«Serenata dos Boticarios», «Mulleres de Fardellos».

«Ritornela da casadita nova» e «Impromptu».

Letra de CASTELAO.

Amados musicais do mestre Rosendo Mato Herandi.

BOCETOS e DECORADOS . . . . . Anxo MORÓN  
Asistente . . . . . Alejandro REBISO  
Montaxe . . . . . Ricardo OUTES  
EFECTOS LUMINOSOS e . . . . . MARTINEZ Y SUAREZ  
EQUIPO SONORO . . . . . CASA HORTENSIA  
VESTUARIO . . . . . CORAL «CANTIGAS E AGARIMOS»

REXIDOR DE ESCENA:  
XAVIER MARINO

DIRIXE:  
RODOLFO LÓPEZ-VEIGA

### Documento 3



CENTRO GALILEO DE BUENOS AIRES  
 MUTUALIDAD CULTURAL  
 ACCION SOCIAL  
 BELGRANO 2199 (R.75)

Buenos Aires, 28 de agosto de 1961.-

Señor Director del  
 Teatro Galileo de la  
 Agrupación Coral "Cantiga e Agarimos"  
 D. Rodolfo López-Veiga  
 Algalia de Arriba, 11-bajo  
Santiago de Compostela  
 España

De mi mayor consideración:

Hemos recibido de su gentileza un programa con la obra que actualmente lleva ese conocido conjunto a la escena titulada "Os vellos non deben de namorarse", farsa en tres actos con un prólogo y un epílogo.

Consideramos, dado el contenido de la mencionada obra, la inclusión de selectas composiciones musicales y los antecedentes de ese teatro que usted tan dignamente dirige, el éxito seguro que deben tener.

Al augurar renovados aciertos a esa agrupación y agradeciéndole su fina atención, aprovechamos la circunstancia para reiterar a usted con nuestra más alta consideración.

  
José Iglesias Rivadulla  
 Secretario

  
Ricardo Badia  
 Presidente

## Documento 4



**Don ROSENDO MATO HERMIDA**  
Direitor de «Cantigas e Agarimos»



D. Rosendo naceu en Villalba (Lugo) e formou parte dunha das dúas Bandas de Música que por aquel entón había na vila.

Trasladouse a Santiago pra ingresar na Banda Municipal, proseguindo os estudos musicales co ilustre mestre D. Ricardo Fernández Carreira.

Despois de varios anos, deixou a Banda Municipal pra facerse cargo da dirección da Banda Popular de Arca, unha das de máis sonda de Galicia, ocupando o cargo 20 anos arreo e acrecendo o prestixio que a Banda tiña.

O fronte dela conquireu o Primeiro Premio nun certamen de Bandas Populares, celebrado na Estrada o ano 1948.

En dúas ocasións anteriores xa desempeñara a dirección de «Cantigas» —provisionalmente, porque estaba ca Banda de Arca—, e baixo a súa batuta grabou o Coro varios discos no ano 1964, pra «Columbia» e «Regal».

Habendo deixado a Banda de Arca, fíxose cargo de novo da Agrupación, pero xa de modo efectivo no ano 1970.

Si as súas dotes de capacidade e preparación, xunguidas á inusitada pacencia, incansable traballo, entusiasta e teimosa adicación, xa as puxera de manifesto nas dúas anteriores ocasións, agora, sin trabas nin impedimentos, o froito da súa laboura é máis real, máis efectiva, confirmando o seu valer e a vocación que pra tan difícil cargo ten.

Outra virtude dina de louvanza, é a da facilidade pra facer arranxos musicales e prá composición. Cando o noso Grupo de Teatro puxo en escea por primeira vez en Europa a obra de Castelao «Os vellos non deben de namorarse», o mestre Mato musicou varias partes; entre elas destaca o canto de LELA («Serrenata dos Boticarios»), peza de corte crásico, pra acompañar con guitarras, que axiña se fixo moi popular.

Compuxo tamén pró Coro algunhas cousas de temas populares, que aínda se cantan, e outras pra gaita. Unha delas, a muiñeira «Loliña», belida peza que sirveu de obra de obrigada do Concurso Rexional de Gaitas celebrado en Santiago no ano 1970.

«Cantigas e Agarimos» atópase en boas mans pra conservar e aínda superar o seu prestixio artístico de 50 anos.



## Documento 5



FUNDADA EN 1889



REF.: 30/68

(cítese al contestar)

MADRID, 4 DE ENERO DE 2007

MARIA DOLORES MATO GOMEZ  
 EMILIA PARDO BAZAN 7  
 PARQUE MONTOUTO TEO  
 15894 - LA CORUÑA

Estimado/a amigo/a,

Me es grato informarle que SGAE, en aplicación de las Tarifas Generales de la Sociedad, ha emitido una licencia de derechos de reproducción y distribución por la inclusión de las obras de su repertorio que administramos, en el siguiente soporte:

Tipo de licencia:	Publicación Impresa
Modalidad de Producción:	Encartado y gratuito
Tipo de soporte:	COMPACT .
Unidades a fabricar:	30.000
Productor:	VALE MUSIC
Distribuido:	REVISTA O.T
Numero de Catalogo:	VLCD4601
Obras musicales incluidas:	Hoja aparte
Importe derechos a repartir entre las obras:	12.976,12 Euros

Para cualquier información adicional, le ruego se ponga en contacto con Mercedes Garcia en el teléfono (91) 3499638, en el fax (91) 3499715 o a través del e-mail mgarcia@sgae.es.

Agradeciendo su confianza en SGAE, reciba un cordial saludo.

Fdo : Angel de la Vega Urágon  
 Jefe de Reproducción Fonográfica

## Documento 6



FUNDADA EN 1899

Ref.: 30/68 (Citese al contestar)

### Relacion de TITULOS

TITULO	TIPO	AUTOR	PROPIETARIO
LELA	Obra	MATO HERMIDA ROSENDO RODRIGUEZ CASTELAO ALFO	MARIA DOLORES MATO GOME FRANCISOC JAVIER BALTAR
DORMIR CONTIGO	Obra	MANZANERO CANCHE ARMAND	WARNER/CHAPPELL MUSIC S
EMPIEZO A RECORDARTE	Obra	SANSANO TWERDY CRISTOBA NARANJO CARRASCO MONICA	SAN SOUND S L UNIVERSAL MUSIC PUBLISH
QUIERO CANTAR	Obra	GONZALEZ FLORES ROSARIO	PRODUCCIONES ARTISTICAS
ALWAYS ON MY MIND	Obra	THOMPSON WAYNE (USA) JAMES MARK (USA 1) CHRISTOPHER JOHN LEE JU	EDICIONES MUSICALES CLI EMI MUSIC PUBLISHING SP
SATISFACTION	Obra	JAGGER MICHAEL PHILLIP RICHARDS KEITH (GB)	ABKCO MUSIC PUBLISHING TRO MUSICA ESPAÑA, S. L
LOCO	Obra	CALAMARO ANDRES	GRABACIONES ENCONTRADAS
WELCOME TO MY LIFE	Obra	BOUVIER PIERRE AIME COMEAU CHARLES ANDRE	CANCIONES WARNER BROS
VUELVE EL AMOR	Obra	SANCHEZ ALONSO RAFAEL MARTINEZ MOLINA MARIANO BOLIN DOMECCQ LUIS	SEPTIMO SELLO S L EL LOTO AZUL S A AXON PRODUCCIONES S L
CON SOLO UNA SONRISA	Obra	MELENDI ESPINA RAMON	CARLITO EDICIONES MUSIC
EL MUNDO TRAS EL CRISTA	Obra	ESPAÑA SANTAELLA MANUEL ALMENDROS GARCIA JOAQUI	CANCIONES - DISCO PEERMADRID YNTI
COMO YO TE AMO	Obra	ALVAREZ BEIGBEDER PEREZ CASAS ROMERO PURIFICACI	BMG MUSIC PUBLISHING SP NOVA EDICIONES MUSICALE
STUFF LIKE THAT THERE	Obra	EVANS RAY LIVINGSTON JAY	SPANISH FRIED MUSIC
UNCHAINED MELODY	Obra	NORTH ALEX ZARET HY	EMI MUSIC PUBLISHING SP
LIVE AND LET DIE	Obra	MC CARTNEY PAUL JAMES MC CARTNEY LINDA LOUISE	EMI SONGS ESPAÑA SRL EMI MUSIC PUBLISHING SP

## Documento 7



Alda. Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tels.: 981 552 290 / 981 574 152 / 981 574 153  
Venda telefónica: 981 571 026 / 981 573 979  
Fax: 981 574 250 / 981 572 292

www.auditoriodegalicia.org  
info@auditoriodegalicia.org



CONCELLO DE SANTIAGO  
CONCELLELA DE CULTURA

Baixo o mecenado de:

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FINSA

TELEVÉS

RUA FER



CONSORCIO DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE  
Dirección Xeral de Orquestras e Fillos de Galicia



Bandas de Música



Solfa

### BANDA SINFÓNICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES

XOSÉ CARLOS SERÁNS  
DIRECTOR

#### CORAIS DE COMPOSTELA

CORAL PONTEMANTIBLE  
DIRECTOR: FRANCISCO JAVIER OTERO BOTANA  
CORAL POLIFÓNICA LA SALLE  
DIRECTOR: SANTOS MARTÍNEZ MARCOS  
CORAL IRMÁN GÓMEZ  
DIRECTOR: DIEGO NEIRA SINDE

#### CORO DO CEIP DAS FONTIÑAS

DIRECTOR: SANTIAGO LÓPEZ BLANCO

#### CORO DE ASOCIACIÓN MUSICAL SOLFA

DIRECTORA: MALENA PAZOS PINTOR

#### CORO COTO DA NAI

DIRECTOR: OSCAR MATO COLLAZO

#### CORAL POLIFÓNICA DA PONTE PEDRIÑA

DIRECTORA: CARMEN DOLORES SANCHEZ RIAL

AUDITORIO DE GALICIA. SÁBADO, 5 DE MAIO DE 2007. 21:00 h



AUDITORIO DE GALICIA

## Documento 8

### PROGRAMA

I

#### RAPSODIA AROUSÁ E. Vila Vázquez

\*Estrea mundial

#### III SINFONÍA OP. 89

J. Barnes

*I. Lento-Drammatico-Allegro  
ritmico-Alla breve*  
*II. Scherzo-Allegro moderato*  
*III. (For Natalie) Mesto*  
*IV. (Finale) Allegro giocoso*

#### FÁBULAS DO PICO SACRO E. Campos

\*Estrea mundial

Gaitero:

Xosé Manuel Lopez Fernández (Josele)

### PROGRAMA

II

#### POEMA DA AUSENCIA

Letra: **Manuel Oliveira Paz**

\*Estrea mundial

Música: **X. Carlos Seréns**

Soprano: Esperanza Filgueira Rama

#### ONDE ESTÁ?

Letra: **S. López Blanco / E. Costal López**Música: **N. García Carril**Instrumentación: **X. Carlos Seréns**

Coro de nenos/as do CEIP Fontiñas

#### APREIXAR O VENTO

Letra: **Marta Dacosta**

\*Estrea mundial

Música: **X. Carlos Seréns**

Corais de Compostela

Soprano: Esperanza Filgueira Rama

#### LELA

Letra: **A. D. Rodríguez Castelao**Música: **Rosendo Mato Hermida**Instrumentación: **X. Carlos Seréns**

Corais de Compostela

Duración aproximada do concerto: 90 minutos

Rogamos ao público que desconecten aqueles aparellos que poidan alterar o transcurso do concerto (teléfonos móbiles, reloxos, etc.)

## Documento 9

N<sup>o</sup> 756

CUERPO FACULTATIVO  
DE  
Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos  
REGISTRO GENERAL DE LA PROPIEDAD  
INTELLECTUAL  
REGISTRO PROVINCIAL DE *La Coruña*

D. *Miguel González García*  
FUNCIONARIO DEL CUERPO FACULTATIVO DE ARCHIVEROS, BIBLIOTECARIOS Y ARQUEOLOGOS  
COMO JEFE DEL REGISTRO DE LA PROPIEDAD INTELLECTUAL DE ESTA PROVINCIA

CERTIFICO: Que D. *Rosendo Mato Hermida*, vecino  
de *Santiago de Compostela* según documento núm. *33.049.381* expedido en *7* de *abril* de *1971*, presenta a las *17* del día de hoy y para los efectos de ley del 10 de enero de 1879, ejemplar *1* de la obra cuyo título y demás circunstancias se expresan a continuación.

Título *"Lela" Serenata de boticarios  
vals.*

Autor *Rosendo Mato Hermida* Clase *Musical*

Colaboradores varios

Propietario *El autor*

Editor *Ed. manuscrito*

Lugar y año de la impresión *Asca El Pino La Coruña 1976*

Establecimiento *Otra establecida por la Banda de Música*

Tomos y tamaño *1 de 315 x 215 // de Asca El Pino.*

Fecha de la publicación *22 de noviembre de 1976*

Edición y número de ejemplares

Páginas u hojas *2*

Observaciones

Y que por su presentación, HA PRODUCIDO LA  
INSCRIPCIÓN Provisional Núm. 756

DE TODO LO CUA... petición interesado, y para que conste y pueda disfrutar de los beneficios de la Ley de diez de enero de mil novecientos setenta y nueve. EXPIDO LA PRESENTE, que firmo y sello con el de este Registro, en *La Coruña* a las *17* de *noviembre* de mil novecientos setenta y *seis*.

 *Dr. J. González*

*Documento 10*

# primer acto

N.º 120 40 Ptas.



**TEATRO GALLEGO:** "los viejos no deben de enamorarse" de CASTELAO





## A Estrada, pobo de acollida. Na lembranza das meniñas austríacas refuxiadas no 1948

Noni Araújo

Pedíume Juan Andrés Fernández Castro, director do Museo estradense “Manuel Reimóndez Portela” que relate, ata onde a memoria me acade, a estadía na nosa vila dun grupo de nenas austríacas ó remate da Segunda Gran Guerra. Ante os reparos que puxen, aducindo fundamentalmente a pouquísima información que existe, repuxo Juan Andrés que o máis importante era dar a coñecer aquel episodio da historia do noso pobo, descoñecido para moitos estradenses, aínda que fose de forma breve. Despois virán, engadiu, outras persoas, historiadores, ou investigadores que queiran afondar no feito. O máis importante era abrir camiño. E a iso me puxen coa colaboración de Niní Pardo, persoa esencial para recompoñer esta breve pero emotiva historia.

Tódolos datos fóronme proporcionados por Erika, que atesourara na súa memoria os momentos felices que viviu na hospitalaría vila estradense.

Chegaron as nenas ó noso país pola mediación de Cáritas, entidade que organizou a viaxe e distribuiu as meniñas polas familias estradenses que podían e desexaban acollelas. Cómpre lembrar que viñan de sufrir as consecuencias dunha guerra recién rematada e precisaban, ademais de cariño, boa alimentación e educación, que non deixaron de recibir nas escolas da vila, algunha en Santiago, e tamén

no colexio das monxas que daquela existía na casa nº 4 da actual rúa Don Nicolás. Lembro que eran rapazas intelixentes e tan despertas que logo aprenderon o idioma. A meirande parte fixeron pronto amizade con nenas do pobo e algunhas, como Erika, estableceron lazos tan fondos co noso pobo, que aínda agora mantén relación con moitos estradenses.

As familias de acollida, que mereceron e merecen toda a nosa admiración e respecto foron: Irmás García Durán, acolleron a Elfride; familia Núñez Casal, acolleu a Ingrid; a familia Enríquez Parrondo, a Leopoldine.

A familia Araújo Ulloa, acolle a Karen; de La Calle Sáenz, a Rene e a familia Espinosa Rial, acolle a Mónica. Dona Maruja Otero, acolle a Elfride; a familia Blanco Gestoso, a Elisabeth; a familia Freijedo Tabarés, a Martha e Grethe. Os irmáns Villar acollen a Erika e, por último, a familia Otero Llamas, a Ingrid e Elfride.



## O fondo fotográfico «Celestino Fuentes» do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada

Juan Andrés Fernández Castro\*

No decurso dos anos 2006 e 2007 e gracias á xenerosidade de dona Esperanza Formoso incorporamos ó arquivo fotográfico do Museo, onde quedou rexistrado baixo a denominación *Fondo Fotográfico Celestino Fuentes*, un legado constituído por clichés fotográficos nun número que supera abondo os 28.000 negativos. Unha vez rematado o seu proceso de restauración e catalogación, foron postos a disposición do público interesado, que pode visionalos na Sala de Investigadores do Museo.

### **Celestino Fuentes González. Breve síntese biográfico-profesional**

Fillo de don Antonio Fuentes Villar e dona Pilar González Blanco, nace o noso fotógrafo no lugar da Igrexa, parroquia de Oca, o día 20 de xaneiro de 1918. Sendo neno asiste á escola de don Pedro Brey, mestre e fotógrafo que rexistrou nas súas placas a vida aldeana dos

\* Agradecementos:

A Esperanza Formoso e fillos con que temos contraída unha impagable débeda de gratitude. A Teresa Ruibal, de Oca. A Silvia Freitas e seus pais. A Rosario e Rodolfo, de Arnois. A Secundino Espiño, Rita Espiño e Manuel Asorey. A Daniel Rodríguez, María del Carmen Bascuas e María José Rodríguez, de Santomé.

anos vinte e trinta da pasada centuria; poida que fose daquela cando espertou nel a vocación fotográfica mentres observaba ó seu profesor manipulando a vella cámara de fotos coa que máis dunha vez retratou ós seus alumnos. A impronta de Pedro Brey vaise facer patente moito máis tarde –contra os primeiros anos da década dos cincuenta–, nas primeiras produccións fotográficas de Celestino, que daquela coñecía xa as numerosas fotografías que o mestre-retratista realizara nas eiras e salidos das casas labregas dos arredores. Aquela influencia maniféstase fundamentalmente no emprego de teas para constituir o fondo, a marcada isocefalia, a coidadosa composición do retrato, a elaboración do escenario, artellando en ocasións unha auténtica tramoia de follaxe e flores e, sobre todo, no recurso ás *mans ocupadas* sostendo algunha cousa, xeralmente ramos vexetais, froitas ou mesmo xoguetes no caso dos meniños. Este *horror vacui* das mans era explicado polos familiares do retratista de Oca aducindo que “a xente, diante do fotógrafo, non sabe que facer coas mans”, e por iso Celestino poñía sempre algo nelas. Estes detalles que caracterizan a primeira época de Celestino Fuentes e que se plasman en fermosísimos retatos nos que non está ausente un certo talento fotográfico innato, vaise esvaindo, sen embargo, a medida que Fuentes perfecciona a súa técnica e enxerga o camiño da profesionalización, mercando cámaras novas e frecuentando as festas, romarías, casamentos, bautizos e eventos de todo tipo.

Cómpre salientar que todos os meus informadores coinciden en afirmar que Fuentes aprendeu a técnica e a arte da fotografía nos libros que pedía por correo; foi pois, no máis estricto sentido da palabra, un autodidacta avantaxado que tratou de imitar, poida que inconscientemente, ó remoto mestre da súa estapa escolar. Xa na súa madurez compaxina o labor fotográfico co traballo de ferreiro e labrego, asumindo a súa esposa Esperanza os labores de coidado e educación dos seus numerosos fillos e mailos labores da labranza. Sofre un gravísimo accidente de moto que lle deixou fortes cefaleas e acedou o seu carácter. Falece en Oca o día oito de febreiro de 1987.

## **Descrición do Fondo fotográfico**

O legado fotográfico está constituído por 312 carpetiñas e 618 bobinas con negativos de 24x36 mm, (35 mm), e máis 680 de 6'5x11 mm., o que fai un total de 28.580 negativos. Aínda que se rescatou un número moi considerable de clichés, impresionados sobre todo nas décadas dos sesenta e setenta do pasado século, hai que lamentar a perda dunha parte moi considerable do arquivo fotográfico de Fuentes que xa non chegou a nós. A causa do seu deficiente almacenamento a humidade afectou en diversos grados á película fotográfica estragando a emulsión ás veces de forma irreparable. Tamén se observaron danos derivados do contacto da película co papel da carpetiña ou consigo mesma naqueles carretes que Fuentes enrolaba.

Tódala bobinas (nos papeliños que as envolvían) e carpetiñas contiñan información precisa sobre a data, lugar, temas e persoas retratados. Estes apuntamentos, en moitos casos estragados polos ácaros e insectos que devoraron o papel, dotan á propia imaxe dun extraordinario valor engadido. Formaban tamén parte do legado 30 carretes impresionados e aínda sen revelar.

## **O proceso de conservación-restauración**

A causa do seu almacenamento durante moitos anos nun lugar inapropiado, os clichés e o papel que os contiñan chegaron a nós impregnados de humidade e inzados de ácaros e insectos, os seus restos e dexecións, pó externo e procedente do propio papel desintegrado e mesmo algunhas arañeiras. Procedemos, en primeiro lugar, a separar as carpetiñas, moitas delas adheridas a causa da humidade, e colocalas ó aire nun lugar seco durante unha semana; o mesmo se fixo cos carretes envoltos en papel, coidando que este non se desintegrase. De seguido procedeuse a unha limpeza externa das carpetas cun pincel suave; unha vez abertas cepilláronse tamén interiormente. O mesmo se fixo coas bobinas.

Seguindo un proceso de intervención exclusivamente conservador e non agresivo, unha vez eliminados po e humidade, actuamos directa e individualmente sobre cada carpetiña separando coidadosamente a película do papel translúcido no que en ocasións se encontraba pegada, de maneira que a aireación fose completa e a acidez non a seguise deteriorando. Simultaneamente numerábase cada carpeta anotando os apuntes do fotógrafo; facíase unha valoración do estado de cada cliché e anotábase o número de instanáneas logradas.

As bobinas foron coidadosamente desenvolvidas –lembramos que o papeliño contén sempre información valiosa–, e cepilladas por ambos lados, anotando tódolos datos pertinentes. Os envoltorios foron alisados e conservados. É de notar que en moitos casos, debido ó contacto íntimo do celuloide conta si mesmo era inevitable que se producisen adherencias que no proceso de desenvolvemento da película se fixeron patentes; aínda así podemos cifrar en menos dun 20% a cantidade de material irrecuperable. Dado o carácter conservador da nosa intervención descartamos o emprego de líquidos, método que reservamos para os negativos de 6´5x11. Por último realizouse unha catalogación polo miúdo de todo o material, que se encontra na actualidade gardado en contedores adecuados ó dispor dos investigadores.

## **Unha doazón con sorpresa**

Durante o proceso de apertura das bolsas de plástico nas que amablemente introducira Esperanza os clichés de Celestino Fuentes atopámonos cunha caixa extraordinariamente pesada que gardaba un bloque compacto de negativos de gran formato: 680 clichés de 6´5x11 mm.

Encontrabámonos ante a ardua tarefa de separar os negativos ocasionándolles o mínimo dano posible. Unha vez descartado o baño líquido para abrandar a emulsión –a unión era tan íntima que a auga non penetraba nos intersticios–, optamos por armarnos de

paciencia infinita e ir separando, un a un, tódolos clichés, o que conseguimos con maior ou menor dificultade, sen grave menoscabo do material. Resistíronse, sen embargo, 32 negativos que quedan á espera dunha posterior intervención.

Unha vez liberado o material observamos que se precisaba unha segunda actuación para eliminar adherencias, fungos e veladuras da humidade. Alberte Maceira, excelente fotógrafo, aconsellounos un lavado breve, de aproximadamente 10" nunha disolución ó 5% de auga destilada e Agepon (Agfa). Realizadas as probas pertinentes, comprobamos a eficacia do método, ó que sometemos todo o material de 6'5x11mm. que, unha vez seco, foi almacenado en contedores adecuados. Os negativos elixidos para ilustrar este traballo foron posteriormente rexistrados fotograficamente (*Olympus Camedia C 8080*) e sometidos a tratamento dixital por Susana Camba (*Photoshop CS3*).

Polas súas características especiais, craramente diferenciadas do resto da produción fotográfica conservada de Fuentes, este material merece un comentario á parte máis de vagar.

Tódolos negativos incluídos neste apartado foron impresionados no ano 1953, cando Celestino contaba con 35 anos; a data vennos dada por unha imaxe de interior na que se aprecia con claridade un almanaque de Ramón Carrillo González, de Oca (tenda, taberna e panadería) aberto pola folla de xaneiro-febreiro daquel ano.

Nada demos averiguado sobre o modelo de cámara usado, agás unha imprecisa indicación de Esperanza de que se trataba dunha *desas máquinas que se abren...* en alusión, seguramente, ás cámaras de fuelle que daquela aínda se empregaban con profusión. E así debeu ser pois o 6'5x11, que podemos calificar como gran formato, adoitaba adecuarse a aquelas cámaras que, entre outras casas, fabricaron *Contessa*, *Zeiss Ikon* e *Kodak*, decantándonos por esta última, que tiña á venda aparatos abondo populares e sinxelos, mais dunha excelente calidade. Ben é certo que o formato máis empregado era o de 120 mm do que se obtían negativos de 6x6, 6x7 e 6x9 mm, pero o empregado por Celestino posuía a vantaxe de producir, por contacto, positivos de regular tama-

ño e moi boa calidade calidade, sen mediación de ampliadora, aparato daquela caro e que precisaba unha instalación adecuada.


Esta primeira fase da produción de Celestino céntrase nunha área xeográfica moi reducida que abrangue case exclusivamente os eidos natais do fotógrafo: Oca e Arnois. O territorio profesional foise agrandando conforme se consolidaba no oficio, sobre todo cando dispuxo dunha moto para os seus desprazamentos; aínda así, e sabémolo polos apuntamentos que efectuaba nas carpetiñas e carretes, o seu territorio de traballo nunca sobrepasou o NE do concello estradense, con esporádicas incursións a parroquias da outra banda do río Ulla.

Nestas fotos do 1953, das que ofrecemos unha escolma no apéndice deste traballo, aparecen, fundamentalmente, familiares, veciños e amigos do retratista, o que ven demostrar que aínda non se consolidara o seu estatus profesional, e que retrataba por gusto e afición, aínda que cobrase algúns dos seus traballos. Caracterizan esta etapa as fotos en exteriores con fondos de teas, cortinas ou colchas, recurriendo ocasionalmente á montaxe de verdadeiros escearios vexetais construídos con mimosas, xestas, fiunchos, ponlas e frores de todo tipo. A carón das fotos de festa e cerimonia encontramos motivos da vida cotiá e dos labores do campo: esceas de labranza e pastoreo, recollida do leite, mulleres fiando e meniños cos seus xoguetes favoritos na man.

Nestas primeiras fotografías faise patente o apego de Fuentes á súa terra mais tamén o gran cariño e respecto que lle merecían as súas xentes. E así soubo rexistrar coa súa cámara a enteireza e dignidade do labrego que viste a roupa de garda para ser captado polo obxectivo do retratista, o orgullo da nai nova mostrando o seu meniño, a alegría das mozas na plenitude da súa beleza xuvenil, a inocencia dos meniños que xogan e das meniñas vestidas de branco con ás de anxiño...

As composicións de Fuentes son pouco espontáneas, na línea dos retratistas da época; sen embargo, a carón destas fotos convencionais sorprendemos destellos de talento en certos retratos que despertan en nós, tantos anos despois, torrentes de saudosa nostalxia.



## Apartado gráfico




O material á súa chegada ó Museo



O material á súa chegada ó Museo



As carpetiñas e envoltorios conteñen valiosa información



Un envoltorio en papel da Droguería Bermejo de Santiago.



Negativos de 6´5x11mm



O fondo "Celestino Fuentes" no Museo



Detalle dos arquivadores



Os carretes debidamente almacenados

## Apéndice fotográfico



A *Orquestrina de Oca*, que tantas festas e romarías amenizou na década dos anos cincuenta, formada polos irmáns Salgado Villar: Luís no acordeón; Pilar era a cantante e animadora; Enrique na percusión e no contrabaixo Manuel.

1



Lola de Batallán (de traxe escuro) e unha amiga diante do “Palacio” de Oca.

2



3 Leda e fermosa xuventude. Mozas integrantes do taller de costura de Carmiña de Vilela de Castación: Lola de Carrillo, Alicia Liste, Pilar Espiño, Lola de Porto, Maruja de Alfredo, Carmiña de Vilela, Consolación de Eliseo, Delia, Luisa e Clarita, entre outras.



Pepe Puente, súa irmá Linita de ganchete del e Saro do Tendeiro o día do San Antonio da Plaza.

4



Tempo de verán. Cinco irmáns na horta da súa casa do Calvario, en Arnois. De esquerda a dereita, Luisa, Saturnino, Concha, Alvarito e Celia. Nun segundo plano, o señor Gumersindo, o pai, observa a escea.

5



6 O señor Pedro Ramos (de pé e con sombreiro), seu fillo Rogelio, Erundina Carrillo e os fillos de ambos. O señor Rogelio percorreu a comarca durante moitos anos coa máquina de mallar.



7 Pilar González Blanco e Antonio Fuentes Villar, pais de Celestino. Pilar Fuentes e o seu esposo Manuel Fernández, con brazaite de loito. Os nenos son: Margarita, Teresita, Benilde e Manolo Fernández Fuentes. No centro, seu sobriño José Elías. Descoñecemos o nome do canciño.



8 Saro do Tendeiro co equipamento do Club de Fútbol de Oca (obsérvense as “potentes” botas) e o seu amigo Enrique Brey, médico prematuramente falecido, fillo do mestre de Oca e fotógrafo Pedro Brey.



9 O médico don Francisco Amigo e a súa esposa María Paz. No medio de ambos Clarita de Amigo, sobriña de María. De pé Manuel de Enrique e Celia Ramos, serventes da casa.



10

Unha das escasísimas fotos onde aparece Celestino Fuentes, primeiro pola esquerda, a carón da súa esposa Esperanza. Os outros homes son Eduardo Pena e Gambino de Moimenta. Recollían o leite polas aldeas e transportábano nun burro deica a carreteira; dende alí viaxaba ata Cesures nos “coches do leite”.



Bañados na luz da tarde e alleos ó fotógrafo ¿que mirarán estes nenos? No seu contraposto só José Manuel observa a cámara invitando o espectador a participar na escena. De esquerda a dereita: Saludina, Carlos, Argentina, José Manuel e Teresa.

11

12

Frontalidade, isocefalia, contrapicado e intelixente distribución das persoas: velaquí os recursos que empregou Fuentes para mostrarnos a plácida felicidade desta familia, os de Xiao de Castación, Oca.



13



A irmá maior ampara e sostén á pequeniña, mentres, unha terceira irmá observa a escena dende un segundo plano. O hórreo en escorzo dota de profundidade a esta fermosa fotografía.



Nesta foto de extraordinario valor documental observamos unha muller fiando sen mudar a roupa de diario: pano da cabeza, mandil e zocos.

14

Ramona de Vilela de Castación co seu fillo Juan no colo e os sobriños Rita e Moncho diante dunha mata de romeo.



15



16 Paulinita de Liste de Vista Alegre co meniño no colo. Nas maternidades de Fuentes desta etapa a nai aparece sempre sentada acollendo o fillo no seu seo.



17 Elvira de Cardelle e o seu fillo.



18

María de Espiño (sentada)  
Carmen Fuentes, irmá de  
Celestino, e Manuel Espiño  
en Rendo, Oca.



19

Carmen Gondar (Carmen de  
Lucio) co seu fillo José García  
Gondar, hoxe sacerdote moi  
amante da súa terra natal.



20 José Manuel de Andi3n sobre unha silla. Roda e forquite na man dereita e unha mazá na outra.



21 Teresiña de Fariñas cun ramo de mimosas.



María Espiño ampara coa man a  
súa asustada irmanciña Rita.  
Rendo, Oca.

22





## Os oficios na terra da Estrada. Un panorama no século XVIII

César Gómez Buxán

A mediados do século XVIII ten lugar en España un intento de renovación do sistema de tributación, que levaría consigo unha modernización e mellora dunha facenda pública deficitaria e obsoleta, con graves carencias que impedían o, digamos así, correcto funcionamento da maquinaria recadadora. Do impulsor da Única Contribución, Zenón de Somodevilla e Bengoechea, marqués de Ensenada, ministro de Facenda, da Guerra, da Mariña e Secretario de Administración dos Territorios de Ultramar co rei Felipe V, tomará o nome no futuro o Catastro levado a cabo nos territorios da coroa de Castela e da de León para o establecemento desa nova fiscalidade.

De xeito lóxico, tanto pola súa complexidade como polas características propias da sociedade daquela época, cuns polos moi marcados entre os privilexiados e o pobo, a reforma non tivo éxito, maiormente pola oposición dos primeiros, remisos á perda dalgunha das súas preeminencias, pero os documentos que naceron ó abeiro daquela idea constitúen unha ferramenta de primeira man para o estudio da época desde moi diversos puntos de vista, incluído o das variadas actividades económicas e oficios que se desenvolvían nas terras que conforman o actual concello de A Estrada, tema principal deste artigo, no que se empregará a lista de oficios anexa ás Respostas Xerais do Catastro.

## I. Ámbito xeográfico

O actual concello de A Estrada, como é ben coñecido, nace no 1840, agrupándose as súas parroquias no século anterior, cando se elaborou o Catastro, en varias xurisdicións e coutos, individualizados na táboa seguinte, na que se indica, ademais do ente territorial ó que pertencen, a data de realización da lista de oficios, así como o número de veciños da freguesía (tendo en conta que este número se refire non á poboación total, que se referencia no Libros dos Cabezas de Casa, senón ás familias, casas no senso amplo do termo, que engloban a tódolos membros que viven baixo o mesmo teito e dependen uns doutros, ou mellor dito, da autoridade dun patrucio).

PARROQUIA	XURISDICCIÓN	VECIÑOS	DATA
Agar, Santa Mariña	Tabeirós	59	11-X-1752
Aguións, Santa María	Vea	77	8-XII-1752
Ancorados, San Pedro	Tabeirós	65	10-X-1752
Ancorados, San Tomé	Tabeirós	59	29-X-1752
Arca, San Miguel	Tabeirós	101	4-X-1752
Arnois, San Xiao (Vega)	Couto da Vega	*128	18-I-1753
Arnois, San Xiao (Arrabales)	Tabeirós	*38	11-X-1752
Baloira, San Salvador	Vea	**24	10-XII-1752
Barbude, San Martiño	Tabeirós	42	6-X-1752
Barcala, Santa Mariña	Vea	52	4-I-1753
Barcala, San Miguel	Vea	75	4-I-1753
Berres, San Vincenzo	Tabeirós	174	10-XI-1752
Callobre, San Martiño	Tabeirós	107	13-X-1752
Castro, San Miguel	Cira	46	6-IV-1752
Cereixo, San Xurxo	Tabeirós	79	8-X-1752
Codeseda, San Xurxo	Couto de Codeseda	236	7-IX-1752
Cora, San Miguel	Vea	97	14-XII-1752
Couso, Santa María	Vea	51	15-XII-1752
Curantes, San Miguel	Tabeirós	84	7-X-1752
Figueroa, San Paio	Vea	**66	15-XII-1752
Frades, Santa María	Vea	68	22-XII-1752

PARROQUIA	XURISDICCIÓN	VECIÑOS	DATA
Guimarei, San Xiao	Tabeirós	113	6-I-1752
Lagartóns, Santo Estevo	Couto do Viso	56	29-IV-1752
Lamas, San Breixo	Tabeirós	56	9-XI-1752
Liripio, San Xoán	Couto de Codeseda	44	7-IX-1752
Loimil, Santa María	Cira	63	18-I-1753
Matalobos, Santa María	Vea	**61	15-XII-1752
Moreira, San Miguel	Tabeirós	98	9-X-1752
Nigoi, Santa María	Tabeirós	87	4-X-1752
Oca, Santo Estevo	Couto de Oca	59	18-I-1753
Olives, Santa María	Tabeirós	68	4-X-1752
Orazo, San Pedro	Tabeirós	109	9-XI-1752
Ouzande, San Lourenzo	Couto do Viso	84	29-IV-1752
Parada, San Pedro	Tabeirós	88	3-XI-1752
Paradela, Santa María	Tabeirós	52	28-X-1752
Pardemarin, Santa Baia	Tabeirós	79	24-X-1752
Remesar, San Cristovo	Tabeirós	45	6-X-1752
Ribeira, Santa Mariña	Tabeirós	104	20-X-1752
Ribela, Santa Mariña	Tabeirós	113	26-X-1752
Riobó, San Martiño	Tabeirós	59	20-XI-1752
Rubín, Santa María	Tabeirós	110	8-XI-1752
Sabucedo, San Lourenzo	Couto de Codeseda	54	7-IX-1752
Santeles, San Xoán	Vea	**100	10-XII-1752
(A) Somoza, Santo André	Couto do Viso	86	29-IV-1752
Souto, Santo André	Tabeirós	130	10-X-1752
Tabeirós, Santiago	Couto do Viso	128	29-IV-1752
Toedo, San Pedro	Vea	**41	14-XII-1752
Vea, San Xiao	Vea	**93	2-XII-1752
Vea, San Xurxo	Vea	130	22-XII-1752
Vea, Santa Cristina	Vea	**111	12-XII-1752
Vea, Santo André	Vea	148	30-XII-1752
Vinseiro, Santa Cristina	Tabeirós	134	6-XI-1752

\* *O Coto de la Vega* comprendía parte das parroquias de San Xiao de Arnois e San Miguel de Castro, o mesmo que os chamados Arrabales, levados en partes respectivas polos curas párrocos das citadas freguesías. Ó non vir diferenciadas as freguesías no Interrogatorio damos en conxunto o total de veciños.

\*\* Nestas freguesías non se indica o número de veciños nas Respostas Xerais, polo que indicamos, só a xeito de orientación, a cantidade deles que figura no Dicionario Madoz.

## II. Os oficios

Neste artigo o que se pretende é ofrecer unha visión xeral dalgúns dos oficios que figuran referenciados no Catastro de Ensenada, formando parte doutro traballo moito máis extenso que se está a rematar. Só se indicará a relación nominal daquelas persoas que se dedican a cada ocupación en casos puntuais, como prateiros, escribáns, xuíces, e tamén, en cada un dos epígrafes se transcribirá o nome das persoas das freguesías máis representativas. En todo caso, é necesario lembrar que nunha grande maioría, se trata de oficios a *tempo parcial*, pois se ocupan nel unha parte do ano maior ou menor, dedicándose tamén ó coidado da labranza e o gando. Nalgunhas ocasións se indica que exercen a ocupación todo o ano.

Na realización do Catastro se lle asigna a cada persoa ou oficio unha *utilidad* ou ganancia en reais, sobre a que, na teoría, se ía aplicar a nova contribución. Só a xeito aproximado, para que se poidan apreciar por comparación as cantidades que se expresan ó longo do artigo, na freguesía de Cora, no mesmo Interrogatorio, se dá de valor para os diversos froitos da terra o seguinte: un ferrado de trigo, 6 reais, un de centeo, 3 rs., un de millo, 4 rs., un canado de viño 8 rs., un carneiro, 11 rs., unha ducia de ovos 16 marabedís (fracción do real, formado este por 34 mrs.), ....

### II.1. Arrieiros

Estes profesionais conforman unha parte importante do sistema de transporte na Galiza do Antigo Réxime. Nestas terras da Estrada, próximas á urbe compostelá, son abondosos, sen chegar ó número existente noutras xurisdiccións veciñas, como a de Deza, lugar de paso de grande parte do viño do Ribeiro cara a outras zonas, mercadoría que constitúe o groso do transporte. Moitas veces o propio arrieiro exerce tamén de “trajinante”, dando saída ó produto que transporta, pero o máis habitual é que faga este servizo por conta de outras persoas.

O arrieiro emprega comunmente eguas (as *hacas* ou *jacas* nomeadas no Catastro) e mulas, e arredor da súa actividade se artellan outros negocios, como os taberneiros ou oficios relacionados co traballo do coiro, desde ós curtidores os que elaboran os odres.

A valoración dos seus que se lles atribúe no Interrogatorio depende de variables como o número de animais que emprega para o transporte ou o número de viaxes que leva a cabo no ano, atopando exemplos de arrieiros ós que se lles indica de utilidade anual 84 rs. e outros que superan por moito os 500 rs. Por exemplo, Domingo Rodríguez, veciño do lugar da Estrada, en San Xiao de Guimarei, ten catro cabalerías

“dos mulares y dos hacas las que pueden portar y regularmente portean en cada viaxe desde el Rivero de Abia a esta feligresía, a la Ciudad de Santiago y a otras partes, dos moios y medio de vino y siendo así que un año con otro se les paga por razón de acarreo diez y ocho reales vellón por cada moio de vino consideramos que, revajados los gastos de su persona y cavallerías le quedan de utilidad nueve reales vellón cada moio de vino y por quanto puede hacer y regularmente hace veinte y quatro viajes cada año le regulamos de ynterés en el año quinientos y quarenta reales de vellón”.

Figuran en máis da metade das parroquias de A Estrada, destacando sobre todas a de Santo André de Souto, con vinteseite arrieiros, seguida por San Xurxo de Codeseda e San Miguel de Arca:

SANTO ANDRÉ DE SOUTO - ARRIEIROS	
Utilidade anual	Nome
588 rs.	Manuel da Fraga
	Pedro do Souto
504 rs.	Miguel Picallo
	Andrés de Riva
	Juan Fernández
	Manuel da Riva
	Francisco Picallo

SANTO ANDRÉ DE SOUTO - ARRIEIOS	
Utilidade anual	Nome
420 rs.	Rafael González
	Agustín da Fonte
	Juan Ferrón
	Domingo Ferrón (vive con María Blanca)
	Mateo da Riva
	Benito Somoza
336 rs.	José de Vilavoa (fillo de Miguel)
	Alberto Picallo
	Agustín Picallo
	Antonio Picallo
	Pedro da Riva
	Basilio da Riva
252 rs.	Antonio de Heira
	Juan Picallo
	Pedro Picallo (fillo de Dominga Fragosa)
168 rs.	Antonio da Fraga
	Domingo Durán
	Benito Caramés (fillo de Dominga Blanco, viúva)
	Alberto Ferreiro
84 rs.	Antonio Moreira, ausente do Reino

## II.2. Barbeiros

O servizo de aseo persoal que podía ofrecer o barbeiro ten unha certa reminiscencia de cidade, pois estas operacións, tanto de afeitado como de corte de pelo era habitual que se realizasen na casa, ou ben como unha actividade comunitaria e de intercambio, no seo da familia ou da veciñanza próxima.

Deste xeito, o máis apropiado é o seu establecemento no lugar no que se levaba a cabo a feira máis importante, ampliando así o mercado, que podía incluso estenderse a pequenas operacións cirúrxicas, aproveitando a posesións das afdadas navallas do seu oficio principal.

O único que aparece como tal barbeiro radica, pois, no lugar de A Estrada, en San Xiao de Guimarei. Trátase de Santiago Carballo, e exerce como labrador, barbeiro e taberneiro, aínda que

“vende vino en su casa por menor solo en el día que se hace feria en el dicho lugar de la Extrada, en cuio día consideramos vende seis canados de vino y en el año setenta y dos canados”,

tendo unha especie de empregado, Fernando de Marque, veciño de Santa María de Olives

“que pone dicho vino por su quenta”,

pagándolle por cada canado ó citado Santiago 2 rs., o que importa 144 rs. En troques, polo oficio de barbeiro a utilidade e moito menor: só 54 rs. anuais.

Falando do citado Fernando de Marque, por curiosidade debemos citar que tiña alomenos outras tres persoas que poñían viño por el, pagándolle estas por cada canado de venda real e medio. Eran Jacobo Carballo, do lugar do Francés, María da Graña, la Vieja, do lugar da Torre, e José Riveira, de San Xiao, todos en Guimarei.

### *11.3. Canteiros e pedreiros*

Este é outro dos oficios máis estendidos, con presenza na metade das cincuenta e unha parroquias de A Estrada. A súa labor, desde a construción de edificios, ata a labra de escudos para os fidalgos e cregos, desde a elaboración de peches das propiedades ata o levantamento dun cruceiro. En todo caso, a valoración profesional é inferior á de outros oficios, como o de ferreiro, e similar á dos carpinteiros, taxándose o seu traballo en 3 rs. ó día a seco, é dicir, sen incluír a comida (se esta tamén lla dá o contratante, diminúe o xornal), mentres que os aprendices teñen de utilidade entre 2 e 2 1/2 rs. secos diarios.

Sorprende, e moito, o seu número en dúas parroquias, Codeseda (nada menos que cento seis) e Souto, nesta última con máis de

oitenta, superándose os trinta en Arca e os vinte en San Pedro de Parada e Santa Mariña de Ribela.

#### SAN XURXO DE CODESEDA - CANTEIROS

Agustín Fernández	Domingo da Fonte
Alexandro Fernández	Domingo de Fonte
Alexos de Castro	Domingo Fragoso
Alonso Picallo	Domingo García
Alverto Fernández	Domingo Ruza
Alverto Fragoso	Estevan Monteagudo
Alverto Nodar	Francisco Ameijueiro
Alverto Picallo	Francisco Bentojo
Andrés de Castro	Francisco Blanco
Andrés de Souto	Francisco Blanco Fragoso
Andrés García	Francisco da Riva
Andrés García	Francisco da Riva
Andrés Garrido	Francisco de Barme
Andrés Picallo	Francisco de Castro
Andrés Vilacoba	Francisco Gómez
Ángel Piñeiro	Francisco Gómez
Antonio Bernárdez	Francisco Piñeiro
Antonio de Bal	Francisco Sieiro
Antonio de Barme	Francisco Sieiro (outro)
Antonio de Castro	Francisco Vázquez
Antonio Penela	Fructuoso de Castro
Benito Eirin	Genuario de Castro
Benito Gago	Gonzalo García
Caietano García	Ignacio de Bilaboa
Casildo Caramés	Ignacio de Gago
Diego Bateiro	Isidro Carvalho
Domingo Antonio Blanco	Jacinto Ameiguez
Domingo Antonio Caseiro	Jacinto de Gando
Domingo Antonio García	Jacinto Sieiro
Domingo Antonio Picallo	Jazinto de Castro
Domingo Antonio Piñeiro	Jazinto de Castro
Domingo Antonio Saborido	José Bilaboa
Domingo Antonio Savorido	José Brea
Domingo Antonio Vilaboa	José de Castro

## SAN XURXO DE CODESEDA - CANTEIROS

José García	Matheo Picallo
José Garrido	Miguel Picallo
José Monteagudo	Pascual Blanco
José Moreira	Pedro de Castro
José Rodríguez	Pedro Fragoso
Juan Antonio Besteiro	Pedro Piñeiro
Juan Andrés Ruzo	Placido Fraiz
Juan Antonio Fernández	Rafael Picallo
Juan Antonio Picallo	Salvador Bilaboa
Juan Blanco	Salvador Penela
Juan da Porta	Simón Fernández
Juan de Eirín	Tomás de Bartolomé
Juan de Fonte	Tomás de Duro
Juan Rodríguez	Tomás de Eira
Juan Travadella	Tomás Fragoso
Leonardo Mercellas	Tomás Picallo
Manuel de Bal	Tomás Vázquez
Marian[o] Fontenla	Vicente Paseiro

Así mesmo, tamén se contabilizan aquí dezasete aprendices de canteiro, feito totalmente lóxico, pero a freguesía que maior número deles aglutina é Santiago de Tabeirós (que ten vinte canteiros e vintedous aprendices).

## SANTIAGO DE TABEIRÓS – APRENDICES DE CANTEIRO

Alonso de Porto	Jacobo Durán
Baltasar Tato	Jorge Rivadulla
Bartolomé Borraxeiros	José da Pena
Bernardo Durán	José Tosar
Calixto da Vila	Juan Loureiro
Domingo Antonio Terceiro	Juan Terceiro
Domingo do Porto	Miguel Terceiro
Domingo Pérez	Pedro García
Francisco da Silba	Pedro Monteagudo
Gregorio García	Roque Villaberde
Jacinto Loureiro	Teodoro Folgar

Outro dos oficios relacionados con esta materia prima é o de *pedreiro*, que é o que arrinca e proporciona as pedras ós canteiros, aínda que de xeito moi habitual estes se procuran os seus propios materiais. En San Xiao de Guimarei, temos a José da Riveira, ó que se lle valora unha utilidade diaria de 2 rs. secos. En Santa Mariña de Ribeira, a Gaspar Besteiro, con 3 rs. secos cada día de traballo.

#### II.4. *Capador*

A propia natureza do traballo fai innecesaria a existencia dun número elevado de profesionais, pois incluso hoxe en día é un traballo pequeno, que non abonda moito e que non admite a competencia entre varios, pois non poderían vivir.

Na época que estudiamos e coa denominación de *capador* o *cas-trador* figura só un individuo, Pedro de Casalonga, veciño de Santo André de Veá, que non se ocupa en exclusiva do oficio, senón que exerce tamén como taberneiro, indicándoselle de utilidade por capador 80 rs. anuais, e por taberneiro 60.

#### II.5. *Carboeiro*

Esta ocupación require a realización dos braseiros, para a elaboración do carbón vexetal, produto que o propio carboeiro pon á venda normalmente mediante o seu transporte con cabalerías, tendo como mellores clientes ós ferreiros. A utilidade, de xeito lóxico, depende en exclusiva do seu traballo.

Non é moi habitual nesta terra, aparecendo só en tres parroquias, Codeseda, Curantes e Olives.

En San Xurxo de Codeseda, figuran coa denominación de *arrie-ros de carbón*, regulándoselle por cada cabalería e por cada viaxe 18 rs., e son os seguintes:

- Pascual Garrido, ariero de carbón, con tres cavallerías le regularon por cada una diez y ocho reales con la que hace dos viages al mes y al año veinte y quatro.

- Joseph Bilaboa tiene quatro cavallerías con las que hace los mismos viages.
- Joseph de Arca tiene dos cavallerías con las que hace los mismos viages.
- Benito Bilaboa tiene dos cavallerías con las que hace los mismos viages.
- Manuel Sieiro tiene tres con las que hace los mismos viages.
- Leonardo Caramés tiene quatro cavallerías y con ellas hace los mismos viages.

Ós de San Miguel de Curantes, denominados só carboeiros, se lle atribúe unha utilidade anual de 192 rs. a cada un. Eran Pablo Maseira, Andrés de la Iglesia, Francisco Bascuas, Pedro Rial e Domingo de Meda.

En Santa María de Olives son tres, Bentura Fernández e Andrés Fernández, cunha utilidade anual de 96 rs., e Juan de Meda con 48 rs.

## *II.6. Carcereiro*

A ocupación de carcereiro nas antigas xurisdiccións é moitas veces rotatoria entre os veciños, non habendo incluso edificio de cárcere, retendo os presos en habitacións das casas particulares, co risco de castigos e multas ós responsables se se producía, con moita facilidade, algunha fuga.

No Catastro temos referencia de Juan da Ponte, de Santa Cristina de Veá, ó que se lle atribúe de utilidade anual 15 rs.

“por el reducido interés que en ello thiene”.

## *II.7. Cardadores*

Oficio executado preferentemente por fémias, aínda que tamén hai algún home, que levan a cabo o cardado da la, despois de lavada, preparándoa para o fiado. Non son moi abondosos, constituíndo unha labor itinerante, acudindo polas casas en tempo da rapa das ovellas, ou ben onde os chamasen. Non era habitual que exercesen outro oficio, aínda que figura en Guimarei Andrés da Ponte, veciño do lugar de Cogoludo, como “labrador, cardador y traficante en lana”.

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
María da Torre	Aguións	20 rs.
Dominga Jestosa	Ancorados, San Pedro	168 rs.
María Besteiro	Arrabales	168 rs.
Margarita de Outeiro	Barbude	168 rs.
Pascua de Silva	Codeseda	4 cuartos o día que traballe
Antonia de Noboa	Frades	24 rs.
Manuela Portela	Frades	20 rs.
Andrés da Ponte	Guimarei	2 rs. secos ó día
Vicente Valtar	Lamas	168 rs.
María Conde	Matalobos	16 rs.
Dominga Bergeira	Nigoi	168 rs.

## II.8. Carniceiro

Imos englobar neste epígrafe o de carnicero e o de *obligado de carnes*, pois semella que as súas ocupacións son similares. O obrigado de carnes é a

“persona que está obrigado a dar el abasto de carnes en dicha feligresía y más de la Jurisdicción”.

Carniceiros hai dous en Santiago de Tabeirós, Juan Antonio Moure e Andrés de Castro, ós que se lles considera unha utilidade anual individual de 144 rs.

Como obrigados de carnes figuran:

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
Juan Rey	Curantes	208 rs.
Francisco Andújar	Lamas	232 rs.
Antonio de Rivadulla	Riobó	208 rs.
José Fragoso	Rubín	144 rs.
Sebastián Carballo	Veá, Santo André	250 rs.
Cristóbal Picáns	Vinseiro	208 rs.

Destes, dous exercen o pluriemprego. Un é Francisco Andújar, que exerce como estanqueiro, taberneiro e obrigado de carnes, pertencendo ó estanquiño 38 rs. e 28 mrs. O outro, Sebastián Carballo, de Veá, que ademais, exerce de carpinteiro catro meses ó ano e o resto de labrador.

## II.9. *Carpinteiros*

O oficio de carpinteiro é esencial no campo galego, e na Estrada non ía ser menos. En máis do 80% das parroquias hai algún, superando os cinco en Aguións, Berres, Cereixo, Codeseda, Guimarei, Orazo, Sabucedo e Santo André de Veá. Non se distingue normalmente o tipo de carpinteiro do que se está a falar, polo que tanto poden ser de taller como carpinteiros itinerantes que tanto fan cubricións de edificios como ferramentas ou mobiliario. Maioritariamente se ocupan un determinado período do ano neste oficio e o restante como labradores, teceláns, obrigado de carnes, e incluso mestre. Moitos figuran como dedicados á carpintería todo o ano. O xornal estimado é de 3 rs. secos ó día (dous se é con comida).

A parroquia cun maior número é Cereixo, con catorce:

### SAN XURXO DE CODESEDA - CANTEIROS

Alonso de Rendo	Domingo da Pena
Alonso Loimil	Domingo Riveira
Andrés Fernández	Francisco de Andújar
Antonio do Porto	Francisco do Mato
Antonio Señoras e Loimil	Juan Blanco, fillo de Antonio
Bartolomé Montoiro	Juan do Porto e Requeixo
Bernardo Vinzeiro	Roque da Torre

En total temos referenciados moi poucos *carpinteiros de carros*, dedicados á construción do noso medio de transporte por excelencia en tempos pasados:

- Andrés Soeiro, de Matalobos, labrador, ocúpase neste oficio dous meses ó ano e lle regulan de utilidade 20 rs.

- Baltasar do Eio e Clemente de Varros, de Santa Cristina de Veá, exercen como carpinteiros de carros tres meses ó ano e o restante como labradores. O seu xornal, con comida, 1 real e 17 mrs., e sen comida, 2 rs.
- Domingo de Coto, tamén de Santa Cristina de Veá, ocupa seis meses e medio do ano como tecelán, como carpinteiro de carros mes e medio e como labrador o resto do ano.
- Incluímos tamén neste epígrafe a Alonso da Torre, veciño de Lagartóns, pousadeiro, exerce tamén o tráfico “de obra de carros que hace y vende”, polo que se lle regula de utilidade anual 420 rs.

Tamén figuran un aprendiz de carpinteiro, ó que se lle regula un xornal de real e medio a seco, en Matalobos, Remesar, Santeles, e San Xiao de Veá, e dous aprendices máis en Santa Cristina de Vinseiro.

### *II.10. Carreteiro*

Escaso este oficio na zona. Na freguesía de Lagartóns atopamos tres:

- Antonio Rodríguez, pousadeiro e carreteiro, utilidades ámbalas dúas que lle reportan 680 rs. ó ano.
- Gaspar Norcellas e Pedro da Vila, carreteiros, cunha utilidade individual de 480 rs.

### *II.11. Cereiros e borreiros de cera*

A ocupación principal dos cereiros é mercar os bolos de cera que quedan despois da extracción do mel das colmeas, refinados ou non, pois en ocasións se purificaba derretendo os bolos en auga quente, co que se lle retiraban as impurezas que puidera ter a cera, que ó arrefriar se dividía en anacos ós que se lle volvía dar a forma de bolos. O tráfico de cera é moi importante noutras terras cun número elevado de colmeas, pois era a materia prima esencial para as velas que se empregaban en igrexas e na iluminación en lugares de economía

saneada, empregándose cando non había recursos, o sebo ou a graxa animal, para a mesma función.

Non existían moitos profesionais, pois a pouca materia prima faría moi difícil a subsistencia de máis traficantes en cera. Temos, por exemplo, os seguintes:

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
Enrique Picallo	Arca	100 rs.
Gregorio Somoza	Olives	30 rs.
Alonso Touriz	Olives	30 rs.
Juan Antonio Souto	Ribela	100 rs.
Juan do Porto	Rubín	300 rs. (curtidor e cereiro)

Os *borreiros* debían ser os que mercaban os bolos de cera sen refinar ou os restos despois do refinado, a baixo prezo, co que despois de purificada a ganancia era moito maior. Figuran en Ribela Vicente Fernández, Andrés Borraxeiros, Benito Troitiño, cunha utilidade anual individual de 440 rs., e Juan Antonio Louzao con algo menos, 400 rs. anuais.

## II.12. *Cerralleiros*

Como moitos dos anteriores é un oficio que non admite moita competencia, o que se aprecia no corto número deles existentes.

- Andrés de Carricoba, de Santa María de Couso, exerce a metade do ano e a outra metade de labrador. A utilidade diaria, 1 real e 17 mrs.
- Francisco Bravo, de Santo Estevo de Oca, de utilidade anual 200 rs.

## II.13. *Cesteiros e banastreiros*

O máis habitual, como corresponde a unha economía que en grande medida era de subsistencia, como a do campo galego no século XVIII, é que o propio labrego exerce un pouco de todos os ofi-

cios (canteiro, carpinteiro, ferreiro, ...), sen esquecer a elaboración de cestos, tanto de verga de carballo como de varas de vimbio, que lles eran necesarios para o seu traballo e para a recollida de froitos. Nembargantes, en ocasións, é preciso acudir ós cesteiros, que venden a súa produción ou andan dunha aldea noutra exercendo o seu oficio, o que fai que tampouco o seu número sexa moi elevado, pois interferirían uns cos outros. Entre a súa obra temos cestos, cestas, canastras, ou incluso asentos.

Atopamos cesteiros e *banesteros* en Agar, Ancorados, Callobre, Lamas, Loimil, Orazo, Riobó ou Rubín, esta última a que presenta maior número deles (sete). A utilidade anual oscila entre 36 e 48 rs.

Os de Santa María de Rubín son Domingo da Brea, Antonio de Barro, Francisco Vázquez, Juan da Brea, Jacinto Paseiro, Benito Maseira e Juan Vázquez.

## II.14. *Cirurxiáns*

O oficio de cirurxián, estaba unido desde antigo en moitas ocasións co de barbeiro e perruqueiro, alomenos ata mediados do século XIX, en que unida a especialidade á medicina, se preparou de xeito académico e non empírico como ata entón. O de deixar a cirurxía en man dos barbeiros debíase fundamentalmente a que posuían as navallas afiadas que servían para cortar verrugas e para operacións pequenas e externas.

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
Jacobo de Ameixeiras	Arca	100 rs.
Bernardo Hermida	Codeseda	1.500 rs.
Don Rosendo Mariño	Cora	300 rs.
Domingo Antonio Burela	Lamas	400 rs.
Miguel de Noboa	Lamas	400 rs.
Eugenio de Quintas	Ribela	100 rs.
Don Manuel Gil Carballido	Veá, San Xurxo	500 rs.

Hai un aprendiz deste oficio en Codeseda, José de Hermida (relacionado posiblemente co anterior Bernardo), polo que lle regulan de utilidade 100 rs. ó ano.

### *II.15. Costureiras*

Outro dos oficios indispensables na Estrada no século XVIII, pois aparecen persoas que exercen este oficio en máis de corenta das parroquias do actual termo municipal, non destacando o seu número en ningunha parroquia, excepto quizais en Matalobos. Exercido por mans femininas, a súa utilidade anual anda polos 150 rs. de media, constituíndo unha axuda moi importante na economía familiar, atribuíndose moitas veces as propias costureiras a si mesmas un nivel superior ó da xente do pobo.

As de Matalobos eran Juana Rosende, Francisca Cervela, María Reina, María Rosende, Antonia da Graña e Antonia Valado, regulándose a cada unha 30 rs. anuais.

Por exemplo, en Berres figuran Josefa Rey, Rosalía Rey, Francisca Diéguez e Josefa de Lamas, ás que se lle regula unha utilidade individual de 168 rs.

En Baloira figura unha aprendiz de costureira, Manuela de Orella (non se indican as ganancias), e dúas costureiras, Antonia de Carvia e Dominga de Lamas, cunha utilidade de 30 rs. anuais.

En Pardemarín outra aprendiz, Francisca da Leira, que traballa con Juana Andújar, costureira ó igual que María de Neira (filla de Andrés de Neira), regulándose a cada unha 168 rs.

### *II.16. Curtidor*

Máis do 50% das parroquias da Estrada ten entre os seus veciños algún curtidor, un oficio verdadeiramente importante, pois prepara materia prima que será empregada polos zapateiros, nos odres para o transporte do viño ou nos areos para as cabalgaduras. As ganancias que reporta esta industria dependen en grande medida do tempo que

se dedique á mesma, traballando seguramente moitos deles a xornal, nas instalacións dun patrón, xa que o proceso do curtido é lento (preto dun ano para conseguir un bo produto) e require unha infraestrutura determinada. Por este motivo moitos curtidores teñen outra ocupación, destacando sobre todas, e de xeito lóxico, a de zapateiro, pois así pode empregar o produto que elabora.

Superan o número de dez curtidores San Pedro e San Tomé de Ancorados, Rubín e, sobre todo, Callobre, con vinte:

NOME	OFICIO	UTILIDADE CURTIDOR
José Riveira	Zapateiro e curtidor	88 rs.
Jacobo do Casal	Ferreiro e curtidor	88 rs.
Domingo Besteiro	Zapateiro e curtidor	88 rs.
Andrés de Outeiro	Curtidor	88 rs.
Francisco García	Ídem	66 rs.
Bartolomé de Outeiro	Ídem	66 rs.
Ignacio do Souto	Zapateiro e curtidor	44 rs.
Fernando Rey	Ídem	44 rs.
Caietano Riveira	Ídem	44 rs.
Juan Pérez	Ídem	44 rs.
Domingo do Barro	Curtidor	44 rs.
Roque de Vila	Ídem	44 rs.
Antonio Monteiro	Ídem	44 rs.
Gregorio Rodríguez	Ídem	22 rs.
Pedro Rey	Ídem	22 rs.
Bartolomé Rodríguez	Ídem	22 rs.
Bartolomé Fernández	Ídem	22 rs.
Andrés Bispo	Ídem	22 rs.
Manuel de Hermida	Ídem	22 rs.
Andrés de Bascuas	Zapateiro e curtidor	33 rs.

## II.17. *Escribáns e notarios*

Esta ocupación non precisa de maior explicación nin comentario, pois é coñecida a súa importancia, non só na tradición documental, pois daban fe das máis variadas escrituras, senón na sociedade e economía da época, constituíndo un oficio de escribán o nacemento de moitos dos pazos e casas fidalgas que aínda se poden ollar hoxe en día, sen esquecer a súa valoración negativa por parte dos labregos, sendo motivo de moitos ditos e refráns non precisamente benévolos con estes fedatarios.

Destacaremos tres tipos: notarios, escribáns da Súa Maxestade e escribáns de Número das xurisdicción, por orde de importancia, non sendo tema deste artigo a súa diferenciación, xa indicada en traballos anteriores.

Pola súa importancia, e dado que non se trata dun número moi elevado, reseñaremos todos os que figuran nas listas de veciños.

NOTARIOS		
NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
Don Jacobo Rozados (notario e preceptor de gramática)	Agar	400 rs.
Juan Martínez, el Mozo	Aguións	240 rs.
José de Barros	Arca	24 rs.
Jacinto de Riva	Codeseda	100 rs.
Juan Francisco de Bouzas (mestre e notario)	Couso	0 rs. (non exerce)
Pedro Touceda (labrador e notario)	A Portela, Guimarei	45 rs.
Manuel de Eiriz	Parada	30 rs. (exerce pouco)
José Espiña	Sabucedo	50 rs.
Manuel de Balverde	Vea, Sta. Cristina	70 rs.
Blas Antonio Sánchez	Vinseiro	100 rs.

ESCRIBÁNS REAIS		
NOME	PARROQUIA	UTILIDADE ANUAL
Gabriel Martín de Castro	Barcala, San Miguel	1.400 rs.
Pedro Domínguez	Berres	800 rs.
José Picans	Callobre	550 rs.
José Prieto	Callobre	550 rs.
Antonio Baamonde	Codeseda	360 rs.
Domingo Antonio de Cortes	Codeseda	1.500 rs.
Juan Francisco de Barcia	Cora	1.100 rs.
Juan Antonio Calvelo e Núñez	Guimarei	400 rs.
Andrés Cancela	Moreira	550 rs.
Domingo Gómez de Ansan	Parada	1.100 rs.
Francisco Ignacio Monteagudo	Parada	1.100 rs.
Francisco Clemente	Paradela	1.100 rs.
Domingo Sánchez de la Vega	Rubín	800 rs.
Don Domingo de Covas	Veá, Sta. Cristina	800 rs.

E, finalmente, os Escribáns de Número:

- Baltasar de Leira e Castro, veciño da parroquia de Parada, escribán de Número da xurisdicción de Tabeirós e Couto do Viso, “propia de su Casa renunciabile por título de la Dignidad Arzobispal”. Utilidade anual 1.650 rs.
- Domingo Antonio Rodríguez da Fraga, escribán da Súa Maxestade e de Número, un dos dous da xurisdicción de Tabeirós e do Couto do Viso. Ten por arrendo a escribanía e por ela paga a don Domingo Antonio de Anduxar, veciño de San Breixo de Lamas, 240 rs. Utilidade anual 1.100 rs.
- Francisco Ignacio Monteagudo, da parroquia de Codeseda, escribán de Número do Couto de Codeseda. Utilidade anual 700 rs.
- Don Juan Antonio Núñez, veciño de Frades, escribán de Número da Xurisdicción de Veá. Utilidade anual 1.650 rs.

## *II.18. Ferradores*

Veñen ser ferreiros que teñen unha especialidade particular, que é a de ferrar os animais, cabalos, mulas e burros, primordialmente, pero tamén o gando vacún en ocasións. As ferraduras poden recibilas feitas dos que exercen como ferreiros, ou ben levar a cabo todo o proceso, facéndoas eles mesmos.

É un oficio en parte itinerante, pois, igual que acontece hoxe en día, teñen que se desprazar onde haxa traballo, ou ben asentarse nos lugares nos que se celebren as feiras, conseguindo, como podemos ver na lista que segue, bos beneficios, superiores incluso ós de outros oficios de maior relevancia, como as escribanías, aínda que con menor proxección social:

- Rafael Pereiras, veciño de San Pedro de Orazo. Utilidade anual 630 rs., e cada día 3 rs. e medio.
- Gregorio do Pazo, veciño de San Lourenzo de Ouzande, ferrador, de utilidade anual cento cincuenta ducados cada ano (1.650 rs., a once reais cada ducado). Pon viño da súa conta nunha taberna do lugar da Estrada, cunha utilidade de 480 rs.
- Juan da Riva, veciño de Ouzande. Utilidade 1.260 rs.
- Jacobo Batallán, veciño do Couto da Vega. Utilidade 1.465 rs. ó ano.
- Andrés Pouso, veciño de Santa María de Rubín, vive na compañía de María García. Utilidade anual 732 rs.

## *II.19. Ferreiros*

Ferramentas, reixas, coitelos,... todo sal das mans dos ferreiros, un elemento importantísimo na economía labrega, presente en máis da metade das parroquias, centro dunha industria que inclúe ós carboneiros, ferrados, canteiros,...

As dúas parroquias con maior número destes artesáns son Curantes e Vinseiro, e a utilidade diaria oscila entre os 3 e os 4 rs. secos, dependendo, seguramente, da súa especialización.

SAN MIGUEL DE CURANTES	
XORNAL	NOME
3 rs.	Antonio Maseira
	Ángel Valoira
	Jacobo de Castro
4 rs.	Domingo Fernández
SANTA CRISTINA DE VINSEIRO	
4 rs.	Valentín de Caramés (xenro de Miguel de Pena)
	Domingo Paseiro (fillo de Manuel)
	Marcos do Porto (fillo de María Constenla)
	Juan de Vila
	Domingo de Matalobos

En San Martiño de Riobó figura un oficial de ferreiro, Luis Batallán, ó que se lle regula de utilidade diaria 2 rs. secos “al día que travaje”.

## II.20. Pousadeiros

O seu oficio “dar posada a arrieros y maragatos que transitan”. Temos tres en Santo Estevo de Lagartóns:

- Alonso Norcellas. Utilidade 200 rs.
- Antonio Rodríguez. Pousadeiro e carreteiro, con unha utilidade anual de 680 rs.
- Alonso da Torre, “por la misma utilidad de dar posada y por el tráfico de carros que hace y vende”, 420 rs.

## II.21. Mestres

Moitas veces o arte da ensinanza se reserva para persoas que, visto o adaxio de “pasar máis fame que un mestre de escola”, exercían outros oficios que podían reportar unha maior satisfacción económica.

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE
Don Jacobo Rozados, notario y Preceptor de Gramática	Agar	400 rs.
José Janeiro, mestre de nenos e carpinteiro	Baloira	100 rs.
Juan Trigo, mestre de nenos	Berres	180 rs.
Juan Francisco de Souto, mestre e notario	Couso	30 rs.
Antonio Baloira, mestre de nenos	Paradela	120 rs.
Don Francisco Patiño, mestre de nenos	Vea, Santo André	100 rs.
Nicolás Riveira, mestre de nenos e mestre de gramática	Vea, Sta. Cristina	200 rs.
Pedro Antonio Codesido, mestre de nenos	Vea, Sta. Cristina	40 rs.
Miguel Naveira, mestre de nenos	Vea, San Xurxo	60 rs.

## II.22. *Odreiros*

Fabricante de odres e botas para o viño só atopamos un, Domingo Borraxeiros, veciño de Santiago de Tabeirós, “jalmero y botero, odreiro”, con unha utilidade cada día que traballe de 2 rs. e medio secos.

## II.23. *Palilleiras*

Este oficio cítase, aínda que figura de xeito testemuñal, pois só atopamos nomeada unha, Michaela Fernández, de San Cristovo de Remesar, con unha utilidade anual de 180 rs. Así mesmo, aparece en Santa Baia de Matalobos unha aprendiz de palillar, Manuela da Graña.

## II.24. *Panadeiros*

Aínda que a maior parte da elaboración do pan ten lugar no propio seo da casa, para o autoconsumo da familia, existe tamén unha tradición panadeira, sobre todo en parroquias como Callobre, Ribeira e, sobre todo, Lagartóns, de artesáns fixos e outros que acudían ás feiras vender o seu produto, especificamente indicado “por la utilidad del pan que venden en dos ferias al mes”.

NOME	PARROQUIA	UTILIDADE
Torcuata de Vrea	Couso	20 rs.
Bartolomé Núñez	Lagartóns	30 rs.
Domingo Vázquez	Lagartóns	30 rs.
Francisco da Pena	Lagartóns	30 rs.
Francisco González	Lagartóns	30 rs.
Francisco Núñez	Lagartóns	30 rs.
Jacinta Rubín	Ouzande	250 rs.
Josefa de Andújar	Ribeira	168 rs.
Juan Rey Rata, sardiñeiro e panadeiro	Moreira	70 rs.
Juana Besteira	Ribeira	168 rs.
Juana do Coto	Lagartóns	250 rs.
Magdalena Fernández	Callobre	168 rs.
María Antonia Reimúndez	Lagartóns	250 rs.
María Fraiz	Callobre	168 rs.
María Vázquez	Lagartóns	250 rs.
Polonia Rey	Callobre	168 rs.
Rosa de Nodar	Lagartóns	250 rs.
A muller de Benito Rey	Ribeira	168 rs.

## II.25. Peixeiros

### II.25.1. Sardiñeiros ou tratantes de sardiñas

Coas dúas denominacións figuran nas listas de oficios, facendo referencia ó mercado do peixe máis consumido e estendido polo interior da Galiza, debido ó sistema de conservación que permitía o transporte e un certo almacenamento. Estes sardiñeiros se ocupaban “en la sardina, que conducen de los puertos y venden”. Normalmente era unha ocupación a tempo parcial, polas súas poucas ganancias, compaxinándoa con outra profesión ou coa de labrador. O maior número, en Santa María de Matalobos.

NOME	FREGUESÍA	UTILIDADE
Domingo Fuente	Ancorados, San Pedro	48 rs.
Pedro da Torre	Baloira	30 rs.
Pedro Rey	Couso	16 rs.
Pedro Renda	Couso	16 rs.
Ignacio González	Lagartóns	24 rs.
Alonso de Outeiro	Lagartóns	24 rs.
Antonio Garellas	Matalobos	50 rs.
Bartolomé de Chedas	Matalobos	30 rs.
Domingo Diéguez, el Mozo	Matalobos	10 rs.
Francisco de Carbia	Matalobos	30 rs.
Juan Diéguez	Matalobos	30 rs.
Lorenzo Diéguez	Matalobos	250 rs.
Pedro de Castro	Matalobos	24 rs.
Pedro de Souto	Matalobos	20 rs.
Jacinto de Souto	Matalobos	30 rs.
Juan Rey Rata, sardiñeiro e panadeiro	Moreira	70 rs.

## II.25.2. Revendedores de peixe

Figura de importancia, moi similar á dos anteriores, pero seguramente en vez de adquirir o peixe nos puntos de produción, transportalo e vendelo, se limitaban a mercar ós propios tratantes unha cantidade máis ou menos pequena, distribuíndoo a pé polas parroquias do contorno (no século XX coñecemos a labor das patifas, motivo dalgún artigo publicado recentemente). Atopámoslos concentrados en San Pedro de Orazo, onde figuran Blas de Espiño, Andrés Reimúndez, Andrés Portela, Cristóbal de Giadán e Luis González, ós que se lle regula individualmente unha utilidade anual de 24 rs.

## II.26. Prateiros

Outro dos oficios que poderíamos chamar “de elite”, que esixe unha cualificación profesional apropiada para poder exercer, ou, polo

menos, para poder elaborar obxectos co material arxénteo. Aínda que, posiblemente, moitos dos seus produtos procedan dos máis importantes talleres composteláns, non sería estraño que algunha das súas creacións aínda se conservase polas terras estradenses.

Coñecemos os seguintes:

- Don Luis Vendal, veciño de San Miguel de Barcala. Utilidade anual 200 rs.
- Luis García, veciño de San Pedro de Parada, regúlase “por su yndustria y plata que vende en obra de utilidad al año doscientos reales”.
- Don Bartolomé de la Peña, de Santa Cristina de Vinseiro, regúlanselle 4 rs. ó día que traballe.
- Domingo Varela, de Santa Baia de Pardemarín, cun xornal de 4 rs. o día que traballe.

Na citada parroquia de Vinseiro figura como aprendiz de prateiro Andrés de la Peña, fillo do citado don Bartolomé, ó que se lle regulan 2 rs. de xornal.

## ***II.27. Saliteros, arrieiros e tratantes de sal***

O seu oficio é o transporte do sal, un recurso imprescindible para, por exemplo, a condimentación das comidas ou a conservación da carne. Aparecen en dezaseis parroquias das que hoxe conforman A Estrada, sendo as que aglutinan o maior número Curantes, Pardemarín e Riobó, con catro cada unha. A utilidade que se lles regula ó ano a estes profesionais oscila entre os 24 e os 120 rs. anuais. Cando se cita, na freguesía de Guimarei a Antonio da Riveira, veciño do lugar da Torre Vella, labrador e arrieiro, se indica que ten unha egua “de acarreo”, coa que transporta desde os Alfólis de Padrón á parroquia onde vive e outras en cada viaxe catro ferrados de sal, ganando un real cada ferrado. Como leva a cabo vintecatro viaxes ó ano importa a súa utilidade “revajados los gastos de su persona y cavallería” 48 rs.

## II.28. *Teceláns*

Unha das ocupacións máis estendidas nas terras da Estrada no século XVIII, presente en corenta e cinco das cincuenta e unha parroquias actuais. Exercida por homes, consistía na elaboración de lenzos partindo do liño e a la, na súa propia casa e co seu tear. Segundo algúns autores, se inclúen no grupo de oficios “enseñoritados”, coas costureiras e os xastres, baseándose na relativa independencia destes dos traballos da terra, menor no caso do tecelán.

O traballo págase, ou ben se dedican a vender eles mesmos os lenzos que fabrican, no caso de que tamén trafiquen mercando la. A utilidade diaria que se lle valora ós teceláns é de 2 rs. secos.

Supérase a decena de teceláns en San Pedro de Ancorados, o Couto da Vega, San Xurxo de Cereixo, San Miguel de Cora, San Miguel de Curantes, San Xiao de Guimarei, Santa María de Rubín, San Xoán de Santeles, Santiago de Tabeirós e Santa Cristina de Veá.

En Guimarei, a que maior número aglutina, temos a:

- *Labradores, teceláns e traficantes en la*: Alberto da Ponte, Jacinto Rodríguez, veciños do lugar da Torre; Andrés de Ponte, Ignacio Costenla, do lugar de Rial; Pedro Costenla, Domingo Antonio Ribeira, do lugar de Cogoludo; Andrés Villaverde, de San Jiao; José de San Martín, do lugar de Campos.
- *Labrador, tecelán, traficante en la e mordomo pedáneo de Guimarei*: Pedro Rodríguez, veciño do lugar de Campos.
- *Labrador, tecelán e estanqueiro*: José de Eira, do lugar de San Xiao.
- *Labrador e tecelán*: Julian Carballo, Simón Rey, do lugar do Francés (“tejedor de lana del país”); Luis da Graña, do lugar da Panceira; Domingo Fernández, do lugar da Devesa; Jacobo Trigo, de Cardavella; José González, do lugar da Torre; Fernando Ferro.
- *Tecelán de la do país*: Domingo de San Jiao, da Devesa; Benito do Barro, do lugar da Portela.

Como aprendiz de tecelán, temos en San Salvador de Baloira a Francisco da Torre, menor, no que se indica que “no gana nada”.

### *II.29. Toneleiros*

A súa ocupación, xa o di o seu nome, é a de facer cubas e toneis para o viño e o augardente, así como tamén sellas, baldes ou tallas. Só atopamos un, nas terras de Arrabales, chamado Jacinto Caramés, xenro de Rosendo Quintáns, que figura como tonelero, cunha regulación de 3 rs. secos o día de traballo.

### *II.30. Torneiros*

Caste de carpinteiros especializados no emprego do torno e na fabricación e elaboración de cuncas, vasos, garfos, culleres, pratos, fusos, rocas, ou outros elementos de madeira cunha certa decoración.

Atopamos profesionais dedicados á torneiría en dúas freguesías, destacando a de Berres, o que confirma a tradición mantida ó longo do tempo:

- San Pedro de Toedo: Antonio Rodríguez, que traballa nese oficio oito meses ó ano e lle regulan unha utilidade diaria de 2 rs. e 17 mrs.
- San Vicenzo de Berres: Reimundo de Neira, Domingo de Neira, José Rey, Alberto Trigo, Benito Blanco, Felipe Blanco (fillo do anterior), Juan de Neira, Sebastián de Neira, Juan Bernárdez (fillo de Domingo), Pascual de Bascuas, Roque de Neira (xenro de Silvestre Baltar), Domingo de Neira, Andrés Blanco, Juan Figueira, Pascual de Neira, Mateo de Neira. A regulación diaria é de 4 rs. secos cada día que traballen.

## *II.31. Tratantes en diversas materias*

### II.31.1. Traficantes en ferro

Os ferreiros adquirían habitualmente a materia prima que necesitaban para o seu oficio, existindo, que saibamos, unha persoa que figura como ferreiro e traficante de ferro, Andrés do Porto, veciño de San Pedro de Ancorados, ó que se lle regula de xornal como ferreiro 4 rs. secos, e como utilidade anual “por la yndustria del fierro que bende en su casa”, 247 rs. e 2 mrs..

### II.31.2. Traficantes en la

O comercio dos tecidos é moi importante, como temos visto polo número de costureiras e teceláns e veremos nos oficios de comerciante de lenzos e xastres. Por este mesmo motivo tamén é de grande interese económico o movemento dos profesionais que se dedican á materia prima, a la do país, especialmente, e superando os vinte individuos, nas parroquias de Guimarei, Ouzande e, sobre todo, Tabeirós.

Principalmente se valoran as súas ganancias con respecto ó número de feiras ás que acode a mercar e vender ó longo do ano, tal e como se expresa antes do comezo da lista de oficios de San Xiao de Guimarei,

“los que tienen tráfico y comercio en lana del País en esta feligresía la conducen por sus personas u otros que alquilan desde la feria de Jinzo, en el obispado de Orense, y otras de este reino, en las que suelen comprar de dos a cinco reales de vellón la libra de lana, según su calidad, y veneficiándola en esta feligresía hasta tejerla y batirla la venden en pano en la feria de la Estrada y otras en cuió tráfico se les considera de utilidad medio real de vellón en cada libra de lana, rebajados los gastos de su conducción, veneficio, quiebras y faltas que suelen tener y atendiendo a que ninguno de los dichos traficantes de esta feligresía trae más de un costal de cincuenta libras de lana en cada feria de el año ya que unos por tener caudal suio y suficiente para ello pueden y suelen concurrir a todas las ferias del año interesándose en ellas, y otros pierden su interés en algunas ferias por falta del caudal o balerse del ageno para este empleo”.

SANTIAGO DE TABELÓS – TRAFICANTES EN LA	
UTILIDADE	NOMES
400 rs.	Ignacio Rivadulla
300 rs.	Francisco Ferro, Marcelo da Ponte, Agustín de Andújar, Andrés de San Martín, Pascual Marzoa, Pedro da Vila, Pedro Rodríguez, Carlos Rodríguez, Andrés Rivadulla, Pedro Villaverde, José Terceiro, Francisco de la Iglesia, Domingo Vicente
250 rs.	Pedro Rivadulla
200 rs.	Jacinto da Fonte, José Rivadulla
150 rs.	Ángel da Ponte, Juan Pérez, Domingo Rodríguez
100 rs.	Antonio Tato, Miguel da Ponte, Bernardo Terceiro, Rosendo Durán, Domingo da Silba, Antonio García, Manuel Varela, Francisco Costenla, Jacinto Durán, Santiago da Vila, Juan Tresan, Simón Monteagudo, Lorenzo da Pena, Alonso Costenla

### II.31.3. Borreiros

Dedicábanse a comerciar cos restos do lavado da la, e con la vella e con borra, que limpaban e fiaban, para emprego dos teceláns.

Figura como tal José Valladares, veciño de Pardemarín, ó que se lle regula unha utilidade anual de 68 rs. e 32 mrs.

### II.31.4. Tratantes en lenzos

Este produto fino, comunmente de liño, era de uso corrente sobre todo na preparación do enxoval das noivas, no que se incluía de xeito habitual a roupa de cama e os xogos de mesa, polo que tamén aparece algún comerciante de mantelerías, chamados no Interrogatorio alamanisqueros. En tres parroquias figuran estes profesionais: Parada, Vinseiro e, sobre todo, en Santa Mariña de Ribela, en que se superan os vinte tratantes en lenzo.

- Domingo Magán, veciño de San Pedro de Parada, *alamanisquero* (tamén denominado *comerciante en mantelería*). Pola súa utilidade 200 rs. ó ano.

- Bastián da Pena, de Santa Cristina de Vinseiro, tratante en lenzos, con unha utilidade anual de 120 rs.
- Traficantes “en lienzos y alamaniscos” de Ribela con unha utilidade anual de 366 rs.: Domingo de Nodar, Andrés García, José Taboada, Benito Taboada, Clemente Gómez, Juan Lorenzo, Gabriel Carbón (fillo de Juan), Miguel Fraiz, José Fernández, Ignacio García, Rafael Fraiz, Antonio Picallo, Rafael Fraiz (non indica se é outro distinto do anterior).
- Da mesma parroquia e con unha utilidade anual de 150 rs.: Andrés Quintán, Bartolomé de Nodar, Andrés Fernández, Juan Rodríguez, Antonio Travadela, Domingo Antonio de Silva, Antonio de Souto. Así mesmo Domingo Antonio Picallo e Blas García, facendo compañía, respectivamente, cos anteriormente citados Antonio Picallo, pai de Domingo Antonio, e Ignacio García.

### II.31.5. Tratantes de gando

Sobra calquera comentario sobre este oficio, moi coñecido pola súa actuación nas feiras.

En Santa María de Loimil figura como tratante de gando Domingo Antonio Martínez, cunha utilidade anual de 1.000 rs.

En Santa María de Rubín, Bernardo Jañete, como “traficante en cerdosos”, cunha valoración de 96 rs. anuais.

### II.31.6. Tratantes en viño

Como parte contratante dos arrieiros e provedores dos taberneiros, en moitas ocasións complementaban os seus ingresos levando a cabo calquera destes outros oficios, pechando o círculo.

- Juan Valladares, xenro de Bartolomé Piñeiro, veciño de Santa Mariña de Ribela, arrieiro e traficante de viño na súa casa, con 550 rs. de utilidade anual.

- Domingo de Otero, de Santa Mariña de Barcala, estanqueiro (66 rs. e 12 mrs. ó ano polas libras de tabaco que vende), e siseiro tratante en viño, cun rendemento de 150 rs.
- Domingo Vetetes, de Santo André de Veá, estanqueiro (144 rs. anuais), siseiro e tratante en viño (100 rs. ó ano).
- Francisco Riveira, da mesma veciñanza de Veá, siseiro e tratante en viño (200 rs. de utilidade anual) e arrieiro “de acarrear vino”, cun rendemento de 500 rs.

### II.31.7. Outros tratantes

En Santa María de Paradela, e cunha valoración do seu rendemento anual de 40 rs., Francisco Rodríguez, tratante en castañas.

Na parroquia de San Xoán de Santeles, Ignacio Rodríguez, ó que como tratante de peles de curtir, se lle regularon de utilidade 200 rs.

### II.32. *Xastres*

Nada menos que en corenta e catro das cincuenta e unha parroquias hai algunha persoa que exerce este oficio algún tempo no ano, estimándose a utilidade que lle reporta de xeito variable. Por exemplo, en San Xurxo de Veá é de 2 rs. ó día secos (sen comida) e 1 real e 16 mrs. coa mantenza. En Codeseda o día se valora en 2 1/2 rs. E en Matalobos e Toedo, só por poñer varios casos diferentes, a 2 ou 3 rs. a seco e 1 real e 14 mrs. coa comida.

Mentres que as costureiras eran as encargadas das vestimentas da muller, das mans dos xastres saía primordialmente a dos homes, aínda que parece ser que tamén se encargaban de algunha das pezas do outrora complicado enxoval feminino. Os xastres quizais tiñan tamén un traballo menos itinerante que o das costureiras, pois acostumaban ter unha especie de taller onde elaboraban as prendas, pero o que si é verdade é que tanto unhas como os outros non eran os preferidos da sabedoría popular, pois son centos os refráns, non precisamente benévolos, que se refiren a eles.

